

A sexta vaga da covid arrasa na comarca polos contactos das festas de Nadal

As que prometían ser as festas de Nadal de volta á normalidade acabaron castigadas polo desbordado crecemento da covid. Despois de ter a comarca case limpa, a situación deixou a todos os concellos con presenza do virus. Malia que comenzaron a impoñerse algunhas restricións, a situación desbordouse. O novo sistema de control de casos covid do Sergas xerou moitas críticas porque deixaba sen rexistrar moitos dos casos, como se reflectiu con datos de contención cando se está a producir unha gran expansión como consecuencia das festas de Ano Novo. **Pax. 4**

Os conflitos laborais cesan

Os traballadores de Alcoa avalaron a proposta da empresa para apagar as cubas durante dous anos e os de Vestas acatan o peche da factoría



Tras dous longos anos de protestas, manifestacións e reunións, o conflito de Alcoa chega a un momento de acordo coa aceptación dos traballadores da proposta da empresa para parar as cubas durante dous anos e retomar a actividade pasado este tempo. O acordo foi respaldado pola maioría dos empregados e permite entrar nun novo tempo polo menos durante dous anos. Tamén o comité de empresa de Vestas rendiuse e, asegurando non ter respaldo social nin político, abandona a súa loita e acata a decisión da multinacional de pechar a factoría de Viveiro. **Pax. 2 e 3**

foz. Licitadas as obras dos colectores e da nova depuradora. **Pax. 8**

burela. Miñones destaca a remodelación do cuartel da Garda Civil. **Pax. 10**

viveiro. O Concello propón de novo a suspensión da taxa de terrazas. **Pax. 12**

barreiros. A alcaldesa pide cobertura de persoal do centro de saúde. **Pax. 16**

alfoz. O Concello concedeu subvencións a diferentes entidades. **Pax. 17**

a pontenova. Campos fala dos seus proxectos para o Concello. **Pax. 18**

cervo. O polígono de Cuíña acollerá a planta de biorresíduos. **Pax. 21**

Volve o Osa do Mar de Burela



O festival está a facer unha captación de fondos. **Pax. 11**

Nova data para o Xove Costa Trail



Este ano haberá novidades importantes. **Pax. 19**

Expomar regresará no mes de maio



En marcha as Xornadas Técnicas do 2022. **Pax. 26**

Aprobado o Plan Único cun investimento de 21,5 millóns

A Deputación sacou adiante as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A propos-

ta foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e coa abstención do PP. Prevese que a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para presentar os proxectos que queren desenvolver. **Pax. 24**

REBAIXAS

12 MESES

Chama xa gratis ao
900 651 679

Fibra **1.000 Mb**
Móbil **50 GB**

30€/mes
44€/mes

30% de desconto durante 12 meses!

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

Configura o teu paquete a medida en
www.adamo.es

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 10/01/2022 ao 28/02/2022, ambos inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST1 + móbil limitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 30 €/mes, despois PVP total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de lifa incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcurrir 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,39€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Lifas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

Chega a Paz laboral á Mariña

Os traballadores de Alcoa avalaron co seu voto en asemblea a proposta da empresa para apagar as cubas durante dous anos

Alcoa comezou o día 1 de xaneiro co proceso de parada das cubas da fábrica de San Cibrao despois do acordo asinado pola empresa estadounidense, traballadores e administracións para reiniciar as actividades dentro de dous anos.

Este foi un dos puntos clave da proposta que a directiva da empresa de Alcoa presentou aos traballadores e que eles aceptaron tras unha intensa xornada de votación na que participaron 808 traballadores dos 1.063 censados da factoría cervense. O resultado foi aceptar a devandita proposta na que a multinacional se compromete a traballar con 8 subministradores de enerxía cos que xa está en contacto para acadar acordos a medio e longo prazo (PPAs), que entrarían en vigor a partir do ano 2024 e terían unha vixencia a 10 anos.

Este resultado foi comunicado polo comité de empresa despois de contar todos os votos e no que 563 foron a favor da proposta, 196 en contra, 40 en branco e 9 nulos.

No tocante á votación nas empresas contratistas, que podía exercer o seu dereito, o resultado foi ao revés, 105 votos en contra, 54 a favor, e 21 en branco.

Ademais da parada das cubas, creárase unha mesa de seguimento do acordo e dos investimentos pactados que estará formada polo comité de empresa, dous membros por sindicato, a Xunta de Galicia e o Goberno central, e que se reunirá con frecuencia mensual os seis primeiros meses e de maneira trimestral pasado medio ano.



Unha das múltiples manifestacións en apoio aos traballadores que se fixeron na Mariña

En canto aos plans para 2022 e 2023, a estadounidense ofrece garantía de facturación para as auxiliares durante os dous primeiros anos, con contratos garantidos en tres anualidades para aquelas empresas externas directamente afectadas polo cesamento temporal.

Outro dos compromisos ten que ver coa preferencia de contratación por parte de Alcoa para as empresas de subministracións e transportistas locais.

Con respecto aos investimentos previstos para os dous primeiros anos, Alcoa prevé 42 millóns de euros para transporte e carga, mudar a gas e reconstrución do forno de cocción para ánodo grande; 6 millóns de euros para un transformador novo (TRG) con axustador de tensión, deseñado para 200.000 amperios; así como a adquisición dun forno de homoxeneizado, e de barras de com-

pensación magnética, por un importe de 12 millóns.

Entre outros gastos previstos figuran outros 5 millóns de euros para a instalación de catro novas mesas de colada para a fabricación de tochos de aluminio.

Por outra banda, a empresa estadounidense comprométese a efectuar un depósito bancario por importe de 103 millóns de euros, resultado da suma dos investimentos comprometidos e custo do rearranque das instalacións, ao dispor de Aluminio Español S.L. e cuxa xestión sería compartida co comité de empresa, baixo a fiscalización das administracións.

Segundo a proposta, con carácter mensual iríanse liberando os importes xustificandos dos investimentos que se fosen executando, sempre co consentimento do comité, quedando o restante ao disposición dun

terceiro en caso de incumprimento.

Pola outra banda, os traballadores tiñan que aceptar o cesamento temporal con parada programada da actividade durante dous anos en Electrolisis e Eléctrodos a partir do 1 de xaneiro de 2022, con finalización do proceso en tres semanas.

O rearranque ao 100 %, que actualmente está no 85 %, da actividade produciríase a partir do 1 de xaneiro de 2024, cunha estimación de 6 meses para o reinicio da actividade e unha reserva de 35 millóns de euros para realizar as operacións necesarias.

Tamén seguirá a actividade en Fundición e na Planta de Alúmina, para o que a compañía facilitou o plan comercial durante estes anos, a razón de 65.000 toneladas anuais de tocho e previsión de venda de 25.000 toneladas anuais de placa de aluminio. Outro punto importante da proposta

é o compromiso de que non realizará ningún tipo de despedimento colectivo durante catro anos e ata o 31 de decembro de 2025, ademais de ver positivo un novo convenio colectivo con vixencia de seis anos.

GOBERNO. O delegado do Goberno, José Miñones, celebrou o acordo maioritario dos traballadores de Alcoa para traballar no futuro da planta de San Cibrao. José Miñones valorou así, o respaldo dado polo persoal de Alcoa á sinatura do acordo negociado coa empresa.

Deste xeito reforzou “o compromiso do Goberno co futuro de Alcoa e a comarca da Mariña. Un compromiso co emprego e a actividade industrial desta comarca lucense que sempre mantivo o Goberno”, destacou o delegado, quen agradeceu expresamente a total implicación da Ministra de Industria, Comercio e Turismo e as súas numerosas xestións para salvar os postos de traballo e a continuidade da empresa en San Cibrao. Miñones indicou que a ratificación do acordo pola plantilla de Alcoa “é a liña que nos permite seguir traballando polo futuro da Mariña” e adiantou que “desde o Goberno manterémonos atentos ao cumprimento das garantías do acordo”.

MANCOMUNIDADE. O presidente da Mancomunidade da Mariña e alcalde de Foz, Fran Cajoto, quixo expresar o seu firme apoio ás traballadoras e traballadores de Alcoa San Cibrao: “son momentos ben complicados, pero unha solución votada polos traballadores vai ser sempre a

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE
MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA ABOGADOS

**ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL,
HERENCIAS, SUCESIONES,
DONACIONES, PACTOS DE MEJORA**

PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA

AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. **982 228 606**
veiguelabogados veiguela abogados

mellor. Creo firmemente que a opción elixida é a mellor no escenario actual: hai que facer un seguimento exhaustivo para que a firma cumpra o pactado e a fábrica continúe a producir aluminio nas vindeiras décadas. A multinacional deixou mostras evidentes de que non tiña intención ningunha de vender a factoría e as administracións autonómica e central deben velar porque Alcoa cumpra os novos compromisos e se non é así que se ataña ás consecuencias". Fran Cajoto valora positivamente a vontade dos traballadores expresada co seu voto: "houbo un apoio maioritario ao si cun 70 por cento dos votos dos traballadores de Alcoa, e un 63% de votos favorables contabilizando tamén ás empresas contratistas. Hai un hastío xeneralizado cunha situación que se prolonga no tempo, as familias non poden vivir nunha incerteza permanente". O presidente da Mancomunidade continúa manifestando que "os momentos de crise son tamén de inflexión. Estamos a sufrir unha grave crise industrial e os pasos que se están tomando verán os froitos no futuro máis inmediato. O aposta pola industria na comarca pasa porque o gran motor da Mariña -Alcoa- continúe a producir, cun prezo de enerxía estable froito dos acordos con pro-

dutores de renovables: era posible tal e como se trasladaba no verán do ano 2020 e fíxose realidade, aínda que de forma maliciosa sobre a buxina. E debemos seguir presionando a Vestas para que venda a súa planta a un terceiro que si queira seguir a fabricar aerogeradores en Viveiro. E debemos esixir que a planta de fibra téxtil de Altri se instale na comarca da Mariña; e para iso fai falla compromiso político".

BNG. Os nacionalistas manifestan unha vez mais o seu apoio ás traballadoras e traballadores da fábrica e das empresas auxiliares, aos que lles tocou vivir unha situación durísima tendo que asumir a responsabilidade de decidir eles sós non só o futuro da factoría de San Cibrao, senón o futuro dunha comarca, ao ignoraren o Estado e a Xunta esta petición unánime do conxunto da sociedade. "As posturas do Psoe e do PP e dos gobernos que sustentan, desoíndo o clamor mariño pola intervención da factoría de San Cibrao son a causa desta situación de incerteza para a comarca á que unha vez mais o Estado e Xunta deixan abandonada" afirmou o deputado mariño no Parlamento de Galiza, Daniel Castro. En termos semellantes pronunciouse o responsable comarcal da

organización, Antonio Veiga, amosando a disposición do BNG para continuar no traballo e na loita diaria para reverter esta situación preocupante e de incerteza que se vén enriba do tecido económico e industrial da Mariña, "porque os dereitos e as conquistas sociais son sempre froito das mobilizacións sociais, nunca da paz social, e moito menos se esta vén auspiciada polas multinacionais, ás que nada lles importa a situación da nosa comarca e das nosas pequenas empresas, só lles importan os seus intereses", afirmou. Desde o BNG consideran que tanto o Goberno do Estado (Psoe-UP) coma o PP na Xunta foron e son os cómplices necesarios deses intereses das multinacionais, non só no caso de Alcoa senón tamén no caso de Vestas. O BNG insiste na necesidade dun Plan de Reactivación Económica para A Mariña con compromisos firmes e no que tenen que implicarse conxuntamente Goberno Central e Xunta e no que se inclúa un Plan de Inversión en Infraestruturas xerais e estratéxicas, xeradoras de emprego (transporte, autovía, vía de alta capacidade, solo industrial, medio ambiente...) e que evite o desequilibrio territorial consecuencia de anos de desigualdade que sofre A Mariña a respecto doutros territorios. .

A planta de Vestas transfórmase tralo acordo de despedimento



Unha das primeiras manifestacións de Vestas en Chavín

Os traballadores de Vestas informaron o 30 de decembro de que fixeron unha votación igual que os compañeiros de Alcoa no que de forma asemblearia e libre votaron o fin da loita, é dicir, asinaron un acordo para o seu despedimento.

"Hoxe é un día triste para a Mariña. Por unha banda Alcoa apaga as cubas despois dunha loita digna e moi longa. Polo outro, Vestas tamén viviu a súa propia xornada triste, curiosamente acabamos cunha votación igual que os compañeiros de Alcoa. Hoxe votamos de forma asemblearia e libre o fin da loita", comezou dicindo David Mariño, presidente do comité da empresa viveirense.

"O motivo é mais que obvio e moitos especulan e confabulan con dignas intrigas de películas de espías. O apoio á nosa causa é nulo a nivel institucional, desde a Xunta ata o Goberno de España apenas nos brindaron máis que unha palmadita nas costas", di David Mariño.

"Loitamos dignamente co obxectivo de atopar un comprador para Vestas Viveiro e devolver algo de traballo á Mariña pero nada... O certo é que as últimas mesas industriais mostráronnos claramente a apatía e falta de compromiso das administracións na procura de solucións e o pouco atractivo que resulta a reindustrialización da Mariña Lucense", engade o voceiro, "a nosa loita acaba porque naceu morta e isto non é culpa dos

traballadores de Vestas, é culpa dunha lexislación laboral absurdamente inxusta, que como xa vimos nas últimas noticias, apenas se disfrazou un pouco para seguir vixente".

"Visto o deprimente panorama e o pouco probable que sería gañar a nulidade xudicial do ERE, e mesmo gañandoa, no mellor dos casos conduciríanos a outro ERE en poucos días, por iso optamos por buscar unha conciliación previa ao xuízo", engadiu ao seu comunicado.

"Nun tempo moi curto, apenas dous días, presentouse e aceptábase unha conciliación económica para todos os traballadores de Vestas así como opcións de xubilación para maiores de 55 anos e unhas recolocacións no centro de Viveiro que aínda estaban sen cubrir, lembremos que Vestas ofertaba 24 prazas", dixo o presidente do comité de empresa, e engadiu "queremos agradecer o apoio mostrado a veciñanza, amigos e familiares que tanto nos apoiaron".

CENTRO LOXÍSTICO. A planta de Vestas estase a transformar nun centro loxístico dirixido a prestar servizo aos parques eólicos instalados na zona. As instalacións cambiarán a súa actividade con 24 traballadores que se anotaron á recolocación no centro, e que levarán a cabo tarefas de mantemento ou reparacións dos aerogeradores.



ALCALDES E DEPUTACIÓN. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, alcaldes e alcaidesas da Mariña, e o titular da institución provincial da Coruña, Valentín González Formoso, participaron nunha reunión coa Ministra de Industria, Reyes Maroto, e se comprometeron a estar vixiantes sobre a situación.

mejores DESCUENTOS

REBAJAS

HASTA **30%**

DESDE 5 enero

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6
Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Ind. Cruz do Lobo
Nave 10
Tels.: 982 585 709
652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954

Os traballadores e Adamo doan 11.580 euros contra a fame



Adamo e os seus traballadores queren poñer o seu granito de area para erradicar a falta de alimentos no mundo, un mal que segue sendo o principal problema de vida para centos de millóns de seres humanos e que se volve máis intenso desde a irrupción do coronavirus. Por iso, tanto a propia empresa como o persoal decidiron organizar unha campaña de captación de fondos a escala interna. O resultado: Adamo e os seus empregados recadaron 11.580 euros para doarllos a Acción contra el Hambre.

Os traballadores, de entrada, reuniron 3.860 euros en concepto de colaboracións individuais. A iso súmanse 7.720 euros máis que achega a propia compañía. É dicir, que dobra a cantidade conseguida por aqueles para alcanzar os 11.580 euros mencionados. En virtude dun convenio asinado con Acción contra a fame, o operador de telecomunicacións entrega a achega económica lograda entre todos a esta organización benéfica.

PROXECTOS SOLIDARIOS. Non é a primeira vez que a compañía se embarca en iniciativas solidarias.

Por exemplo, tras declarar o Goberno o estado de excepción pola pandemia, a empresa empezou a proporcionar fibra óptica sen custo a fogares en risco de exclusión social. Así que Adamo facilitou Internet gratuito a nenos de 580 familias sen recursos para estudar en liña durante o confinamento polo coronavirus.

Ademais, Adamo asinou en decembro a Carta Europea da Diversidade 2021 xunto a outras 33 entidades para apoiar a inclusión no ámbito laboral. Trátase dunha iniciativa da Fundación Diversidade e a CE que se realiza en 26 países comunitarios e que xa conta con máis de 12.500 organizacións comprometidas coa cultura inclusiva. A iso engádense patrocinios deportivos, talleres de prevención para promover a seguridade na internet e outros actos de carácter social. Como é coñecido, as actividades empresariais de Adamo son instalar fibra óptica -en especial, no ámbito rural-, proporcionar sinal da internet de alta velocidade e fornecer servizos de telefonía, pero crescendo dunha forma sostible, favorecendo á contorna no que se vai desenvolvendo.

A sexta vaga da covid arrasa polos contactos de Nadal

As que prometían ser as festas de Nadal de volta á normalidade acabaron castigadas polo desbordado crecemento da covid en toda a provincia. Despois de ter a comarca case limpa, a situación neste Nadal deixou a todos os concellos da contorna con presenza do virus, en maior ou menor medida. Malia que comezaron a impoñerse algunhas restricións, a situación desbordouse.

O novo sistema de control de casos xa empeza a dar os seus froitos cun descenso de casos activos e tamén cunha baixa de novos contaxios, polo que o rexistro da actuación do virus non é tan fiable e real xa que moitos dos casos, que se detectan nos fogares, non rematan nas estatísticas oficiais. Finalmente e ante as queixas, o Sergas habilitou un formulario na web para autodeclarar os casos.



De feito, foron moitas as queixas de que nos centros de saúde non se lograba comunicar por teléfono e no de atención da Xunta os operadores estaban sempre ocupados. Este novo sistema deriva dunha situación de colapso denunciada por varios colectivos, “debido á falta de médicos xa que a Xunta non ampliou a contratación de

máis médicos”.

Polo momento con este novo reconto o crecemento concello a concello ralentízase claramente. De feito, chama a atención que cando deberían estar sumándose máis positivos das festas de fin de ano, o virus nos datos oficiais tenda a remitir.

Defende a Xunta alegando a tranquilidade que dá o avance da vacinación malia que volveron os falecementos nesta vaga, aínda que nunha porcentaxe moi reducida. As novas restricións implican a existencia do certificado covid en todos os locais, o uso continuado de máscaras, redución de horarios de apertura dos locais de hostalaría ata as 0.00 horas, redución de aforos en competicións deportivas e de grupos de non convivintes. Pola contra, as cuarentenas quedan reducidas a sete días.

O Vicedo e Foz contarán con sendeiros litorais



Praia de Fomento do Vicedo

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, avanzou que o Servizo Provincial de Costas sacou a información pública dous proxectos que teñen por obxecto favorecer o disfrute de novas franxas da costa mariñán. No Concello do Vicedo, a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar sacou a información pública o proxecto que ten previsto executar para a recuperación da servidume de tránsito entre Os Castelos e a praia de Fomento e a execución dun sendeiro litoral. Ademais da creación do sendeiro peonil esta actuación inclúe a recuperación da antiga fábrica de salazón existente no contorno. Este proxecto ten un orzamento aproximado de 400.000 euros e a actuación, que permitirá rematar a conexión peonil pola costra entre a praia de Fomento e Arealonga, será

de uns 400 metros. No caso do Concello de Foz, o Ministerio acaba de sacar a información pública a adaptación do proxecto de obtención de espazos para uso público e execución de sendeiro peonil entre as praias de Peizás e A Pampillosa. Trátase da creación de un sendeiro peonil entre as dúas praias nuns terreos que xa foran expropiados con este fin. Para esta actuación prevese un investimento de un millón de euros. O proxecto consiste na creación dun sendeiro con unha lonxitude de 1.600 metros e permitirá o peche definitivo do paseo xa existente pola costa, entre a praia dos Fondás, na ría de Foz, e o interior da ría do Ouro. O Boletín Oficial do Estado publicou os dous anuncios do Servizo Provincial de Costas.

Ribadeo e Barreiros presentaron alegacións ao parque eólico Fonte Barreiros

Os Concellos de Ribadeo e Barreiros veñen de asinar as alegacións municipais ao proxecto do parque eólico Fonte Barreiros, poñendo de manifesto a falta de capacidade dos propios consistorios nunha proxección eólica que emana doutras administracións.

Tanto a alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, coma o alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez, solicitan a paralización da tramitación do parque eólico a espera dunha coordinación da planificación existente, xa que aseguran “a voracidade de empresas promotoras de proxectos eólicos supera a capacidade técnica e administrativa municipal e vémonos envoltos nun procedemento no que somos unha mínima parte con moi escasa capacidade de decisión”.

Ambos representantes municipais advirten da necesidade de coordinación entre as administracións e dunha planificación que reverta nos propios municipios, lonxe de proxectos puramente mercantís como os que se están a tramitar ante as administracións autonómica e estatal. Neste sentido, sinalan que é preciso un estudo completo de todos os proxectos que existan en Galicia, xa que do contrario non se poderá avaliar correctamente o seu impacto no territorio e nas veciñas e veciños, xa que o feito de que a tramitación se realice a nivel galego ou estatal non garante a día de hoxe a menor incidencia dos proxectos.

Belleza
SIEMPRE, EL MEJOR REGALO
ACIERTA CON LAS TARJETAS REGALO DE SKEYNDOR

ESTE SAN VALENTÍN REGALA BELLEZA

SKEYNDOR

Dermoterapia
Centro de Estética

Foz
Cita Previa:
664 527 486

Instagram Facebook WhatsApp

A Mancomunidade aprobou por unanimidade os orzamentos

O plenario da Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa aprobou por unanimidade os orzamentos de 2022 na asemblea ordinaria do pasado mércores, 15 de decembro, que se celebrou no CENIMA de Foz.

En palabras do presidente da Mancomunidade e alcalde de Foz, Fran Cajoto, “presentáronse unhas contas equilibradas, que inclúen no capítulo de ingresos unha achega comprometida pola Deputación de Lugo de corenta mil euros para o Plan de Sustentabilidade Turística, 143.608 euros aportados polos 16 concellos a razón de 2 euros por habitante –o dobre que no presente exercicio- e 550 euros doutros ingresos”.

Cajoto dixo que “con este orzamento damos cumprimento, aparte doutros gastos correntes,



O presidente da Mancomunidade

á inversión que debemos aportar ao Plan de Sustentabilidade no vindeiro exercicio. Constitúe unha verdadeira oportunidade: un plan dotado con 2,225 millóns de euros cofinanciado pola Secretaría de Estado de Turismo -1 millón de euros-, Turismo de Galicia -1 millón de euros- e a Mancomunidade, que aporta 225.000

euros, contando tamén cunha achega da Deputación de 81.000 euros”.

O presidente da Mancomunidade subliñou que “durante o primeiro trimestre do vindeiro ano 2022 comezará a rodar, cun obxectivo claro: un turismo de mellor calidade, durante todo o ano, que constitúa unha fonte de emprego estable e duradeira”.

No plenario da Mancomunidade de Concellos da Mariña tratáronse outros temas de interese como a recollida da fracción orgánica de lixo, que se está a estudar facer de forma conxunta, así como a posibilidade de acollemento a unha liña de subvención ao respecto cofinanciada polos fondos Next Generation da Unión Europea e publicada no DOG pola Consellería de Medio Ambiente.



A Plataforma Sanitaria dá voz á denuncia dun paciente de paliativos

A Plataforma Sanitaria da Mariña dá voz á denuncia pública dun paciente a cargo de paliativos desde hai máis dun mes, que nunca recibiu atención presencial no domicilio.

Así, trasladan que “un paciente fai denuncia pública a través da Plataforma Sanitaria da Mariña pola desaparición, na maior parte dos concellos da Mariña, da atención presencial que ata hai algo máis de seis meses viña dando o servizo de paliativos/ HADO dependente do Hospital da Mariña”.

O paciente “padece unha aplasia medular desde hai anos, seguida polo servizo de Hematoloxía, máis ante o franco empeoramento da mesma é derivado ao servizo de Coidados Paliativos hai algo máis dun mes. Malia que gran parte da actividade destes servizos desenvólvese nos domicilios dos pacientes, desde hai máis de seis meses e debido á falta de cobertura dxs profesionais do servizo, a xerencia determinou que so tres ou catro concellos foran receptores deste servizo”.

Desde o primeiro momento, tanto o paciente como a súa familia, quixeron deixar constancia do bo trato que “lle brindaron as e os traballa-

dores do servizo, e saben da enorme carga de traballo que teñen, ás veces dobre ou triple da que lle corresponde, máis eso non xustifica que aos pacientes se lles negue a asistencia que deberían ter nos seus fogares, cargándolle ese traballo ao seu centro de saúde, abondo saturados tamén”, comentan na Plataforma.

A esposa e coidadora principal do paciente explica que toda a atención que recibiu foi telefónica, e por iste motivo sintense agraviados respecto a outros pacientes que perciben a atención propia do seu padecemento. Comenta tamén que no seu caso “a gran responsabilidade e implicación familiar, axuda moitas veces incluso aos profesionais de primaria, en quen se descargou a responsabilidade da atención presencial”. Este foi o motivo de que pedisen axuda á Plataforma, que rexistra a correspondente reclamación o día 13 de decembro, con número de entrada 2788.

Desde a Plataforma “esiximos ao Sergas que se substitúa o persoal ata chegar á dotación inicial todos os días, para poder retomar a atención presencial na totalidade dos concellos do distrito”.

O GDR e A Sucadoira desenvolven un proxecto sobre produtos locais

Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, impulsou a colaboración entre o Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Miranda e a asociación A Sucadoira para levar a cabo diferentes accións dirixidas á posta en valor dos produtos da horta e o recoñecemento dos produtores locais.

Así, esta colaboración materializouse nun proxecto piloto xestionado polo propio grupo de desenvolvemento local que conta cun orzamento de case 5.000 euros para a posta en marcha de accións de sensibiliza-

ción, promoción e difusión dos produtores locais de horta, co fin último de reforzar a súa situación dentro do sector primario da zona.

Neste senso, estase a realizar un estudo e análise sobre a produción que mobiliza dita asociación indicando os produtores e as súas tipoloxías, a produción total anual, a clasificación por produtos e os excedentes dispoñibles, entre outros datos. Ademais, tamén se analizará a identificación de posibles beneficiarios e as súas necesidades en canto ao subministro e distribución en mercados lo-

cais, centros educativos e sociais, ou colectivos vulnerables de Ribadeo.

Seguidamente, levaranse a cabo seminarios e xornadas de sensibilización, obradoiros de cociña e recreacións de mercados con produtos de proximidade, poñendo de manifesto a importancia do etiquetado, a orixe e a trazabilidade dos produtos, ademais do coñecemento dos procesos de produción, distribución, comercialización e envasado. Así mesmo, durante estas xornadas informarase dos beneficios que teñen para a saúde o consumo de produtos naturais.

“Hai que ter un sistema de produción local en condicións”

Isabel Vilalba renovou como secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

Falamos con Isabel Vilalba Seivane, relexida ata 2024 secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, e na que carga contra a aprobación da nova lei estatal de cadea alimentaria.

Foi reelegida novamente como secretaria xeral do SLG. Como recibe esta renovación?

É unha honra traballar nun colectivo no que cres e que sintes o apoio da xente. Levo nel dende o 2012. Afronto esta renovación nun contexto de moita preocupación e con moitos retos e moi importantes, como a ameaza das subas de custos ou do cambio climático, que parece que está moi lonxe pero non. De feito xente que estaba no congreso que fixemos, como produtores e agricultores dixeron que están a notar un incremento nas pragas que antes non había, danos meteorolóxicos moi fortes que as veces levaban as colleitas enteiras, entón temos retos moi importantes.

Como se atopa o agro galego?

É un momento de moita preocupación para os sectores gandeiros e agrarios cos que traballamos porque en xeral hai una suba moi importante de custos de produción e una ameaza de que neste novo ano que vén eses custos como electricidade, alimentación, combustibles, fertilizantes, etc. van continuar nunha tendencia de subida.

Paralelamente temos uns prezos que se manteñen á baixa ou con mínimas variacións e isto coloca ao sector nunha grave tensión e nun grave momento de dificultade. Este é o marco actual, un marco de preocupación, de como se porán as medidas que nestes momentos necesita o sector.

Contan con alianzas de traballo?

Cremos moito nas alianzas porque parécenos que necesitamos de todo o tecido social e tamén do mundo urbano para apoiar as reivindicacións que nos defendemos. Neste sentido tivemos una ampla participación na última reunión e na que comentamos os nosos grandes parámetros de traballo.

Cal é un dos obxectivos máis importantes do SLG?

O primeiro é a renda digna para as persoas produtoras. As persoas produtoras necesitan rendas dignas e o modelo de produción ten que ir encamiñado para producir alimentos saudables para o conxunto da sociedade, non so un modelo que produza produtos ecolóxicos e de alta calidade para unha elite. Por outra banda parécenos unha gran

irresponsabilidade seguir destruindo aquí alimentos e pensar que despois veñan dende miles de quilómetros sobre todo co escenario que estamos vendo.

Outro punto é que nos enganamos se pensamos que somos alleos a esta tendencia global que hai de encarecemento, por exemplo nos combustibles fósiles xa que todo nos está a indicar que nun futuro serán máis caros ou menos dispoñible se moito do noso sistema de produción e alimentario tanto para os animais como para as persoas veñen de moitos quilómetros ou doutra parte do mundo.

Por iso cremos que hai que cambiar o modelo para facelo moito máis autónomo e que non poña en perigo á sociedade no sentido de que nun momento dado os alimentos non cheguen ou se o fan serán carísimos, e non falo so dos humanos senón tamén para os animais.

E coa nova Lei da cadea alimentaria?

O Ministerio de Agricultura aprobou unha modificación da e nos seguimos pensando que lle faltan ferramentas para que sexa real. É dicir, se esa Lei pon que está prohibido vender por debaixo dos custos non deixa de ser un titular se non se poñen as ferramentas como os índices oficiais de custos de produción ou un sistema de mediación de contratos para que as condicións e os prezos non sexan abusivos. Hoxe se a xente está recibindo prezos abusivos nas súas granxas non hai ningún sistema legal de mediación que actúe para rematar con ese abuso ou resarcilo. Isto é unha preocupación importante e pensamos que a Xunta e o Ministerio non poden seguir botando balóns fóra.

Tamén falan dos alimentos saudables, non?

Outro dos nosos obxectivos está en ter un sistema de produción de alimentos saudables que cheguen a totalidade da poboación, e que eses alimentos se produzan aquí de maneira principal e que detrás haxa unas condicións boas de vida para as persoas produtoras e tamén que esta actividade sexa coidadosa co medio, que coide a paisaxe, que faga que a terra estea viva e sen contaminación e que poidamos transmitila as vindeiras xeracións.

Entendo que apoian e valoran o comercio local.

Nos pensamos que unha vía moi importante é que as persoas produtoras poidan chegar o máis directamente posible aos consumidores,

por iso a venda directa nos mercados ou a venda pública son maneiras para que poidan desenvolver esa parte. Así na venda pública poderían estar os seus produtos nos hospitais e nos comedores escolares que son vías de apoio importantes. Pero tamén necesitamos un cambio no marco pois moitas normas hixiénico sanitarias están feitas a medida das grandes industrias. Por exemplo, ti se produces polo en ecolóxico ti non tes salas de despece ou matadoiros que che permitan comercializar eses polos directamente aos consumidores. Por iso necesitamos un marco como a que hai noutros países para que eses produtos de alta calidade se poidan comercializar e que ese marco este adaptado aos pequenos produtores.



Polo tanto falta vontade política?

Claro, hoxe por hoxe vemos en todo o territorio proxectos moi interesantes de producións e de produtos de moi boa calidade, pero se as políticas van totalmente na dirección contraria de pouco serve esa axuda... Por exemplo no caso da mocidade, a xente nova que se instala no rural ten unha burocracia increíble. Coñezo un caso en Lourenzá dun proxecto de horta moi ben feito e moi sólido no que estaban unhas persoas moi traballadoras, pois negáronlles a axuda de incorporación porque tiñan unha factura cuns ingresos mínimos de agrarios. E despois cando se dirixiron a oficina pertinente para falar con eles e poder solucionar ese problema mareáronlles dunha oficina a outra, e así foi que abandonaron o proxecto. E isto é o que non pode ser.

Entón necesítanse máis axudas?



Por suposto. A realidade é que non hai un programa de axuda á vivenda no rural e tal é así que fomos perdendo o 40% da superficie agrícola útil nos últimos 40 anos. Pero non hai un programa para axudar á xente a instalarse e facilitarlle tamén o acceso á terra ademais de atoparse con dificultades para vender os seus produtos, etc.

A PAC basease en dereitos históricos, pero á xente nova ou non recibe pagos ou nunha cantidade moi pequena ou moito menor que a media do seu sector. Así temos un balance tremendamente negativo onde desaparecen moitas máis granxas e son mínimas as incorporacións de xente que colla o relevo.

Outro dos temas principais son os eólicos, porque prexudican tanto ao agro?

Nós pensamos que é unha gran eiva ter tan pouca superficie agrícola útil, neste momento pouco pasamos do 20% cando en moitos países europeos xa pasan do 50%. Pero hai un problema importantísimo que é como afecta á xente pois están poñendo aeroxeradores de 200 metros moi preto das vivendas.

Como é posible?

Porque traballan cunha normativa dos anos 90 onde os aeroxeradores eran de 50 ou 70 metros e están a aplicar a mesma normativa pero con estes muíños eólicos que triplican esa altura.

Ademais son un lastre paisaxístico e ambiental, non?

Si, afectan ao valor paisaxístico, ao turismo que busca tranquilidade, aos bens inmobles, aos veciños, etc, necesitamos outro modelo enerxético que non destrúa todo. Hai moitos proxectos é non se están a facer uns análises reais de calidade do seu impacto ambiental.

Cal é o problema do modelo enerxético eólico?

Este modelo enerxético é totalmen-

te demencial, é dicir, nos temos máis potencia eólica instalada que consumo pero preténdese evacuar grandes cantidades desa enerxía e está en mans de empresas que nada teñen que ver co territorio. Aquí quedan os impactos pero non os beneficios e enchen o noso territorio de liñas de alta tensión.

Que leva implícito o lema Más labregas, mellores alimentos. A vida das persoas e do planeta no centro?

Este lema é unha das cuestións que sempre tivemos moi presentes. Está claro que a xente necesita alimentarse pero é importante tamén saber que tipo de alimentos lles chegan, se son alimentos de agriculturas totalmente industrializadas con gran cantidade de pesticidas, de antibióticos na cría de animais, con macro ceba-deiros, con grandes impactos sobre a terra e a auga? Ou son alimentos feitos por un modelo sostible e coidadoso co medio e coa saúde das persoas e do planeta? Hai que ser moi conscientes xa que hoxe en día hai miles de mortes na Unión Europea por resistencias a antibióticos porque na cría industrial de animais úsanse dunha maneira moi importante e se os estamos inxerindo de maneira continuada fará que cada vez teñamos bacterias multiresistentes. Isto é un exemplo pero podería falar dos residuos de pesticidas ou de outras moitas cuestións que afectan á saúde. Entón eu creo que é moi importante pensar que a saúde ten unha relación directa coa alimentación e para iso ten que haber moitas persoas que non usen materias primas que acaben sendo prexudiciais para a saúde.

Por iso nos insistimos no lema pois o que nos venderon sempre foi que canta máis poboación agrícola desaparecera máis moderna era a sociedade, e eu creo que iso é unha equivocación, porque tamén ten que ver con ter menos emprego, menos riquezas rurais, peor calidade dos alimentos e modelos máis agresivos para o medio ambiente.

Deputación e Correos únense para levar o servizo ao rural

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Sociedad Estatal de Correos e Telégrafos, Juan Manuel Serrano Quintana, asinaron un protocolo entre a institución provincial e esta entidade para impulsar novos proxectos que favorezan a cohesión territorial da provincia e axuden a loitar contra a despoboación ao facilitarlles que poidan realizar xestións independentemente de onde vivan.

O obxectivo é garantir o acceso aos servizos públicos básicos á poboación rural e de zonas con poucos habitantes nas mesmas condicións que o resto de persoas que viven nas áreas urbanas. A Deputación e Correos traballarán en proxectos que aproveiten a presenza territorial da compañía, que conta con 24 oficinas na provincia, 46 puntos de atención rural e máis de 200 carteiros e car-



teiras rurais que percorren a diario parroquias e aldeas lucenses.

Este acordo tamén servirá para que naquelas localidades onde as entidades bancarias non teñan oficina, se fixen caixeiros en Correos ou se amplíen os servizos que prestan os carteiros rurais de Lugo a domicilio, como pode ser a entrega de diñeiro en efectivo co servizo Correos Cash. Este compromiso entre a Deputa-

ción e Correos inclúe, ademais, o impulso da plataforma de venda online Correos Market coa finalidade de que os produtores locais radicados na provincia de Lugo dispoñan dunha nova canle de venda e poidan enviar os seus produtos a calquera punto de territorio. A día de hoxe son 14 os produtores da provincia que distribúen a través desta plataforma.

As comarcas manifestáronse contra os novos parques eólicos

Galicia mobilizouse a prol das montañas e do rural galego e en contra da “actual invasión eólica que ameaza o noso territorio”. Mais de 5000 persoas participaron nas 22 mobilizacións convocadas en toda Galicia pola coordinadora Eólica Así Non para este Día mundial das Montañas co gallo de reivindicar diante das administracións públicas a preservación destes ecosistemas fronte a actual vaga eólica, baixo o lema Na defensa das montañas. Eólica Así Non. Como xa acontecera o pasado 5 de xuño na Praza do Obardiro de Santiago de Compostela, a resposta da sociedade galega foi contundente. A multitude congregada desta volta en diferentes localidades do país volveu reclamar á Xunta a paralización urxente, real e efectiva dos case 300 parques eólicos que se atopan actualmente en tramitación e que se prevén instalar. Máis de 170 en-



Concentración en Foz contra os eólicos

tidades que fan parte da coordinadora, entre colectivos e plataformas veciñais, de afectados/as, ecoloxistas, culturais, sociais ou políticas, rexeitan a “falaz e inútil moratoria anunciada polo goberno de Feijóo, por non ter ningún efecto sobre os actuais proxectos en tramitación e que só pretende confundir a opinión pública e desmobilizar a sociedade.

Porén, o goberno da Xunta non conseguiu desmotivarnos. Agora máis que nunca reivindicamos a derogación do desfasado Plan eólico de Galicia e das leis de depredación da Xunta de cara a deseñar unha nova planificación eólica, participada pola sociedade galega, xusta coas persoas e respectuosa co rural e co medio ambiente galego”.

Tomé rexistra a súa candidatura para liderar o PSdeG na provincia



Anuncio de Tomé ante o PSOE para liderar o grupo provincial

José Tomé Roca, alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Deputación de Lugo, rexistrou na tarde deste mércores a súa candidatura ás primarias á Secretaría Xeral do PSdeG na provincia de Lugo. Tal e como avanzou o pasado luns nunha rolda de prensa na cidade do Cabe, Tomé Roca formalizou a súa participación no proceso no primeiro día de prazo para facelo segundo o calendario aprobado polo Comité Provincial. O rexedor monfortino e presidente provincial subliñou que dá o paso coa vontade de poñer o servizo do Partido Socialista no conxunto da provincia “toda a miña experiencia política, tanto orgánica como institucional, e toda a capacidade de traballo, de organización, de propostas e de dinamismo” que está demostrando no Concello e na Deputación, para, como fixo en Monforte, levar á organización “ás máximas cotas de apoio electoral e de representación institucional, porque iso será bo e iralle mellor á provincia de Lugo”.

Para elo propón “unha estrutura orgánica, un modelo de funcionamento e un proxecto político que consolide e que mellore os resultados do Partido Socialista que hoxe temos na provincia de Lugo, de cara ás próximas eleccións municipais”, e que “toda esta forza

municipalista sirva de palanca de impulso para contribuír e ser determinantes para lograr o cambio na Xunta de Galicia en 2024, porque, despois doutra etapa de 16 anos do Partido Popular á fronte da Xunta, Galicia necesita dun Goberno liderado polo Partido Socialista”. “Lugo foi determinante nas primarias do Partido Socialista de Galicia e quero que tamén sexamos determinantes na próximas eleccións autonómicas e estatais”, engadiu.

“Quero un partido que mire para o futuro e para os lucenses. Un partido forte, unido, integrador, que garanta o intercambio de ideas e de comunicación entre a militancia, dándolles participación ós alcaldes e alcaldesas e Voceiros e Voceiras na súa labor diaria”, asegurou Tomé.

En canto ós obxectivos, propón catro liñas de traballo: “ensanchar as bases do partido; ofrecer asesoramento técnico e político, apoio e formación; fomentar a participación para que o partido funcione como unha canle de comunicación permanentemente aberta; e máis coordinación e difusión das mensaxes para darlles maior repercusión e que cheguen a máis xente, porque a comunicación interna é unha ferramenta que fai mellorar calquera organización”, explicou.

VEN A REPOSTAR A Ortegal Oil

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

www.ortegaloli.es

Ortegaloli

881 93 18 56

Escanea y visita nuestras estaciones

A biblioteca pública amplía o seu horario

A biblioteca pública municipal Salgado Toimil, de Foz, amplía o seu horario, desde o pasado mes de decembro.

A tenente de alcalde e concelleira de Cultura en Foz, Inés López Couto, explica que “a biblioteca manterá abertas as súas portas en horario de mañás de luns a venres de 8.30 a 14.20 horas e en horario de tardes de luns a xoves de 15 a 20 horas. Isto resulta posible grazas a que o Concello vén de cubrir unha baixa no persoal adscrito á biblioteca a través da bolsa de emprego. O servizo de biblioteca en horario de tardes é moi demandado, tanto por aqueles que non poden acudir ao servizo de préstamo polas mañás -entre os que están todas as nenas e nenos, en xornada lectiva- como polos estudantes de oposicións ou carreiras universitarias. Estamos traballando para continuar mellorando o servizo, pero polo momento as tardes dos venres a biblioteca permanecerá pechada porque na actualidade, polos protocolos COVID establecidos, a Casa da Cultura está ocupada os venres á tarde polas actividades da Escola Municipal de Música Arcadio Mon”.

Licitadas as obras da nova depuradora e dos colectores

Xa está anunciado o proceso de licitación por máis de 12,2 millóns de euros das obras dos colectores e da nova depuradora de Foz, que permitirá triplicar a poboación servida e multiplicará por 9 a capacidade de tratamento actual.

Tal e como explicou, trátase de acabar coas deficiencias no funcionamento do sistema de saneamento que non ten a capacidade necesaria para acadar os obxectivos de vertido de calidade na auga tratada, principalmente no verán, cando a chegada de turistas incrementa significativamente a poboación.

Concretou que o obxectivo da Xunta é adxudicar o contrato a mediados de 2022 e poder iniciar as obras contra finais de ano, xa que o prazo de execución é de 33 meses: os 3 primeiros para redactar o proxecto construtivo; 18 meses para a execución das obras; e 12 meses para a posta en marcha da nova depuradora. As empresas interesadas en realizar os traballos teñen de prazo ata o 26 de xaneiro para presentar as súas



Presentación da licitación das obras

ofertas.

Precisou que a nova depuradora situarase nun novo emprazamento, en Caldouceiro, terá un caudal máximo de 700 m³/hora e capacidade para atender 22.342 habitantes: con 2 liñas de desbaste, desareado-desengrasado, tratamento biolóxico por ultravioleta e liña de lodos.

O bombeo de cabeceira realizarase na avenida de Viveiro, onde chega o

colector por gravidade que conduce as augas residuais desde o tanque de tormentas e o bombeo de Llas. A impulsión chegará ao punto alto, polo que non son necesarios bombeos intermedios.

Construirase tamén un novo tanque de tormentas, situado no punto baixo da conca principal, ao lado da actual depuradoramantenerase a rede de colectores por gravidade.

A UNED local organiza unha exposición sobre a emerxencia climática

A UNED organiza unha exposición sobre a emerxencia climática, que está aberta ao público no Cenima de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ata o 17 de xaneiro.

Os organizadores da mostra explican que “a exposición Emerxencia climática: feitos e datos, enfocada desde a educación ambiental e baseándose en información científica contrastada, pretende proporcionar os fundamentos básicos que argumentan a crise climática que vivimos. Preséntase como un percorrido secuencial, pero tamén pode facerse un achegamento á exposición tendo en conta catro grandes bloques de contidos diferenciados: bases de coñecemento climático; desde o global até pisar o noso territorio; motivos para a esperanza, proposta de acción; e estratexias, alianzas e actores para a emerxencia climática.

A coordinadora da Aula Universitaria de Foz, María Fuensanta Otero, di que “a educación ambiental debe converterse nunha base privilexiada para elaborar un novo estilo de vida”.



CONCERTO DE ANO NOVO. A Banda de Música de Foz ofreceu o pasado día 20 de decembro un concerto na Sala Bahía para conmemorar a entrada do novo ano. Contou con numeroso público e as visitas sorpresa de Papá Noel, o Apalpador e os tres Reis Magos de Oriente.

Piden reparacións no campo da Cabana

O portavoz popular, Javier Castiñeira, demanda a reparación dos “deteriorados e case inutilizables” vestiarios do Campo da Cabana.

“A falta de mantemento das infraestruturas acorta a súa vida útil, crea dificultades aos usuarios e dá mala imaxe das poboacións”, di Castiñeira, “o Partido Popular de Foz denuncia o pésimo e lamentable estado de mantemento dos vestiarios do Campo da Cabana. Hai poucos días, celebrouse nesas instalacións unha nova edición da Run Foz Run Nadal, organizada polo Club de Atletismo Ría de Foz, na que participaron uns 350 at-



letas e moita xente que quixo despedir así o ano, nun evento deportivo xa consolidado no municipio”.

Os populares lamentan “a malísima



imaxe que deu novamente o Concello de Foz, debido o estado dos vestiarios: están sucios, cheos de humidades e moi perigosos”.

MENÚ DIARIO
MENÚS ESPECIALES
PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

Remata o asfaltado de vías en Cangas, Nois e Vilaronte

O Concello remata as obras de asfaltado de camiños nas parroquias de Cangas, Nois e Vilaronte por un importe de case 22.000 euros, dentro do plan denominado Conecta Rural. O alcalde, Fran Cajoto, anunciou que “o Concello, dentro do plan Conecta Rural, vén de asfaltar con fondos propios distintos camiños de titularidade municipal. Procedeuse á limpeza de marxes, perfilado dos camiños existentes, extensión dunha capa de pedra macadam onde era necesario e un dobre rego asfáltico, por un importe de case 22.000 euros”.

O rexedor municipal explicou: “trátase de camiños que estaban en zorra ou terra e que dan acceso a vivendas habitadas. Pouco a pouco vamos completando o afirmado neses viais públicos que non estaban asfaltados, como ocorría no barrio



Asfaltado en Cangas, Vilaronte e Nois

de Brea, en Nois, algo inconcibible no ano 2021. Temos aínda incluso algúns exemplos no casco urbano de Foz e imos seguir traballando para que todos os veciños teñan un acceso digno á súa vivenda”.

Os viais asfaltados neste contrato están situados na parroquia de Cangas (camiño do Muíño, en Alemparte), Nois (entre Cabanas e Demoroi e en Trasmonte) e en Vilaronte (zonas de Escanlar, Mañente e A Espiñeira).

Continúan as obras na aula de seguridade vial e na fonte da Ribela

O Concello de Foz segue inmerso nas obras de mellora do municipio así o comunicou o alcalde, Fran Cajoto, “segue en marcha a construción da ampliación da aula de seguridade vial para a Asociación de Discapacitados Virxe do Carme no porto”.

Este novo espazo servirá para que a devandita asociación focega conte con mellores instalacións para a labor social que fan. Esta construción da edificación anexa á Aula de Seguridade Vial está financiada con fondos propios do Concello de Foz e foi adxudicada por un importe de 58.834,39 euros.

Recentemente tamén se puxo en va-

lor a fonte de Ribela en Cangas dentro do plan de recuperación de fontes que se iniciou dende a Alcaldía. Por outra banda, continúan os traballos de asfaltado e acondicionamento das estradas municipais e nesta ocasión foi o aglomerado no camiño de Trasmonte en Nois e o desbroce en Cangas, así como a preparación da explanada na nave de Fazouro para o estacionamento de camiións. Ademais, o Concello publicou a licitación da urbanización da rúa Costa do Castro, a subida ao cemiterio. O alcalde, Fran Cajoto, destaca que “é unha obra moi necesaria para un pobo en crecemento e para o que o

gobierno municipal segue traballando para conseguir o maior número de investimentos”.

O rexedor explica que “o estado desta rúa, con bloques de vivendas e sen unha senda segura para o acceso peonil ao cemiterio, é intolerable. Iremos converter un camiño urbano nunha rúa ben definida, con beirarrúas de máis de 2 metros de anchura, con novo alumbeado público e cos servizos renovados. Esta licitación sae a contratación por un importe de 569.649,40 euros, dos que o 80 por cento son financiados pola Deputación de Lugo e o 20% restante é con cargo a fondos propios municipais”.

O Cenima conta cunha pantalla para visualizar fotografías antigas

O Concello de Foz vén de poñer en marcha unha nova aplicación no CENIMA (Centro de Interpretación da Mariña), que se une ás xa existentes, como a de realidade aumentada patrimonial ou de recreación histórica. Denomínase O paso do tempo con intelixencia artificial, unha pantalla na que se poden visualizar as fotos que estiveron expostas no CENIMA antes da creación da Oficina Virtual de Turismo e onde se reviven momentos do pasado a través de escenas cotiás e os ambientes de Foz en décadas pasadas, anuncia o concelleiro de Turismo Chema Linares.

O edil explica que “esta aplicación foi realizada por Ilux Virtual Tegno-

logy, a mesma empresa que fixo o proxecto de A Mariña Virtual e que se encarga do mantemento e asistencia técnica en todas as aplicacións. Tratamos así de recuperar, conservar e preservar o noso patrimonio inmaterial, onde podemos ver imaxes do noso pobo, da nosa xente, que foron melloradas grazas a procesos baseados en intelixencia artificial e redes neuronais”.

Chema Linares engade que “esta actuación estamos seguros que vai gustar a todos os veciños, aos que animamos a visitar A Mariña Virtual e súas aplicacións. E únese a outras previstas, como a reparación e mellora das fotos expostas enfronte da Casa da Xuventude”.



Arriba, aula de Seguridade Vial, e a fonte da Ribela

**HOMBRE
MUJER
NIÑOS**
Servicio a domicilio
Horario mañanas:
9:30 a 13:30
Tardes: 16:00 a 20:00
Tel.: 663 536 651
C/ Federico García
Lorca, 2 Foz

AISHA
DESDE 2021

**PELUQUERIA
BARBERSHOP**

HY MULTITIENDA
HORARIO
09:30 - 21:30

**Avenida Álvaro
Cunheiro 50, Foz**

Adiado o espectáculo 'El Regreso de Scar' para o 7 de maio

A xira de *El Regreso de Scar*, musical tributo *El rey león 2*, queda suspendida polo positivo en covid-19 de dous integrantes do Ballet Internacional de Senegal”.

No caso de Burela é un aprazamento e xa contan con nova data que será o sábado 7 de maio. Nos próximas días a plataforma woutick poñerá en contacto vía e-mail coas persoas que xa tiñan comprada a entrada para preguntar a opción que mellor comveña: a devolución do importe dá entrada a través da mesma canle que foi adquirida ou conservar dita entrada para a nova data.

El Regreso de Scar, é unha visión totalmente innovadora tanto pola proposta de guiño como pola posta en escena. A primeira delas relata como unha tribo africana revive a Scar buscando o seu rei e este cóntalle a historia de Simba desde un punto de vista moi distinto ao que se coñece. Doutra banda a presenza en escena do Ballet Internacional de Senegal é totalmente sorprendente, con bailes autóctonos de África, incluíndo percusión en directo e vestuario realizado no propio continente da Sabana. As cancións dos viláns, as máis famosas da película e algunha do musical de Broadway reúnen nun espectáculo único no seu xénero.

Investirán na remodelación do cuartel da Garda Civil 7,7 millóns

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, anunciou o investimento de 7.724.640 euros para a remodelación exterior e interior do cuartel da Garda Civil de Burela, para mellorar a súa eficiencia enerxética, gañar en calidade habitacional e convertilo nun cuartel enerxeticamente sostible. Explicou que esta actuación amosa a aposta do Goberno pola mellora dús servizos públicos, pola seguridade da veciñanza e pola transición ecolóxica “ nunha recuperación xusta e igualitaria en todo ou territorio, incluída a comarca”.

O delegado desprazouse a Burela onde puido coñecer as instalacións do cuartel, que datan dous anos 90 e non que traballan 78 efectivos.

MELLORAS. No cuartel de Burela, sobre unha superficie de 15.200 m2, mellorárase ou aillamento exterior, tanto das paredes como da cuberta así como as fiestras. Tamén se mellorará a iluminación interior. Por último, prevese a instalación de paneis solares para o abastecemento de enerxía. “Con todo isto aforraremos como mínimo ou 30% do total da enerxía do edificio e reduciremos ou consumo da enerxía tradicional



O proxecto forma parte dun conxunto de actuacións do Goberno Central

e emisións de CO2”, engadiu o delegado. A actuación estará rematada en 24 meses.

O proxecto do cuartel de Burela forma parte do conxunto de actuacións que impulsará o Goberno Central en 16 equipamentos do Ministerio do Interior en Galicia co obxectivo de promover ou aforro e a eficiencia enerxética. O investimento, de 21 millóns de euros, procede dous fondos do do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto do Plan de Transición Enerxética da Administración Xeral do Estado. O listaxe de actuacións foi acordado entre vos Ministerios

para a Transición Ecolóxica e ou do Interior.

José Miñones lembrou que “a transición enerxética é un compromiso prioritario deste Goberno, que debe chegar a todos vos ámbitos, e unha esixencia para garantir o futuro das xeracións que nos sucederán”. E explicou que, na provincia de Lugo, o Goberno mellorará tamén as instalacións da Garda Civil en Xove (900.000 euros) e Monforte de Lemos (2,4 millóns de euros), ademais de Burela. Ou investimento nesta provincia supera vos 11 millóns de euros, máis da metade do destinado ao conxunto de Galicia.

Acia Burela entregou dous vales dunha viaxe para 3 persoas a Disneyland París

Acia Burela fixo entrega do vale por unha viaxe para tres persoas a Disneyland París. Esta viaxe foi o resultado do sorteo de Nadal da campaña Vive un conto de Nadal.

O número 13.180 foi conseguido na tenda Alain Afflelou e a agasallada foi Cristina Trigo.

O colectivo fixo entrega tamén do segundo vale por unha viaxe para tres persoas a Disneyland París, correspondente ao número 51.427. Como números de reserva saíron o 60.230, o 59.542, o 51.890 e o 51.710.

Os clientes coas rifas cos mencionados números deberán poñerse en contacto a través deste mail ou no teléfono 652 580 502, ata o venres 14 de xaneiro. Irá descartando reservas por orde de número. No caso de que o venres 14 de xaneiro non aparecese ningún dos números, o premio quedará deserto.

A Asociación de Comerciantes, Industria e Autónomos de Burela celebrou unha gran campaña de Nadal que contou con diversas actividades para todas as idades. Comezando co alumado das luces de Nadal na Praciña do Concello, o concurso de selfies, ou o concurso de escaparatés e a viaxe a Disneyland París.

A biblioteca pública fallou o Certame de Postais de Nadal

A biblioteca pública municipal de Burela acaba de fallar o Certame de Postais de Nadal, os premios serán entregados en vindeiras datas na Sala de Arte da Casa da Cultura. A exposición de todas as postais presentadas ao Certame pode visitarse en horario, de luns a venres, de 11 a 13 horas, e de 18 a 20 horas, ata o vindeiro 21 de xaneiro na Sala de Arte da Casa da Cultura. Os gañadores na categoría de Educación Infantil foron Aldara Niñez Gómez de 4 anos e do Ceip Vista Alegre, Leo Álvarez Pernas de 3 anos e Martina Masada García de 5 anos, ambos do Ceip Virxe do Carme.

En 1º e 2º de Primaria os agasalla-



dos foron Pedro Cociña Lestao de 6 anos, Bella Valentina Quiroz Human de 7 anos e María Quintana Sanjurjo de 7 anos, os tres do Ceip Virxe do Carme.

Xa en 3º e 4º de Primaria o primeiro premio recaeu en Irene García Hermida de 9 anos, o segundo en Ángela Díaz López de 9 anos e o terceiro en Clara Vázquez de 8 anos. Os tres rapaces pertencen ao Ceip Virxe do Carme.

Na categoría de 5º e 6º de Primaria os premios foron para Alejandro Espino Quispe de 10 anos, Nerea Fernández Lorrea de 11 anos e Alejandra Rodríguez Pernas de 11 anos, ámbolos tres do Ceip Virxe do Carme.



Detecta as partículas que poden ser nocivas

A escola de música conta cun medidor da calidade do aire

En Burela acaba de entrar en funcionamento unha estación medidora da calidade do aire, que foi instalada no centro da localidade, no patio da escola de música. O alcalde, Alfredo Llano, subliña que é importante desde o punto de vista medio ambiental e sinala que tamén se usará para divulgación nos centros educativos. Hoxe esa estación indica que a calidade do aire en Burela é moi boa. Foi instalada por Alcoa de acordo co Concello. O alcalde de Burela sinala que “os datos que recolle esta estación

vanse enviar á Xunta de Galicia para que sexa coñecedora deles tamén. E ademais eu quero darlle un contido educativo, para que poida ser aproveitada para coñecemento e divulgación nos colexios e nos institutos; pódese facer algunha visita ou charlas nos propios centros para explicar como funciona esta estación”.

Llano engade: “colocouse no centro do pobo, nun lugar que normalmente debe ser un bo indicador do aire que está circulando polo noso concello”

CURSO 2021/2022
Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso
...where English is fun!

SCAN ME

982 103 377
605 738 247

www.docklandsacademy.es

O Osa do Mar fai un 'crowdfunding' para organizar a oitava edición

O Osa do Mar de Burela anunciou que están a facer unha captación de fondos para poder organizar a vindeira edición do festival burelao.

"Pensamos en facer o Osa do Mar 2022 no metaverso e con hologramas para axustar o presuposto pero ao final decidimos intentar facer un festival dos de contacto. E para iso necesitamos da vosa axuda", dixeron dende a organización.

O obxectivo de esta campaña é xuntar entre todas e todos 3.000€ que se destinarán a pagar parte das bandas que tocarán en esta edición. "Recurrimos a esta campaña de captación de fondos vendendo por adiantado a entrada, camiseta e bolso para poder contar con uns fondos por adiantado que xa precisamos", engadiron.

Así, para participar na creación da oitava edición do festival existen tres tipos de achegas, a primeira, un Bono para os 2 días do Osa do Mar 2022, que consiste na entrada ao recinto os días do



festival.

A segunda achega será a da camiseta do Osa do Mar, e o terceiro, un bolso de tela parecido aos que se fixeron en edicións anteriores.

"Elixo o pack que mellor se adapte a ti", din dende Osa do Mar, "tamén temos unha moi boa oferta, o pack Duosa, para as parexas ou amigos que queiran mercar ao mesmo tempo".

Así mesmo, xa está confirmada a data do festival para este ano e será a fin de semana do 2 e 3 de setembro en Burela.



Envían roupa e xoguetes doados para Cabo Verde

Partiron en furgoneta rumbo a Vigo os xoguetes e a roupa que desde Burela se envía ás nenas e aos nenos de Cabo Verde. Desde o peirao vigués nun contedor a mercancía viaxará en barco ata o Porto de Mindelo, na Illa de Sao Vicente.

A campaña de recollida de xoguetes foi organizada pola Fundación Expomar e pola Concellería de Inmigración, Cooperación e Integración.

A edil Noelia M^a Ben agradeceu unha vez máis a colaboración "aos coles, ás garderías, á Fundación Expomar, onde fixemos

a recollida máis no Concello e a toda a xente de Burela que colaborou. Estamos encantados a solidariedade que houbo".

A concelleira de Inmigración e Cooperación lembrou que "tamén son peza fundamental nesta iniciativa os armadores bureleses de palangre de superficie que faenan nos caladoiros atlánticos das augas de Cabo Verde, xa que ofrecen os colectores dos seus buques para facer chegar directamente o material recadado ata o Porto de Mindelo, na Illa de Sao Vicente".

Pasada das Cabras organiza unha ruta pola vía verde do Eo



A asociación Pasada das Cabras organiza unha nova ruta para o 15 de xaneiro. Este roteiro será de 14 quilómetros e pasará pola vía verde do ferrocarril do Eo.

É unha ruta moi recomendada para disfrutar en familia xa que conta con natureza xunto cunha pequena mostra da arquitectura industrial do século XX: saltos de auga, túneles, escalas de salmóns e belas pontes colgantes.

A saída será ás 8.30 horas da Estación de Autobuses de Burela e é necesario anotarse para este roteiro en Gráficas Arfe ou chamando aos teléfonos 982 580 504 e 657 821 194.

Dende a organización lembran que é imprescindible levar o certificado covid para poder entrar no restaurante para o xantar. O prezo da ruta é de 25 euros para socios e 30 para os que non o sexan, e inclúe o autobús, o almorzo e o seguro.

AR
*Hijos de
Ramón Rubal*

**COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO**

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubal.es
alfoz@hijosderamonrubal.es

Repartidas as credenciais e os selos do Camiño do Mar

A Asociación Centro Comercial Histórico e a Asociación Beiras contan xa coas credenciais e os selos do Camiño do Mar co obxectivo de que cada unha das asociacións dispoña dun ou dous puntos nos que os peregrinos poidan selar a credencial. O Concello de Viveiro mantén de forma periódica reunións coa Asociación do Camiño do Mar, co obxectivo de seguir traballando na visibilización da ruta. A Igrexa recoñeceu o pasado verán o Camiño do Mar pola costa, polo que xa dá a Compostela aos peregrinos que realizan esta ruta.

Reclaman melloras en aparcadoiros e beirarrúas de Celeiro

O portavoz popular, Óscar Rodríguez, reclama ao goberno local a mellora das beirarrúas de Celeiro e a ordenación dos aparcadoiros. “O estado das infraestruturas e a ordenación urbana definen a calidade dunha cidade e fan que sexa máis ou menos atractiva para propios e visitantes. En Celeiro, o abandono sistemático e sostido no tempo a que someteu o Concello de Viveiro a esta importante zona urbana tivo como consecuencia que na actualidade se dea un estado lamentable dalgunhas das infraestruturas viarias e notables deficiencias na súa ordenación”, di o popular. O grupo municipal reclama a redacción dun proxecto técnico, que teña en conta as necesidades dos veciños, para acometer as obras necesarias con cargo ao orzamento do ano 2022.

Compromiso do Sergas para mellorar o alumeado no centro de saúde

O Concello púxose en contacto con Ramón Ares, Xerente da Área Sanitaria, para demandar unha solución con respecto ao alumeado da zona que rodea ao Centro de Saúde, pertencente ao Sergas. Ese espazo carece de iluminación e atópase totalmente a escuras, polo que dende o concello se lle solicitou a adopción de medidas para evitar, sobre todo, situacións vandálicas ou de perigo. Por parte do xerente da Área Sanitaria manifestouse a súa intención de subsanar a situación, polo que dende o Concello se agarda que en breve esa zona poida contar con iluminación.

Unha achega impulsa o turismo no Nadal



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, visitou o tradicional Belén Viveiro ante o Berce e as instalacións da Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Viveiro Aspanane, iniciativas coas que colabora a institución provincial. A institución provincial colabora co Concello para ofrecer o Belén Viveiro ante o Berce cunha achega de 35.000 euros, que permite a instalación deste recurso que cada ano atrae a numerosos visitantes. Sitúase no entorno da Igrexa de Santa María e fronte ao convento das Dominicás, no centro histórico da cidade do Landro. O Concello foi recoñecido por este proxecto na última edición dos premios Lugo Cambia, promovidos polo Consello Provincial de Turismo, un ente que impulsou e que preside a Deputación. Ademais desta colaboración económica para impulsar o turismo durante as datas de Nadal, a Depu-

tación achega ao Concello de Viveiro 500.000 euros a través do Plan Único deste ano 2022 para desenvolver actuacións municipais. Así mesmo, o Presidente anunciou un investimento de 100.000 euros en Viveiro para solucionar os problemas estruturais do paseo marítimo.

ASPANANE. Durante a visita ao municipio mariñán, José Tomé tamén se achegou a coñecer as instalacións de Aspanane. A institución provincial colabora con esta entidade cunha achega de 5.000 euros ao ano para a promoción dun programa de apoio na atención e coidados a persoas con necesidades especiais. A través deste acordo, a entidade viveirense conta cun coidador para o Centro de Día, que serve de apoio para a realización das actividades básicas da vida diaria. Aspanane dispón dun Centro Ocupacional e un Centro de Día para persoas con Discapacidade Intelectual.

O Concello avanza na tramitación do PXOM

O Concello de Viveiro deu pasos decisivos para a tramitación definitiva do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), unha ferramenta imprescindible e primordial para o desenvolvemento do municipio en diferentes eidos, como o urbanístico e o industrial. O pasado mes de setembro, e co obxectivo de axilizar o proceso, celebrouse en Santiago unha reunión solicitada pola alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, cos responsables da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a presenza de todos os grupos políticos municipais. Nese encontro quedaron claras as modificacións que había que introducir no documento inicial e, desde ese momento, o equipo redactor do PXOM mantivo varios

encontros cos técnicos da Xunta e traballou de forma intensa para axilizar a tramitación. O Concello de Viveiro xa ten desde esta semana o texto definitivo, que remitirá este luns, día 27 de decembro, ás administracións competentes. Ao mesmo tempo, o concello traballa no estudo das alegacións presentadas para incorporar as que considere pertinentes. “Estamos convencidos de que o documento é agora correcto, coas modificacións que demandou a Xunta; o Concello está cumprindo, axilizando os traballos e todos os requirimentos, polo que demandamos ao resto das administracións a mesma axilidade; Viveiro necesita o PXOM o antes posible”, asegura a alcaldesa María Loureiro.

O Concello propón a suspensión da taxa de terrazas no 2022

O goberno municipal de Viveiro propón, por terceiro ano dende o inicio da pandemia, que se suspenda durante o ano 2022 a aplicación das ordenanzas fiscais número 13, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, e número 6, reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de actividade, apertura ou funcionamento.

A suspensión da ordenanza de ocupación de vía pública para a instalación de terrazas supón unha diminución de ingresos para o concello de arredor de 40.000 euros, mentres que a suspensión da ordenanza pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de actividade, apertura ou funcionamento supón unha diminución de aproximadamente uns 10.000 euros.

O Concello, en virtude do acordo

adoptado entre o equipo de goberno e o grupo municipal Por Viveiro, desenvolveu tanto para o 2020 como ao longo deste ano 2021 uns Plans de Reactivación Económica, co obxectivo de impulsar a actividade económica no termo municipal de Viveiro e paliar os efectos derivados da pandemia da Covid-19. O 2º Plan de Reactivación Económica de 2021 incluía dúas liñas de axudas: unha destinada ao sector da hostalería, para o que o Concello de Viveiro se adheriu ao convenio suscrito coa Vipresidencia Primeira da Xunta e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Emprego e Igualdade. A segunda liña ía destinada aos pequenos empresarios e autónomos de Viveiro que tivesen unha baixada de facturación de, polo menos, o 50% no exercicio 2020 respecto do exercicio 2019 pola crise sanitaria da covid-19, quedando excluídos os establecementos de hostalería e aquelas empresas que xa foran beneficiarias das axudas concedidas polo concello en 2020.

Vaise demoler un inmoible en ruínas na rúa Melitón Cortiñas

O goberno municipal de Viveiro comunicou a súa intención de demoler o inmoible situado na rúa Melitón Cortiñas, número 26, esquina Juan García Junceda, 12. A orde de execución foi notificada aos herdeiros do titular catastral e, ao resultar infrutuosa a notificación, procedeuse á publicación nos correspondentes boletíns oficiais.

Finalizado o expediente por resolución sen que se dera cumprimento á orde de execución ditada, en 2020 abriuse un novo expediente para iniciar a execución subsidiaria por parte do Concello de Viveiro. Tramitado o procedemento en virtude do artigo 44 da LPAC por resultar os titulares descoñecidos, finalmente ditouse resolución acordando a execución subsidiaria polo concello, a cargo dos titulares, dándose traslado aos departamentos correspondentes para a súa execución.

O Concello de Viveiro ten previsto demoler proximamente, mediante execución subsidiaria, este inmoible, sito no casco histórico de Viveiro, que sufriu un incendio a finais do século pasado e do neste momento



quedan unicamente en pé a fachada principal con fronte a Melitón Cortiñas e parte das fachadas laterais.

Con carácter previo á realización dos traballos, é preciso tramitar a preceptiva autorización sectorial de Patrimonio, estando neste momento pendentes da autorización definitiva para iniciar a demolición. Ata que se inicie a execución das obras, por parte do concello adoptaranse medidas provisionais para evitar riscos, da mesma maneira que se veu actuando ata o momento, con pequenas intervencións, para eliminar posibles perigos.

“Unidos pódese conseguir moito máis que de xeito individual”

Isabel Méndez e Susana Larrañaga están á fronte do Centro Comercial Histórico

Paseando polo centro comercial histórico de Viveiro poderemos atopar practicamente o mesmo que nun centro comercial convencional das grandes cidades distribuído en pequenas tendas onde o trato con encanto familiar non desmerece a calidade do produto. Falamos con Isabel Méndez, xerente do CCHV.

Que é o Centro Comercial Histórico de Viveiro?

O Centro Comercial Histórico de Viveiro é a asociación de comerciantes, empresarios e autónomos unidos para dinamizar a zoa comercial da área urbana de Viveiro, e ofrecer un sector de servizos moderno, profesionalizado e comprometido cos seus clientes.

Quen se atopa á fronte?

Está formado por unha directiva e unha xerente. A directiva actual está composta por 5 membros e ocupando a Presidencia atópase Susana Larrañaga e a xerente é Isabel Méndez.

Que fai o CCHV polos comerciantes?

Dende o CCHV facemos numerosas campañas promocionais e de dinamización ao longo do ano e que pretenden animar o consumo e as vendas, defendemos os intereses dos asociados ante todas as administracións públicas, temos asesoramento laboral, fiscal e legal e tamén facemos tramitacións administrativas, recursos, reclamacións, etc.

Informamos constantemente aos negocios de todas as novidades en materia de comercio, lexislación, axudas e subvencións das que se po-

den beneficiar. Tamén impartimos cursos de formación para empregados e propietarios e xestionamos ofertas de emprego para os negocios asociados. Contamos con convenios con distintas entidades e empresas con condicións vantaxosas e promocionamos os negocios a través das redes sociais, web, catálogos comerciais, etc.

Teñen un amplo abano de servizos.

Si, en definitiva, a nosa labor e manter unido o comercio de Viveiro para levar a cabo calquera iniciativa conxunta que se nos poida plantexar. Está claro que unidos se pode conseguir moito máis que de xeito individual.

Quen forma parte do CCHV ou pode formar parte?

Teñen cabida todos os negocios da área urbana de Viveiro. A Asociación, que nacía como Centro Casco Histórico, a día de hoxe está consolidada, e apostando por un proxecto de expansión onde teñen cabida todos.

Que destacan dos comercios de Viveiro?

A gran calidade e variedade de negocios que hai fai que aquí podas atopar practicamente de todo e a uns prezos súper competitivos. Os asociados a este colectivo, ademais das actividades especificamente destinadas á dinamización da zona comercial, colaboran tamén con asociacións culturais ou deportivas e están presentes de forma activa en proxectos sociais ou medioambientais que repercuten directamente en

beneficio de todos os veciños.

O compromiso dos asociados co municipio é incuestionable e a labor que realizan, moitas veces invisible, pon de manifesto que o CCHV é moito máis que un centro comercial.

Que se pode atopar no CCHV?

Tendas de agasallos, de recordos, de moda, xoierías, boutiques, grandes marcas, comercio tradicional, librerías, tendas gastronómicas, supermercados e zapaterías son unha mostra do seu potencial. Sumado a todo isto, pódense atopar teatros, cafeterías, restaurantes, e salas de exposicións que se distribúen polas prazas e arterias principais do centro histórico.

Cal é a vantaxe de mercar no comercio local?

Mercar e consumir nos negocios da vila repercute mellorando a economía local, mantendo centos de postos de traballo e mantendo viva a vila; o comercio dunha vila é o reflexo da vida da mesma, e temos que dinamizala constantemente. Trátase de poñer en valor as compras no comercio tradicional, onde o trato é persoal e cercano, con asesoramento profesional, artigos de calidade e a prezos que poden abarcar todo tipo de petos, e o que é máis importante, están aquí ó lado, sen necesidade de desprazamentos ofrecendo algo que en ningún outro lado poden ofrecer: un Centro Comercial Aberto que invita a pasear, desfrutar das súas rúas e do aire libre.

Algunha outra vantaxe?



Isabel Méndez, xerente do Centro Comercial Histórico

Outra vantaxe é que o que merques lévalo para a casa de xeito inmediato, sen esperas, sen retrasos e sen correr riscos de sufrir os timos que están a suceder a cotío con compras en webs non seguras, ou a decepción do que o que chega á casa non é o que esperabas.

Fan moitas campañas e promocións?

Ao longo destes anos moitas foron as iniciativas que se puxeron en marcha, con gran aceptación por parte dos clientes como as campañas do 20% de desconto, o sorteo de Nadal que ano tras ano enche a Praza Maior, a Feira de Stocks ou o Juepeo (xoves de Tapeo en Viveiro) que xa leva 8 anos funcionando con gran éxito, sendo xa unha tradición da vila.

Está considerado un dos CCA máis dinámicos?

Si, un máis activos da comunidade autónoma e é o referente indiscutible da comarca. Pero como indicaba anteriormente, non se centran unicamente en campañas promocionais, senón que ó longo do ano prestan apoio e colaboración a distintas organizacións da zoa que realizan actividades culturais, deportivas, medioambientais ou proxectos so-

ciais.

De cara a despois de Reis teñen en mente algunha?

As novas liñas de traballo pasan por impulsar a unión de todo o comercio de Viveiro, para lograr unha asociación máis forte e afianzar o peso que ten en toda a comarca, sendo un referente comercial en moitos kilómetros á redonda. A Viveiro chegan clientes de toda a Mariña e Ortegal atraídos pola gran oferta comercial, de servizos e de ocio que ofrece a cidade do Landro. A asociación seguirá traballando por mellorar o atractivo comercial e o poder de atracción da zona, lanzando novas promocións e servizos tanto para clientes como para os negocios asociados.

Afectou a pandemia ao CCHV?

Os hábitos de consumo xa estaban a cambiar antes da pandemia, e o que fixo a covid foi acelerar eses cambios que se estaban a producir. Agora estamos na fase de adaptarnos ás novas tecnoloxías, apostar pola dixitalización e que vaían da man tanto as vendas físicas como online. Temos bó produto, de calidade e competitivo en prezo, agora temos que estar ben preparados para chegar ó cliente a través de todas as canles, e niso estamos.

A Xunta asume o servizo de autobús das parroquias

O Concello de Viveiro informa que a Xunta de Galicia asume de novo desde o 1 de xaneiro un servizo de autobús que cubre unha ruta polas parroquias

Anteriormente, o Concello viña prestando desde hai máis dunha década un servizo de autobús do que se beneficiaban veciños e veciñas de diversas parroquias.

O Concello de Viveiro cubría deste xeito a carencia existente, ao tratarse dunha ruta que quedara fóra do transporte urbano da Xunta.

Agora, o Goberno galego volve a incluír esta liña de autobús, adxudicada á empresa Autobuses de Viveiro-Otero SL, e polo tanto, para evitar duplicidades, a partir do 1 de xaneiro de 2022 o Concello de Viveiro deixará de prestar o servizo municipal de autobús entre a parroquia de Boimente e a estación

de autobuses de Viveiro, que viña realizándose a través da empresa Morán.

Esta nova liña de autobús, coas tarifas establecidas pola Xunta de Galicia, terá saída dende Abuín (Boimente) ás 8:00 horas, con parada na Estación de Autobuses de Viveiro, de luns a venres, agás festivos. Esta liña funcionará fóra do período lectivo de ensinanza obrigatoria.

Tamén habrá saída dende Abuín (Boimente) ás 10:00 horas, con parada na Estación de Autobuses de Viveiro, de luns a sábado, durante todo o ano.

Remtan os cambios coa saída dende a Estación de Autobuses de Viveiro ás 12:00 e ás 13:45, con destino ao lugar de Abuín (Boimente), de luns a venres, en período lectivo de ensino obrigatorio.

Cidade amiga da infancia



O Concello leva varios meses realizando diferentes iniciativas encamiñadas a converter Viveiro nunha cidade amiga da infancia recoñecida por Unicef.

Así, creouse o Grupo de Participación Adolescente: Participación Viveiro Xove (P.V.X). Un espazo no que as e os adolescentes séntense escoitadas e seguras, onde poder expor libremente as súas ideas, opi-

nións e propostas.

Este grupo representa a unión e responsabilidade da xuventude por e para o seu Municipio. O seu obxectivo fundamental fécera de Viveiro xunto co labor do Concello, unha Cidade Amiga da Infancia, recoñecida por Unicef. Por todo isto, o Concello de Viveiro anima á mocidade entre 12 e 18 anos a sumarse nesta fermosa iniciativa.

Comeza a segunda quenda do programa de envellecemento activo de Viveiro

O Concello pon en marcha desde o 11 de xaneiro a segunda mensualidade do programa de envellecemento activo, con clases de ximnasia de mantemento gratuítas para maiores de 65 anos. “Dentro deste obxectivo, queremos impulsar o envellecemento activo e para isto organizamos desde o concello unha actividade gratuítas de ximnasia de mantemento, dirixida a homes e mulleres a partir de 65 anos”, explica a alcaldesa, María Loureiro.

Esta actividade, cunha duración inicial de dous meses, está a ter lugar os martes de 11:30 a 12:30 horas no pavillón municipal. As clases son impartidas por monitores profesionais. O primeiro mes deste programa de ximnasia de mantemento para maiores de 65 anos comezou o 14 de decembro.

Licitadas as obras das pistas multideporte



O Concello acaba de licitar as obras de construción dunha pista multideporte na mazá interior entre a Avenida de Galiza e as rúas Daniel Cortezón e Pintor Fierros.

O investimento ascenderá a 460.000 euros e tívose que incrementar a previsión inicial en 50.000 euros porque quixeron acondicionar tamén a praza de entrada a este novo espazo. Así a actuación contempla a construción dunha pista multideporte para fútbol, para baloncesto, para voleibol duns 1000m2. Tamén contempla outra pista de skate con gradas de máis de 1.400m2, así como unha zona para a práctica da calistenia. Loxicamente contémpase zonas arboradas, de xardín, zonas de paseo, un moderno sistema de alumeadado, etc para que esta zona de reunión sexa útil durante todo o ano.

O rexedor dixo que “os técnicos estiveron traballando duramente nestes meses e gracias á Área de Deportes da Deputación de Lugo ábrese agora o proceso de licitación dunhas obras que imos acometer nunha superficie de máis de 7.000m2 nos terreos municipais da mazá interior entre a avenida de Galiza e as Rúas Daniel Cortezón e Pintor Fierros. Estes terreos están así establecidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal para este tipo de finalidades”.

Estas obras terán un prazo de execución máximo de 8 meses e o prazo para as empresas que desexen presentarse a este procedemento aberto remata o vindeiro 19 de xaneiro. Toda a información está dispoñible na web municipal e na Plataforma de Contratos do Estado.

Entregada a antiga caseta de peóns camineros a Remourelle

Fíxose entrega e recepción da antiga caseta dos peóns camineros por parte do Goberno autonómico ao Coto de Caza de Remourelle de cara á conservación, protección e defensa do medio ambiente.

A sociedade da cazadores lle trasladara este petición ao PP que considerou “moi conveniente esta

proposta de cara á recuperación do patrimonio. A Xunta respondeu positivamente á solicitude co primeiro paso de cara á recuperación deste espazo, “o proceso burocrático que remata coa cesión do local á asociación de cazadores. O seguinte paso será xestionar orzamento para a súa rehabilitación”, di o PP.

Volve a campaña para proceder á esterilización dos gatos da rúa

O Concello pon en marcha a segunda campaña de esterilización das colonias de gatos que viven nas rúas. O concelleiro dixo que “desde o Concello retomamos a campaña de esterilización dos gatos e gatas das rúas de todo o municipio de Ribadeo”. E lembrou: “quero facer un pequeno recordatorio do que se fixo na anualidade anterior: o máis importante quizais foi sentar as bases para or-

ganizar un grupo de voluntariado e ter as colonias tuteladas con esas persoas e así darlle a forma a ese traballo ao longo da campaña pasada para que fose eficaz e dera os seus froitos”.

O ano pasado leváronse a cabo unhas 35 esterilizacións, un labor que foi posible grazas a todo este voluntariado, apoiado tecnicamente polas dúas clínicas veterinarias.

Aprobado un orzamento por preto de 10 millóns de euros

No pleno extraordinario do Concello de Ribadeo foron aprobados os orzamentos de 2022 que ascenden a case 10 millóns de euros, dos que o Concello destaca que contemplan un elevado nivel de actividades e inversións sen subir impostos nin taxas e sen incrementar a débeda.

O novo orzamento contempla dende reposición de rúas e camiños, saneamentos, investimentos en instalacións deportivas e en locais sociais, melloras enerxéticas, adquisición de terreos, apoio a asociacións de carácter cultural, deportivo ou asistencial, medidas e actividades de apoio ao comercio local e actuacións de protección social, que benefician a todo o pobo de Ribadeo. Tamén inclúen a subida salarial do persoal público e unha aposta pola inversión. O Concello estima que suman xa máis de 2.000.000 de euros nesta partida.

Pablo Vizoso sinalou que “outra característica dos orzamentos é que se consegue chegar a estas magnitudes sen subir os impostos nin as taxas e sen incrementar o nivel de débeda do Concello, que nada ten que ver coa existente hai algúns anos e que condicionaban o seu día a día”.

PP. O Grupo Municipal Popular

opúxose no pleno á aprobación dos orzamentos municipais para o anos 2022 elaborados polo goberno local ao considerar que son “continuistas e nada ambiciosos”. O voceiro, Daniel Vega, cre que “demostran a parálise dun goberno que non traballa; senón que vive nunha sesta permanente”.

O popular sinala tamén que “un ano máis, o goberno do BNG presenta as contas fóra de prazo. Non o dicimos nós, dino os informes técnicos”. Despois de analizar as contas municipais, Vega explica que “da cifra de 9,8 millóns de euros de orzamento, 1,2 millóns de euros corresponden a inversión real. É dicir, invístanse 300.000 euros menos que este ano para o que as contas municipais recollían 1,5 millóns de euros”. Pero, ademais, deses 1,2 millóns de euros, o Concello só aporta directamente 140.000 euros.

Vega bota en falta “xestión de orzamento para Ribadeo. Este goberno municipal ata agora non xestionou ningún orzamento porque son a Xunta e a Deputación as administracións que lles resolven os problemas. O Concello non aporta nada”.

O Grupo Municipal Popular considera que son cinco as inversións importantes para Ribadeo nestes momen-

tos; pero os orzamentos do goberno local do BNG aportan escasas cantidades ou, na maioría dos casos, non aporta nada. Unha das actuacións que sinalan os populares é a reforma integral do asilo “para a que o orzamento non contempla ningunha cantidade por parte do Concello. A esta finalidade dirixírase a herdanza do doutor Moreda e tamén invístanse a Xunta, pero para o goberno local non é prioritaria esta actuación”, remarca.

O concelleiro de Economía contou que “é certo que son continuistas, porque con moito orgullo continuamos incrementando a inversión, as actividades e continuamos apoiando ao tecido asociativo e comercial e atendendo e preocupándonos do ámbito social e asistencial. Do mesmo xeito foi necesario lembrarlle que, sobre a inversión no hospital asilo, o Concello mantén reservados exclusivamente para este fin os fondos da herdanza do doutor Moreda así como outros posibles recursos para atender esta importante reforma e adaptación do edificio e que é precisamente nos orzamentos da Xunta onde non figura nin un só euro para esta actuación a pesares de que se trata dunha competencia exclusivamente autonómica”.

Vega propón construír o centro de saúde na antiga estación de tren

Daniel Vega propón construír o novo centro de saúde de Ribadeo nos terreos da antiga estación de tren así explica que “o Grupo Municipal Popular defende a construción dun novo centro de saúde en Ribadeo e o incremento da carteira de servizos sanitarios no noso municipio”. Nese sentido, “traballamos moito e seguiremos traballando. Agora, facemos unha proposta moi concreta: construír o novo centro de saúde na parcela onde está a antiga estación de tren, unha parcela moi céntrica e moi próxima á autovía”.

O voceiro popular engade, ademais, que “o PXOM recolle unha rúa que vai dende a autovía á propia estación de tren. Polo tanto, conta cunha boa conexión coa autovía que permitirá ás ambulancias, unha vez incorporado o 061 no mesmo espazo que o novo centro de saúde, chegar rapidamente ao Hospital da Mariña”.

Vega explica tamén que se trata “dunha proposta para rehabilitar e



conservar o noso patrimonio. A edificación da antiga estación de tren pode ser parte do novo centro de saúde de forma que se conserve e se dirixa a un fin moi concreto. Un edificio de todos destinado a algo que nos interesa a todos, a sanidade pública”, remarca.

“O Grupo Municipal Popular pediu no pleno da corporación, a través dunha moción, que o goberno local do BNG cedese á Xunta os terreos

necesarios para a construción deste novo centro de saúde; pero votou que non. Opúxose sen ofrecer unha resposta moi sensata, ao noso parecer”, engadiu.

Daniel Vega explica que “queremos un novo centro de saúde; os veciños, tamén queren un novo centro de saúde e os profesionais, cos que me reunín fai uns días, tamén respondían que si á miña pregunta sobre o novo centro de saúde”.

“Esperamos estar á altura da confianza dos veciños”

Cinco rapaces colleron as rendas da comisión de festas de Ribadeo

Cinco mozos ribadenses asumen con moita ilusión a comisión de festas, onde atoparán importantes retos por mor da situación sanitaria

A Comisión de festas de Ribadeo conta cun novo equipo.

Si, á fronte atopámonos Ernesto Cruzado como tesoureiro, Ana Rico é a secretaria, Antía Vázquez Andrés Boada son vogais, e eu Martín Graña son o presidente. Somos xente nova de entre 22 e 26 anos.

Como comezou a comisión de festas?

Comezou como unha conversa de bar a finais deste verán. As mellores cousas e ideas sempre xorden nos bares, e pouco a pouco foise facendo máis serio, puxémonos en contacto cos membros saíntes da comisión e despois de moito falar chegamos ate este momento.

Porque se decidiron a formalala?

En primeiro lugar porque sabíamos

que a anterior comisión o deixaba e dábanos moita pena pensar que en Ribadeo non houbera unhas festas da patroa. En segundo lugar porque queríamos amosar que a xente nova tamén é capaz de tomar responsabilidades e facerse cargo de cousas que, maioritariamente, non soen levar eles. E por último porque, como todo o mundo, sempre tiñamos comentarios en canto a organización xa que desde fora vese moi fácil e queríamos poder falar con coñecemento de causa.

Contan con orzamento ou pola contra teñen que captar fondos?

Contamos cunha axuda importante do Concello de Ribadeo e esperamos tamén o apoio doutras administracións. O resto será axuda dos veciños e veciñas de Ribadeo e da comarca a través da venda de lotería, cestas, donativos e outras actividades que temos pensadas para conseguir fondos.

Cales son os obxetivos da comisión?

Tendo en conta a pandemia da covid-19, aínda non superada, queremos intentar darlle a Ribadeo unhas festas dignas e a altura do que o pobo se merece despois de dous anos sen festexos.

Teñen algunha idea, festa, ou similar na mente?

As ideas, por sorte, están saíndo a sacos. De todas formas as propostas que fagamos teñen que ser factíbles, serias, divertidas e útiles. Polo que aínda non podemos anunciar nada concreto, máis alá da venda de lotería de Nadal e o Neno e o sorteo dunha cesta doada por Gadis Ribadeo. Aínda así esperamos un 2022 de varias actividades se as ideas que temos chegan a bo porto.

Como recibiron os veciños á nova comisión?

O recibimento foi espectacular, a xente respondeu desde o primeiro momento. E estamos moi contentos con como nos están



Os membros da nova comisión de festas

tratando os veciños de Ribadeo por iso esperamos estar á altura da confianza que nos están a amosar.

Como cren que serán as festas do 2022?

As festas do 2022 serán como nos permita a covid. Nos estaremos preparados para as festas que poidamos facer e que nos permita a situación sanitaria.

Lembran algunha festa ou algún acto con especial agarimo?

Para as pícaros e pícaros de Ribadeo as festas sempre eran as primeiras veces que os pais nos deixaban andar sos. As primeiras voltas na ranita, pasar aos coches de choque “para maiores” ou baixar cos amigos ver a traca do sete.

Falando de actos, cal cren que é a tarefa máis complicada e a máis fácil?

En canto a dificultade, de momento, todo nos parece complicado pola inexperiencia que temos. De todas formas temos confianza en que con traballo e gañas todo acabará saíndo o mellor posible.

Como é a coordinación entre concellería de festas ou o Concello e a comisión?

A coordinación está sendo moi boa. O Concello transmítnos en todo momento a vontade de axudarnos no que necesitemos e depositou en nós toda a confianza posible. A Xunta tamén amosou boa disposición para ir axudándonos coas actividades que decidamos desenvolver.

vegadeo

Veciños presentan alegacións ao proxecto da Marisma



A Asociación de Amigos de Vegadeo e o Concello presentaron alegacións ao proxecto de recuperación da Marisma, que prevé actuar sobre a zona comprendida entre as marxes dos ríos Suarón e Mojardín e a estrada N-640, así como en parte da marisma que se crea na confluencia de ambos. Estre as tarefas que se levarán a cabo son as de restauración da marisma, demolicións, itinerarios peonís e sinalizacións.

As alegacións que se presentaron tratan, entre outros puntos, da modificación do trazado en zonas puntuais e a continuidade de itine-

rarios do bordo litoral, alongando o itinerario oeste ata a ponte fronteiriza con Galicia. Solicítase tamén que se dispoña dun punto cuberto de visión da paisaxe como punto de inicio do percorrido. Píden a rehabilitación do coñecido como peirao de Maseda e a rexeneración da súa contorna e o seu acceso histórico. Ademais, piden engadir alumeado nos itinerarios, a modificación da dos itinerarios incorporando mellores prestacións e garantías a longo prazo en zonas urbanas, e a sinalización con cartelería do resto dos roteiros existentes no municipio.

O serbio Strikovic gañou o XVIII Torneo de Xadrez de Vegadeo



Un momento da proba disputada

O xadrecista serbio Alexa Strikovic, afincado en Galicia, proclamouse gañador da décima oitava edición do torneo de xadrez rápido de Vegadeo, que reuniu a trinta e dous xadrecistas. Cumpríronse os prognósticos en canto ao vencedor da proba, porque Strikovic era o favorito para o triunfo e así o amosou, a prata foi adxudicada ao avilesino Saúl Pérez, e o bronce foi para Nicolás Martín.

A proba xogouse á distancia de seis partidas, que tiveron un rit-

mo de quince minutos e cinco segundos de engadido por cada movemento realizado. A clasificación final foi Alexa Strikovic, con 6 puntos; Saúl Pérez, con 5 puntos; Nicolás Martín, con 4,5 puntos; Diego Vergara foi cuarto, Adán Álvarez quedou quinto, Javier García acadou a sexta posición, Marcos Fernández quedou sétimo, José Luis Miranda foi oitavo, Marcos Gutiérrez e Raúl Núñez, empataron con 4 puntos, ata completar o total de participantes.

Ascove celebrará o 13 o sorteo de Nadal



A Asociación de Comerciantes de Vegadeo ou Ascove, celebrará o vindeiro día 13 de xaneiro o seu tradicional sorteo de Nadal.

Ese día comunicarán os números agraciados cos premios e que constan de vales de compra para gastar nas tendas do Concello. Están en xogo un premio de 150 euros ao mes durante un ano, dous de 300 euros e outros dez de 150 euros.

CONCURSO DE ESCAPARATES. Ascove tamén fixo entrega dos diplomas aos tres primeiros clasificados do Concurso de Escaparates de Nadal do Comercio de Vegadeo. Os gañadores foron Vaya Greñas, Brotes Floristería e Comercial Agroastur.

O Concello adquiriu un novo camión basculante



O Concello adquiriu un novo camión basculante que supuxo unha inversión de 35.641,07 euros con cargo ao Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación de Lugo, foi presentado na Praza do Concello pola alcaldesa Ana Ermida, quen estivo acompañada polo concelleiro Antonio Veiga e as concelleiras Carmen Veiga e Montse Porteiro. O camión está equipado cunha caixa basculante e un motor diesel de 145 cv con tecnoloxía AdBlue, o que reduce de maneira significativa as emisións contaminantes que estes vehículos chegan a xerar.

Dentro dos servizos que prestará este novo camión, atópase o servizo de recollida de podas e enseres voluminosos que o Concello de Barreiros ven facendo

semanalmente de cara a facilitar, a toda a veciñanza, unha xestión de aqueles residuos que se xeran nos domicilios e que, polo seu tamaño ou peligrosidade, non poden nin deben depositarse a carón dos colectores de lixo distribuídos polo municipio.

Lembran que para solicitar este servizo gratuito de recollida de obxectos voluminosos hai que chamar ao 982 124 002.

Os voluminosos a recoller deben depositarse na entrada do domicilio igual que os restos vexetais, que deben estar en bolsas pechadas sempre que sexa posible. Se o material non o permite, por ser pólas ou ramallos, deben prepararse gavelas amarradas dun máximo de 50cm de diámetro e 1 metro de lonxitude, a efectos de facilitar a recollida.

Ermida pide ao Sergas a cobertura do persoal no centro de saúde

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, vén de dirixir unha misiva ao conselleiro de sanidade, ao xerente do Sergas e ao xerente da EOXI de Lugo, Monforte e Cervo solicitándolles a cobertura do persoal necesario no Centro de Saúde barreirense; tras ter coñecemento de que sofre unha mingua de persoal de atención primaria para atender á poboación do concello, motivo polo que o persoal facultativo de familia ten dificultades á hora de prestar os seus servizos ou disfrutar dos permisos. A maiores, e debido a un traslado da persoa que viña prestando a atención pediátrica, esta tamén se viu minorada, ao non estar cuberta dita praza de xeito estable, prestándose atención en días soltos e recaendo estas funcións en numerosas ocasións no persoal médico de familia.

Neste sentido, a mandataria municipal expón que “tanto a pirámide poboacional de Barreiros—cunha poboación notablemente envellecida—como a época na que nos atopamos—na que os cadros de enfermidades respiratorias son habituais—especialmente en crianzas—, e máis na situación sanitaria actual, supoñen unha importante carga de pacientes que teñen como porta de entrada ao sistema sanitario o centro de saúde primaria.”

Para Ana Ermida “é obvio que non contar con persoal suficiente para



a atención deixa á poboación cun déficit que deteriora tanto a atención que se recibe como o propio sistema sanitario público; xa que debido a esta situación, as citas vense retrasadas e, nalgúns casos, pasan a demandar asistencia privada, co que iso supón para as familias que deben facer un esforzo por non contar coa atención oportuna na sanidade pública. Ademais de que as condicións nas que os profesionais teñen que prestar os seus servizos, cunha sobrecarga de traballo e dificultades nos períodos que lles corresponden nos descansos non benefician o servizo público”


Ademais, fai especial fincapé na atención de nenas e nenos que deben ter atención pediátrica, xa que “é especialmente importante o retraso que se poida producir non só nas citas por patoloxías, senón tamén nos propios controis de idade,

especialmente en recém nados, pola importancia do seguimento en escasos días que debe realizarse. Pero, a maiores, debemos ter en conta que esta situación afecta tamén ás consultas eventuais por enfermidades comúns que poidan ter lugar; interferindo moi negativamente noutros servizos e lugares que, xa de por si, carecen dunha atención pediátrica axeitada; tal como poden ser o PAC de Ribadeo ou o propio servizo do Hospital da Mariña; onde non existe, de inicio, persoal pediátrico dispoñible.”

Por esta razón, remata a carta solicitando “a dotación do persoal mínimo para unha correcta atención das veciñas e veciños polo correspondente persoal médico de atención primaria e especialista en pediatría de xeito estable para garantir os dereitos sanitarios dos mesmos e a calidade da atención sanitaria en Barreiros.”

Remata a restauración dos xigantes e cabezudos

Resturáronse os xigantes e cabezudos do Concello de Barreiros, un proxecto cofinanciado polo Centro de Artesanía e Deseño da Deputación Provincial e que foi realizada por Kukas Producións artísticas. Asistiu á presentación o Deputado Provincial, Efrén Castro. A intervención artística consistiu en reparar as partes máis afectadas, repintar todas as pezas, modificar a estrutura dos xigantes e dotar a todos os cabezudos dunha caixa que vai servir para expoñelos, conservalos e transportados cando sexa necesario. Segundo Daniel García, concelleiro de dinamización “buscouse facer unha restauración coidadosa co pasado e pensando no futuro das pezas, valorando o esforzo que fixeron hai 25 anos veciñas e veciños do concello na súa elaboración. Nos vindeiros meses faranse ac-



tividades relacionadas coa posta en valor destes bens culturais que buscarán achegalos á poboación, cativos e adultos. “Notamos que gran parte da veciñanza descoñece que existen xigantes e cabezudos neste concello e é preciso dotalos dun espazo e de actividades nas que estean presentes”.

Constituída unha comisión negociadora municipal que elaborará o Plan de Igualdade



O Concello de Barreiros, nunha clara aposta por fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na organización, constituíu a Comisión Negociadora que se encargará da diagnose, negociación e elaboración das medidas que integrarán o Plan de Igualdade.

A concelleira responsable desta materia, Montse Porteiro, destaca a importancia da elaboración

do plan “a hora de establecer un sistema de xestión dos recursos humanos que asegure criterios de igualdade no desenvolvemento profesional do persoal municipal independentemente do seu sexo”.

A Comisión Negociadora está integrada por 15 persoas con representación do Concello, do cadro de persoal laboral e do funcionariado.

O xurado publicou os gañadores da fase local do Concurso de Poesía e Debuxo de Nadal 2021

A Biblioteca Pública Municipal de Barreiros fixo público o fallo do xurado da fase local do Concurso de Poesía e Debuxo do Nadal 2021.

Na modalidade de Poesía os participantes que resultaron gañadores foron: Sara González Pérez, Paula Méndez Bajatierra, Carlota Mosquera Pardeiro, Mateo Villapol Bello, Carla Rañón Broz, Xabier López Val e Tania Gutiérrez Meneses.

No apartado de Debuxo os gañadores foron: Uxía Sánchez Febreiro, Bruno Ermida Rivas e Nacho Rodríguez Gasalla.

A Concellería de Cultura barreirense felicita aos gañadores e agradece a participación de todos os que presentaron os seus traballos a estes certames.

O Concello concedeu subvencións a entidades culturais e deportivas

O Concello de Alfoz vén de informar que concederon subvención nominativas a diferentes entidades culturais e deportivas do municipio.

Así, o investimento é de 17.091,23 euros e están destinado ao CD Alfoz, AD Río Ouro, CEIP Castro de Ouro, anpa do CEIP Castro de Ouro e a Asocia-

ción Cultural e Xuvenil O Castelo.

Ao CD Alfoz recibiu 7.000 euros para os gastos da tempada 2021-2022, a AD Río Ouro 2.500 euros para gastos de transporte, o CEIP Castro de Ouro recibirá 1.400 euros para o circuito lúdico e deportivo para o patio do colexio, a anpa do CEIP

Castro de Ouro recibirá 691,23 euros que irán destinados nos libros de Educación Infantil para todo o alumnado desa etapa no colexio e a Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo recibirá unha achega de 5.500 euros para a organización da celebración da Festa dos Chóferes e as actividades culturais do verán.



O alcalde, Jorge Val, na presentación da pista de pádel

o valadouro

O CEIP Castro de Ouro mellorará o peche do recinto escolar

O CEIP Castro de Ouro recibirá unha achega que ascende a 25.000 euros para a mellora do peche perimetral do recinto escolar. Unha obra, moi demandada, que se comezará nas vindeiras semanas.

Así mesmo, vaise renovar a cuberta do patio do instituto anexo, o IES Alfoz-Valadouro, cun orzamento de 48.000 euros.

Estas obras súmanse as melloras no acondicionamento do patio feitas unhas semanas antes nas que se pintaron e colocaron xogos populares e tradicionais, espazos



de lecer e un rincón da amizade. Todos estes novos espazos fomentan a igualdade, o respecto e a non violencia de xénero, que son

conceptos sobre os que aprendemos e charlamos nos obradoiro que se impartiron para o alumnado e as súas familias.

O BNG esixe á Xunta desenvolver o polígono industrial municipal

O deputado mariño do BNG Daniel Castro reuniuse cos representantes nacionalistas do Valadouro, que lle trasladaron a situación de boicote e parálise por parte da Xunta á posta en marcha do polígono industrial, algo prioritario para que o Concello e a súa zona de influencia poidan dispoñer de solo industrial e comercial.

O tenente alcalde Eduardo Chao e o concelleiro Eliseo Teijeiro incidiron no feito de que a "Xunta e o Partido Popular levan unha década dándolle as costas ao concello do Valadouro e a toda a veciñanza neste importante asunto, vital para o desenvolvemento da zona e o asentamento de poboación".

Recordan os nacionalistas que "foi o BNG o primeiro grupo político que impulsou xa hai anos o primeiro proxecto para o polígono, no 2006 desde o goberno da Xunta,

cando tiveron a responsabilidade da Consellería de Vivenda e Solo e desde donde se fixo un importante traballo redactando proxectos, axilizando trámites e facendo reunións desde a consellería con alcaldes, empresarios e grupos políticos, todo isto entre os anos 2006 e 2009". "A partir de aí, o PP entra no goberno da Xunta e todo empeza a ser atrancos para O Valadouro, co beneplácito do PP local que nunca esixiu á Xunta o que tiña que esixir para o noso concello e dez anos despois seguen a poñer paus nas rodas a este proxecto" afirmou Eduardo Chao.

Agora xa hai terreos adquiridos por parte do Concello, o BNG desde o Parlamento e por medio do deputado mariño Daniel Castro vai instar á Xunta á posta en marcha, execución e desenvolvemento do polígono para o que van a solicitar

que o IGVS destine os fondos necesarios a tal efecto.

Daniel Castro fixo referencia tamén a que o Partido Popular non admitiu a emenda aos Orzamentos da Xunta 2022 presentada polo BNG na que se pedía esa consignación orzamentaria para o polígono do Valadouro, e votou en contra tamén de emendas semellantes presentadas polos nacionalistas que pedían dotación económica para o parque empresarial de Riotorto e para a 3ª fase do polígono industrial de Barreiros.

Rematada a pista de pádel

A Secretaría Xeral para o Deporte investiu 20.000 euros na instalación dunha pista de pádel en Alfoz. O alcalde, Jorge Val, explicou que a Xunta achegou o 80% do orzamento e o Concello o 20% restante.

Engadiu que o pádel é unha modalidade moi demandada, "e a oferta de instalacións debe ser coherente coas preferencias dos usuarios para incentivar a práctica de exercicio físico no marco dun estilo de vida saudable".

A pista de pádel de Alfoz conta coas medidas regulamentarias, está construída ao aire libre e dispón de iluminación LED para prolongar as horas de uso.

A Secretaría Xeral para o Deporte investiu este ano máis de 32,4 millóns de euros, dos que 9,15 millóns foron destinados a obras de creación e reforma de infraestruturas deportivas, o que supuxo un incremento do 118% con respecto ao 2020.



De esquerda a dereita, debuxos de Iris Díaz, Laura Díaz e Celia Fernández

Xa se coñecen os gañadores do concurso de postais de Nadal

Un ano máis xa se coñecen os gañadores do concurso de postais de Nadal do Concello de Alfoz. Así, Iris Díaz Fraga, foi a gañadora de Ed. Infantil; Laura Díaz Fraga, a do 1º Ciclo de Primaria e Celia Fernández Fernández, a gañadora no 2º Ciclo de Primaria.

E tamén a todo o alumnado do CEIP Castro de Ouro que participa-

ron cos seus debuxos neste certame. Ademais dos correspondentes premios para as gañadoras que recibiron onte, domingo 19 de decembro.

Os seus debuxos son a imaxe dos calendarios do Concello de Alfoz para o ano 2022. Esta actividade está incluída no Plan Único da Deputación de Lugo.



“A residencia faime moita ilusión e teño moitas ganas de abril”

O rexedor pontenovés fala da vida no rural e dos proxectos de futuro

Darío Campos, rexedor da Pontenova e nado en Vilaodriz no 1965, ademais de contar cunha gran traxectoria política é veterinario de profesión.

Cales son os principais atractivos do Concello?

Os principais reclamos turísticos son a mina, o río Eo e a natureza en xeral. É verdade que non temos ningún mosteiro pois somos un Concello relativamente recente con 120 anos de historia máis ou menos. E a verdade é que non temos tampouco catedral pero si que temos outras moitas cousas que fan do noso Concello un lugar para visitar. Contamos con rutas de sendeirismo, moita arquitectura popular sobre todo na parroquia de Bogo, tamén intentamos darlle valor á mina coa tirolina que estamos construíndo, e despois temos o río Eo que é un elemento vertebrador da Pontenova e que ten o seu encanto.

Que ten A Pontenova para facelo un bo Concello para vivir?

Unha das cousas que máis chama a atención é a tranquilidade que temos xa que se pode desfrutar da natureza nunha contorna algo urbana pero en pleno rural.

Teñen bastantes servizos para os veciños?

Contamos cun pouco de todo, é dicir, temos colexio, instituto e gardaría, fáltanos a residencia de maiores que esperemos estea terminada o ano que vén. Así que nese aspecto case temos todos os servizos necesarios para vivir ben e con tranquilidade.

Destaca algo en especial?

Eu sobre todo destaco o poder vivir con nenos nunha contorna así, é unha verdadeira gozada criar aos fillos nun ambiente así que podería ser na Pontenova ou en concellos similares. Ademais estamos moi preto de Lugo e da costa da Mariña lucense. É marabilloso ver que un pequeno con 12 anos por exemplo

podan ir ao colexio solo, sen perigos. Esa tranquilidade non se paga con diñeiro.

Leva 15 anos á fronte do Concello, que destacarías do seu mandato?

Son bastante anos xa e estes últimos foron difíciles pola situación que estamos a vivir aquí e en todos os sitios. Pero destacaría a ilusión coa que traballamos sempre para mellorar a vida dos veciños.

Estes últimos anos foron difíciles de xestionar.

Si, pero nos seguimos mantendo un plan de inversión que contou cun maior gasto social pois houbo máis necesidade de axudar á veciñanza. Despois estivemos traballando nas mesmas liñas ou de forma paralela aos últimos anos e sobre todo coa mesma ilusión. Neste senso, estamos inmerso en dous grandes proxectos que creo que son importantes para A Pontenova como son

Teño no tinteiro un proxecto importante que é a restauración da Ferrería de Bogo

o da tirolina e a residencia.

Que aspectos considera como veciño que se deben mellorar no rural?

É un pregunta complicada pero quizais habería que xerar traballo, ter iniciativas, ter ideas, ter máis medios... as veces parece que estamos acostumbrados a que as administracións nos solucionen todos.

A administración ten que poñer en marcha ideas e proxectos pero despois ten que ser a xente a nivel particular quen desenvolva e quen traballe esas ideas.

Que solucións considera que podería haber?

É difícil de contestar pero eu creo que é un tema social sobre os deberes e dereitos que temos cada un,

xa que para vivir en sociedade hai que convivir e aportar. Alguén dixo unha vez: non preguntes que pode facer o teu país por ti, senón que podes facer ti polo teu país.

Quizais o problema que ten o rural é que non hai xente para traballar, non hai relevo xeracional, e son traballos tan dignos como outros que deron de comer a moita xente durante moitos anos.

Cre no futuro do rural?

Si, eu creo no rural. Non só para vir de vacacións senón para vivir nel. E ten oportunidades e hai traballo, quizais diferente ao que pretendemos pero hai traballos que facer. Eu tampouco non quero que nos regalen nada aos do rural senón que o rural temos que facelo nós.

Como está a ampliación do polígono?

En principio esta en tramitación onde Xestur esta falando cos propietarios para mercar os terreos.

Atópase nunha nova fase que ocupará unha superficie de 10.313 metros cadrados e na que se habilitarán seis novas parcelas que ocuparán en total 5.140 metros cadrados. Tamén se definirán estruturas viarias e algo máis de 1.000 m2 de zonas verdes.

Unha obra moi importante que xa está en marcha é a residencia de maiores.

Si, é un servizo que a xente demanda e creo que funcionará moi ben. E necesario para nós, para os veciños da Pontenova pois hai moita xente que está vivindo nunhas condicións ás veces de soidade ou tristeza e incluso de descoido persoal como a xente que vive soa, e esta residencia podería serlles de gran axuda.

Dará emprego á veciñanza?

Si, dará traballo directamente a unhas 25 persoas e ademais creará indirectamente outros empregos e actividades económicas na vila como por exemplo os produtos de cociña que serán de proximidade.



Darío Campos, alcalde da Pontenova dende o 2007

Contará con moitas prazas?

Terá 30 prazas de residencia e 20 de centro de día e contará con dúas plantas, un semisótano e un ático e todas as habitacións estarán orientadas cara o río Eo.

Canto falta para poder vela aberta?

Esperamos que o ano que vén xa esté lista pois a contratación das obras xa está feita e estamos á espera do PIA de creación por parte da Xunta de Galicia, e espero que contesten na maior brevidade posible.

Falando dela nótaselle unha ilusión especial.

A residencia é unha cousa que a min persoalmente faime moita ilusión e teño moitas ganas de que chegue o momento de abril. É un dos servizos, que a min como alcalde da Pontenova e desde o comezo do meu mandato, máis importante me pareceu e por iso sempre quixen sacala adiante.

Será moi importante pois hai moita xente que vive soa no rural e é unha forma de solucionar ou de mellorar a súa calidade de vida e por riba de estar preto da súa contorna e dos seus veciños.

E o proxecto da tirolina, que suporá

para a vila?

A tirolina é outro gran proxecto do Concello e xa está case lista. Esta recrea o antigo funicular aéreo da mina e ten 330 metros de lonxitude e 50 metros de altura e unirá a mina Consuelo e o forno Boulosso. Xa se fixeron varias probas de baixada nela pero faltan detalles de última hora.

Cando se poderá facer uso dela?

Esperamos que a finais de xaneiro este funcionando e xa se poida abrir a web de reservas que xa temos creada. Esta tirolina vai ser un reclamo importante non só para A Pontenova senón para toda A Mariña e para a provincia de Lugo.

Cal é o propósito de cara ao 2022?

Por suposto o primeiro é ter boa saúde e gustaríame que os veciños gozaran dun bo ano cargado dela pois os demais problemas xa se irán arranzando.

Hai algún proxecto municipal gardado no tinteiro?

Teño no tinteiro un proxecto importante que é o da Ferrería de Bogo que é quizais o elemento etnográfico máis importante da Pontenova. Ademais de ter varias igrexas conta cun edificio que data do século XV e gustaríame poñelo en valor pois sería un reclamo turístico moi bo. Ademais é un lugar bonito e será moi agradecido para visitar e para ver e sentir como era a ferrería. Estamos a punto de rematar o proxecto pero como é un edificio particular temos que mercalo e despois restauralo e facer unha concesión de servizos de turismo e etnográfico con diferentes proxectos de recuperación de terras. É un proxecto importante para o que haberá que buscar financiamento de fondos europeos ou dalgúnha outra maneira.



Infografía da residencia de maiores e a ferrería de Bogo



O Concello organiza unhas xornadas de promoción dos bolos

Un ano máis, e xa coa XXXIII Tirada de Bolos Concello de Xove en marcha, o Concello, a través da súa Concellería de Deporte, xunto co Colexio Pedro Caselles Rollán de Xove, organizan unhas xornadas destinadas a promocionar o xogo dos bolos para os alumnos do colexio.

Polas Xornadas deste ano pasaron 16 alumnos de 5º de Primaria o martes 14 de decembro e 18 alumnos de 3º de Primaria e 23 de 4º o mércores 15. Quedan por participar os alumnos de 6º curso, que o farán nunha xornada por determinar en xaneiro do 2022.

As xornadas teñen unha dobre vertente, con explicacións teóricas a cargo do Técnico de Cultura Mario Eijo, e unha parte práctica a cargo do veterano xogador José González Rodríguez, quen se vai a encargar de explicarlles de forma práctica como se tira, como hai que coller a bola, etc. O obxectivo destas xornadas, ademais da promoción deste deporte en sí, é o de incorporar novos xogadores á Liga de Bolos Municipal,



Nenos participantes nas xornadas de promoción dos bolos

dado que hai uns anos tivemos un baixón no número de xogadores ao retirarse moitos dos vellos xogadores e non haber relevo; debido a isto, o Concello hai 21 anos decidiu crear unha Liga Sub 16 co fin de ir preparando xogadores que puideran cubrir as vacantes producidas polas citadas retiradas de vellos xogadores.

Lóxicamente, por idade, os mellores sitios onde se poderían atopar

novos xogadores serían os centros educativos, neste caso o CEIP Pedro Caselles.


Estas Xornadas, que como dixemos, véñense celebrando dende hai varios anos, contan coa colaboración do Departamento de Educación Física do Colexio Pedro Caselles, neste caso co profesor Jacobo Varela, a quen lle damos as grazas pola colaboración prestada para organización destas actividades.

Xa se coñecen os gañadores do concurso de postais de Nadal

O Concello de Xove fallou o Concurso de Postais de Nadal 2021-2022 organizado pola Concellería de Cultura do Concello. O xurado formado por Antonio Rey Pardiño en representación da SD Fútbol Sala Xove, Luz María Rego Araújo, en representación da Anpa Xove e Élica Álvarez Rodríguez en representación do Concello, escolleu aos 15 gañadores do certame.

Na categoría Preescolar (3, 4 e 5 anos) os galardoados foron Alma Rodríguez Fra, Raúl Fernández Duarte e Anaís Romero Suárez. Na categoría 1º e 2º de Primaria os premiados foron Felipe Basanta Domínguez, Adrián Rego García e Gabriel Miramontes Atanes.

Na seguinte categoría, a de 3º e 4º de Primaria, Óscar Berto-



lo Casabella foi o primeiro premiado, seguido de Paula Pérez Teixeira e Luka Purriños García. En 5º e 6º de Primaria, foron Inés Rodríguez Bermejo, Paula Sánchez Pernas e Carlota Eijo Rodríguez. E xa por último na de 1º a 4º de Eso os agasallados foron Alicia Fernández Vicente, Carla Casabella Puñal e Uxía Gradaille Durán.

O Xove Costa Trail muda de data a marzo



Os organizadores do Xove Costa Trail xa teñen en marcha unha nova edición da proba e que este ano muda de mes, así, celebrarase o 19 e 20 de marzo. Este ano haberá novidades importantes, cambian as distancias e recorridos das carreiras. A longa pasa a ser XCT35K, aumentando o seu percorrido 10km e sendo circular, con saída e chegada en Xove. A curta para a ser a XCT18K, aumentando 3 km o seu recorrido e seguirá sendo lineal con chegada en Xove, e a andaina será de 12 km sendo circular en sentido contrario ás carreiras.

As carreiras dos nenos serán un circuito trail no entorno de Roncadorio. A XCT35K, XCT18K e andaina celebrarase o domingo pola mañá e as carreiras dos nenos os sábado pola mañá. O Xove Costa Trail é unha carreira por montaña que transcorre na súa maioría do percorrido pola senda costeira do Camiño Natural do Cantábrico, desde a Praia de Portonovo percorrendo todo o sendeiro costeiro, para logo adentrarse hacia a parte interior do Concello de Xove por sendeiros e pistas forestais de uso público.

o vicedo



Concello do Vicedo

O Concello substituirá os xogos biosaudables de Moledos

O Concello do Vicedo contará cun renovado parque infantil na praia de Moledos, así, substituirá os xogos do circuito biosaudables existentes xa que se atopan en mal estado polas inclemencias meteorolóxicas.

O Goberno local tamén investirá na mellora do alumeado coa co-

locación de dez farolas solares na contorna das praias do Vicedo Vello.

Ambas actuacións suporán unha inversión de 96.000 euros que sufragará o Concello na súa totalidade. Espérase que estas dúas melloras esten rematadas en pouco tempo.

A curtametraxe 'Jakobsland' verase na vila de Santiago

A curtametraxe *Jakobsland*, un proxecto a cargo da produtora Queiman e Pousa, poderase ver o sábado 12 de febreiro na Cidade da Cultura de Santiago e máis adiante proxectarase no Vicedo.

Así, a praia de San Román e o Fucioño do Porco foron inmortalizados na curtametraxe que da difusión ao pasado viquingo da zona.

Esta gravación contou cun cento de persoas, entre protagonistas e figurantes, ademais da participación do Concello e dos negocios da contorna.

Esta curta contou con actores amplamente coñecidos do audiovisual galego como son Isabel Blanco, Alfonso Agra ou Serxio Pazos, e tamén cos actores internacionais Paul Kavanagh e Tim O'Sullivan, intérpretes de Vikings e Juegos de Tronos.

lourenzá



Os xoguetes están á disposición das familias

Rematada con éxito a recollida de xoguetes de Airsoft A Mariña

Os xoguetes recollidos na campaña promovida pola asociación Airsoft A Mariña están depositados nas dependencias do departamento de Servizos Sociais do Concello de Lourenzá, onde os seleccionan e empaquetan para entregalos posteriormente a familias con escasos recursos económicos. A alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, explica que “esta campaña foi organizada polo colectivo Airsoft A Mariña coa colaboración do Concello de Lourenzá. E os xoguetes están depositados nas dependencias do departamento de Servizos Sociais do Concello, onde se están seleccionando e empaquetando para entregar posteriormente”. O presidente de Airsoft A Mariña, o laurentino Lázaro Irimia, comentou que “logrouse xuntar moitos máis xoguetes do que esperábamos ao principio da campaña, que fixemos

por primeira vez e empezamos un pouco tarde. Pero finalmente a resposta da xente foi moi boa nos diferentes puntos de recollida, que tivemos en varios locais de Lourenzá, Burela, Foz e Trabada. E a intención é repartilos a familias necesitadas de varios concellos da Mariña”. Lázaro Irimia ten previsto repetir esta iniciativa para o vindeiro Nadal, pero “mellor organizada, con máis tempo, con máis locais de recollida e dándolle máis publicidade”. Todos os xoguetes recollidos na campaña están a disposición das familias na sala de servizos sociais do Torreón dos Frades para que ningún neno da comarca da Mariña se quede sin xoguetes no día de Reis. Dende o Concello “damos as grazas a toda a xente e a todos os establecementos que colaboraron coa campaña e tamén a asociación Airsoft da Mariña promotora desta iniciativa”.

Laura Rivas é a gañadora do concurso de postais de Nadal



Postal de Laura Rivas Iglesias

O Concello de Lourenzá escolleu a postal coa que vai felicitar as festas navideñas. A autora é Laura Rivas Iglesias, de 9 anos, que recibirá como premio 100 euros e un trofeo. O xurado tamén decidiu conceder un accésit á postal presentada por

Aldara Rexes Cupeiro, de 4 anos, que recibirá un lote de material didáctico. Os premios serán entregados mañá, xoves, durante a recepción de Papa Noel, que terá lugar nos baixos do Concello de 17 a 19 horas.

O Concello está a renovar a rede de saneamento da ponte de Lieiro

A rede de saneamento na zona da ponte de Lieiro está en proceso de renovación. O rexedor Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, o concelleiro de Turismo, David Rodríguez e a concelleira de medio ambiente, Mali Méndez, desprazáronse ata a zona de actuación para supervisar as labores de reposición. A obra pretende substituír a actual rede de saneamento, que é unha infraestrutura onde non se diferencian as augas residuais e pluviais, por unha que diferencie as canalizacións. Deste xeito evítase que as augas pluviais discurran tamén ata a depuradora, reducindo os custos e favorecendo notablemente o rendemento da mesma. Ademais, renovaranse os tramos de pavimento afectados pola obra. O orzamento desta actuación ascende a 47.651 euros, financia-



Visita do alcalde ás obras de Lieiro

dos na súa totalidade polo remanente das arcas municipais. Apunta o rexedor Alfonso Villares: “decidimos tomar a decisión de renovar a rede de canalizacións de saneamento da ponte de Lieiro, xunto cos técnicos municipais, porque que nos vai permitir establecer un novo equipamento que logre diferenciar o

tipo de augas, conseguindo unha maior eficiencia de recursos e reducindo os custos totais de xeito notable”. Engade o alcalde que “esta actuación dará un ofrezca unha mellora substancial na calidade de vida da nosa veciñanza e permitirá renovar unha infraestrutura indispensable no día a día”.

O Concello de Cervo felicita á veciñanza co seu tradicional calendario de Nadal

O Concello de Cervo felicita á veciñanza do municipio co seu tradicional calendario de Nadal. En total editáronse 2.200 exemplares que xa se están a repartir fogar por fogar. Tal e como explicou o rexedor Alfonso Villares, “este calendario é xa é todo un clásico do Concello de Cervo por estas datas, e cremos que é unha ferramenta moi útil para os nosos veciños porque recolle todas as datas importantes que terán lugar ao longo de todo o ano en Cervo, e tamén as festividades e días importantes que se conmemoran e celebran a nivel nacional; ademais da táboa de mareas e os teléfonos de interese do noso Concello”. Toda esa información vai incluída nun deseño moi especial, xa que cada mes vén ilustrado cunha fotografía de grupos de amigos, familias, de paisaxes, de xuntanzas ou de celebracións, que tiveron lugar no noso Concello; e que, de seguro, lles van traer moitos recordos aos protagonistas. “Son instantáneas que forman parte da fototeca municipal, cedidas polos nosos veciños, aos que lles temos que agradecer ese xesto xeneroso que nos permite recuperar anacos da nosa historia e recompilalos, ano tras ano, neste almanaque que ten tanto significado para nós”.

A poxa da Atalaia foi recorrida pola Sareb



O equipo de Goberno, ante o inmoible da Atalaia

O Concello de Cervo compareceu na poxa do inmoible en estrutura, sen rematar, situado na zona da Atalaia de San Cibrao, como único interesado. Aínda así, esta quedou sen efecto á espera da resolución ante o recurso da Sareb (Sociedade de xestión de activos procedentes de reestruturación bancaria). A adquisición dos terreos que conteñen este edificio forman parte dun plan de humanizar e abrir ao mar toda a contorna do faro. Este proxecto vai na liña xeral do goberno de acabar cos feísmos paisaxísticos no municipio. Nesta actuación concreta, o obxectivo é, ademais de reparar a panorámica da zona, poñer en valor o Xacemento Arqueolóxico do Castro da

Atalaia, posto que a edificación en cuestión afecta directamente a este lugar. A parcela ten unha superficie total de 1.658,42m2, que proxectan unha estrutura construída no ano 2007, na que se pretendía albergar 42 vivendas, con garaxes e rochos, en 7 niveis diferentes. O edificio, xunto cos terreos, saíron a poxa despois dos trámites administrativos realizados desde o Concello para posibilitar esta situación. No ano 2019 iniciouse un informe técnico de reposición da legalidade, que desembocou en tres multas coercitivas por un valor total de 13.000 euros e aprobouse o Plan Especial de Protección do Xacemento da Atalaia.

O polígono de Cuíña acollerá a planta de biorresiduos de Sogama

Sogama adxudicou á UTE Espina Obras Hidráulicas, S.A- Geoxa, General de Construcciones, S.L, por un importe de 6.383.949 euros (IVE incluído), a obra de execución e posta en marcha dunha planta de biorresiduos no Concello de Cervo, que formará parte da rede de infraestruturas deseñada pola Xunta a fin de que a meirande parte dos concellos adheridos a Sogama teñan acceso á valorización da materia orgánica e dispoñan dunha planta de biorresiduos, ou de transferencia, a menos de 50 km de distancia.

A instalación, que se levantará no polígono industrial de Cuíña, ocupará unha parcela de case 8.000 m² e dará servizo a 15 concellos do arco cantábrico galego (a práctica totalidade dos pertencentes á comarca da Mariña lucense, ademais de Mañón), aglutinando estes unha poboación de máis de 69.300 habitantes. É o caso de Cervo, Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzá, Mañón, Mondoñedo, Muras, Ourense, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove.

A planta acollerá todo o proceso de compostaxe, disporá de capacidade para tratar 3.000 toneladas de mate-



ria orgánica cada ano, ás que habería que sumar 1.600 toneladas de material estruturante (podas e restos madeira) e producirá ao redor de 1.500 toneladas de compost que se destinará, como fertilizante natural, ao sector da agricultura e gandería. Así mesmo, estará alimentada por enerxías renovables e equipada tamén con novos e innovadores sistemas de depuración de augas e de aire, así como de redución do nivel de ruído, garantindo con isto unha operativa respectuosa coa contorna máis inmediata.

A previsión é que as instalacións integradas nesta rede, ás que se des-

tina un investimento de 38.600.000 euros, entren en funcionamento a finais de 2022, propiciando que, xunto con outras plantas públicas e privadas de compostaxe, a recollida selectiva dos residuos orgánicos sexa unha realidade en Galicia, dando un salto importante cara ao cumprimento dos obxectivos europeos de reciclaxe para o ano 2025.

Esta actuación conta cun cofinanciamento dos Fondos Feder como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da Covid-19, toda vez que repercute na protección do medio ambiente e, en consecuencia, nunha maior calidade de vida.

Cervo anima á veciñanza a revitalizar as súas fincas con árbores froiteiras



O Concello de Cervo anima á veciñanza a participar no pedido conxunto de árbores froiteiras que tramita cada ano a delegación de Medio Ambiente, que dirixe Mali Méndez, “co obxectivo de revitalizar as fincas, para que sexan cada vez máis produtivas”. Méndez recorda que os impresos estarán a disposición das persoas interesadas ata o venres 21 de xaneiro, no Rexistro do Concello de Cervo.

Rematada a reparación da estrada danada pola choiva



Reparación da estrada danada

A Deputación de Lugo finalizou as obras de reparación dos danos ocasionados na estrada provincial LU-P-1504, en Cervo, logo de que sufrira un afundimento parte da calzada por mor das intensas choivas da borrasca Barra o 8 de decembro. A institución provincial investiu 15.000€ nestas actuacións.

O tráfico xa quedou restablecido este mediodía. Os traballos consistiron na reposición do muro

de sostemento con bloques de coeira, e tamén na substitución do firme con balastro artificial para poder estender o aglomerado en quente na superficie. Unhas obras que se desenvolveron coa máxima celeridade posible alongáronse menos dunha semana.

Esta vía é a que une Río Cobo coas fábricas de Sargadelos e con outros núcleos de poboación desta localidade cervense.

Entregadas as axudas ao transporte escolar



Momento da entrega das axudas ao transporte escolar

O rexedor Alfonso Villares, e a edil de Educación, Dolores García Caramés, veñen de entregar as axudas para transporte dirixidas ao alumnado que cursa estudos fóra do termo municipal; sempre que se trate de formación ou titulacións que non se impartan en ningún centro do Concello.

Nesta ocasión foron 27 os estudantes que recibiron un cheque de 150 ou 250 euros, en función da renda familiar.

Tal e como sinalou o alcalde, “trátase dunha subvención financiada ao 100% con fondos municipais, e é unha forma de aportar o noso grao de área á formación e educación dos nosos mozos e mozas”. Apunta a delegada de educación, Dolores García, que “o obxectivo non é outro que o de “dar apoio ás familias, porque somos conscientes do gran esforzo económico que supón para moitas delas a educación dos seus fillos”.

Entre os requisitos, por exemplo, téñense en conta os ingresos económicos da unidade familiar, que debe estar empadroadada no Concello de Cervo; e o alumnado debe ser menor de 30 anos.

Ademais ten que cursar algunha destas titulacións fóra do municipio: ensinanza universitaria, es-

tudos musicais en conservatorios e escolas de música, Bacharelato (nalgũa das modalidades que non se imparten no Concello de Cervo), ou calquera das seguintes ensinanzas en grao medio ou superior, como son FP, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, ou deportivas.

ANPAS. O rexedor e da edil de Educación entregaron as axudas dirixidas ás Anpas dos centros escolares do municipio, Ceip de Cervo, Ceip Península da Paz e IES Marqués de Sargadelos.

Tal e como sinalou o alcalde, Alfonso Villares, “o fin desta liña de axudas é o de contribuír a fomentar as actividades educativas e lúdico-culturais que promoven as asociacións de pais e nais ao longo de todo o ano e que van dirixidas a dinamizar a escolarización, ademais de brindarlles unha axuda económica para que poidan facer fronte aos seus gastos de funcionamento”.

Villares apuntou que “estas axudas forman parte dunha partida orzamentaria de 7.500 euros que dende o Concello diriximos á comunidade educativa tanto para a compra de libros e material escolar como para transporte”.



TRABALLADORES XUBILADOS. O Concello homenaxeou a dous traballadores xubilados en 2020 e 2021. Os agasallados foron Eulogio Vázquez Méndez e María Divina Trasancos Cabaleiro. Ambos recibiron das mans do alcalde unha figura institucional do Concello. Así mesmo, tamén se lle fará entrega da figura institucional a María Carmen Moscoso Cancio e María Pura Pico López, traballadoras municipais xubiladas nestes últimos anos.

Colaboración da Deputación para o polideportivo e o polígono

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, asinaron un convenio de colaboración polo cal a institución provincial achegará 44.000 euros para acometer melloras nas instalacións e equipamento dos vestiarios e ximnasio do polideportivo deste concello mariñano.

Os traballos consistirán en actuacións de acondicionamento da zona dos vestiarios e o ximnasio, así como da dotación de equipamento básico para o bo funcionamento desta instalación deportiva.

“Por fin podemos acometer estas melloras, que son unha demanda histórica deste concello. Levábamnos dous anos solicitando axudas á Xunta de Galicia para facer estes traballos, pero rexeitáronnos. Trátase dunha dotación fundamental para os veciños e as veciñas de Trabada e agora, grazas á Deputación, poderán desfrutala”, explicou García Bermúdez.

Pola súa banda, o presidente subliñou que “a Deputación é o Concello dos Concellos, e como Concello grande ten como prioridade colaborar e axudar na medida das súas posibilidades para que cada concello da provincia poida des-

envolver actuacións que non poden abordar por si sos e que sirvan para dotar de máis e mellores servizos públicos aos veciños e veciñas”. Nese senso, Tomé Roca garantiu a vontade da Deputación de seguir apoiando ao Concello para mellorar a vida da veciñanza de Trabada.

Esta nova colaboración económica de 44.000 euros que fai agora a Deputación de Lugo con Trabada súmase, entre outras, ao investimento de preto de 255.000€ que a institución aporta ao Concello a través do Plan Único deste ano 2022.

POLÍGONO. O Pleno da Deputación de Lugo aprobou a cesión gratuíta ao Concello de Trabada da titularidade de seis parcelas provinciais de solo rústico que suman unha superficie total de 68.392 metros cadrados coa finalidade de desenvolver un polígono industrial ou agroforestal, tal e como explicou a Deputada e tamén alcaldesa da localidade mariñá, Mayra García Bermúdez.

“Dende o Concello queremos aproveitar os recursos que chegan de Europa para paliar a crise sanitaria que estamos vivindo e da que aínda non nos recuperamos” para impulsar a creación dun polígono en Trabada.

“En calquera convocatoria que se fai, o primeiro que se solicita é a dispoñibilidade dos terreos, que teñen que certificar os secretarios municipais. Polo tanto, con este acordo podemos acreditar esa dispoñibilidade e por iso vén a aprobación a este Pleno”, explicou Mayra García, quen detallou que xa no mes de outubro “solicitamos fondos do programa Next Generation promovido polo Estado, en concreto, dentro do plan de apoio ao comercio para concellos de menos de 5.000 habitantes, e tamén concorremos a outras liñas de fondos europeos”.

PP. O Partido Popular de Trabada anuncia que non descarta recorrer a cesión dos terreos sen urbanizar da Deputación ao Concello, aprobada polo pleno do martes, “ao incumprirse o convenio que obrigaba ao organismo provincial a dedicalos a solo industrial”. Esta decisión débese a que os populares non están de acordo co procedemento da alcaldesa pois, “ademais de non informar aos grupos políticos deste trámite, o organismo provincial xa comprara en 2007 uns terreos para esta fin por valor de máis de 1,7 millóns de euros, que nunca foron urbanizados e tampouco se sabe a que se destinaron estes fondos”.



Novo punto limpo móbil



O Concello de Trabada conta cun novo punto limpo móbil grazas a unha achega de 70.000 euros a través da liña de subvencións en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondos Feder.

Trátase en concreto dun vehículo dotado de grúa e volquete basculante destinado aos servizos municipais, así como dun punto

limpo móbil, cunha grúa 4T, montada sobre o vehículo tras cabina a partir da roma de forza e cunha cesta de ferro para unha persoa homologada.

É un punto limpo móbil para pequenos residuos que se colocará en diferentes sitios do concello, segundo un calendario preestablecido ou segundo a demanda que poda existir nun momento.

Organizan unha conferencia sobre Avelino Díaz

Dentro da programación arredor dos 124 anos do nacemento de Avelino Díaz, celebrarase no Centro Sociocultural Avelino Díaz de Riotorto un acto que contará coa conferencia do profesor Bernardo Penabade Rei, investigador da obra de Avelino Díaz, cidadán de dous mundos, e coa actuación da Coral de Riotorto.

O evento, que será presentado por Yoani Jartín Salgado, terá lugar o sábado 15 de xaneiro, a partir das 17.00 h.

No acto farase entrega dunha edición en facsimile do libro de Avelino Díaz Unha voz comprometida na Galicia emigrante.

Para este evento a entrada será libre pero o aforo estará limitado en función da normativa covid vigente.

O BOP recolle a baixada aprobada do IBI Urbana

O BOP recolleu finalmente e para que sea efectiva, os cambios no imposto de bens inmobles urbanos quedando así recoñecido o acordo acadado no último Pleno, que implica unha redución do tipo impositivo do 0,65 % ao 0,50 %. Así, aprobouse en Pleno co voto favorable dos 6 concelleiros do PP e a abstención do BNG e PSOE.

Esta medida suporá un aforro medio para cada propietario dunha parcela urbana ou vivenda duns 50 euros no vindeiro ano 2022.

Esta medida foi aprobada de forma provisional xa que agora está en exposición pública para presentar alegacións por un prazo de 30 días antes que o Pleno eleve esta aprobación inicial a

definitiva no caso de ter que resolver as reclamacións que se presentaran.

A referida modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no BOP e no Taboleiro de anuncios, e sendo de aplicación dende o 1 de xaneiro de 2022.

En xaneiro deste ano o Grupo Socialista rexistrou unha moción coa que reclamaba esta redución dende o 0,65% daquel momento a un 0,45%, “permitindo así aliviar a carga financeira dos nosos veciños no complicado contexto socioeconómico actual no que nos atopamos”.

Pola súa banda, o BNG riotortense no ano 2017 pedía tamén unha rebaixa que lle permitira ao Concello manter a recadación.

O colexio promociona nos seus xantares os produtos locais

A Consellería do Medio Rural achegou produtos agroalimentarios galegos aos colexios de Riotorto e O Páramo para elaborar os seus menús de Nadal, unha iniciativa que se enmarca na rede Mercaproximidade e se leva a cabo estes días en oito centros da comunidade.

Participou nesta iniciativa o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Plurilingüe de Riotorto, onde os 34 alumnos e alumnas que utilizan o servizo do comedor puideron degustar un menú a base de fabas, tenreira, patacas, queixos, iogures e mel. Así mesmo, o CEIP Plurilingüe do Páramo ofreceu aos 50 alumnos e alumnas do comedor un menú similar, neste caso con carne de cordeiro.

Todos os produtos destacan pola súa calidade, ao acollerse a

distintivos como as indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega, Mel de Galicia e Faba de Lourenzá ou a denominación de orixe protexida Queixo Tetilla.

Estas xornadas están promovidas en colaboración cos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) e perseguen un dobre obxectivo; por unha banda, apoiar aos pequenos e medianos produtores galegos, e por outra, promover unha alimentación infantil saudable.

Os propios centros elixiron os produtos alimentarios de entre a oferta de Mercaproximidade, a canle alternativa de comercialización habilitada pola Xunta ao inicio da emerxencia sanitaria para garantir que as producións do sector primario galego atopaban saída nas principais cadeas de distribución.

A Catedral rehabilitarase cunha achega de máis de 6,5 millóns de euros

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, visitou a Catedral de Mondoñedo onde se referiu aos avances que a Xunta está realizando para rehabilitar o templo cun investimento de 6,5M€. En concreto, nestes momentos estase actuando no mural do presbiterio e nas pinturas murais, coa intención de rematen o vindeiro verán. Son as primeiras actuacións do Plan Catedral 2021-2027 que a Xunta ten en marcha nos grandes templos catedralicios galegos para que afronten a década xacobeana nas mellores condicións.

O titular de Cultura sinalou que o investimento previsto en Mondoñedo fará posible “reforzar e revalorizar” o papel deste templo, “unha das xoias do Camiño do Norte, incluída, como a de Lugo, na declaración de Patrimonio Mundial da Unesco de 2015”. Neste sentido, recordou que a Xunta tomou como punto de partida a restauración da Catedral de Santiago co obxectivo de blindar a conservación do resto das catedrais. “Foi un éxito colectivo ao que damos continuidade



Visita do bispo á Catedral de Mondoñedo

de en toda Galicia con traballos que requiren que todas as administracións implicadas traballemos sumando vontades e esforzos”, afirmou. No caso do presbiterio e murais da Catedral de Mondoñedo, sinalou que se trata da primeira dunha decena de actuacións que se desenvolverán ao longo dos vindeiros anos. Trátase de melloras que contan cun investimento de máis de 255.000€ de especial relevancia xa que os restos murais conservados contan cun gran valor.

Ademais destas actuacións, entre as que se porán en marcha ao abeiro do Plan Catedral destacan a limpeza e consolidación das torres, a rehabilitación integral da parte sen uso do Pazo Episcopal para ampliar o museo ou a resolución das humidades que afectan a diferentes puntos do templo. Así mesmo dotarase ao conxunto catedralicio dun novo proxecto museográfico e restauraranse bens artísticos como os órganos.

CONVENIO COA DIOCESE. Para con-

tinuar avanzando na posta en valor do patrimonio da provincia, o conselleiro e o novo bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos, asinaron hoxe un convenio para promover a restauración da igrexa do mosteiro de San Salvador en Vilanova, Lourenzá, así como para a restauración do conxunto mural da nave central da igrexa de Vilares de Parga en Guitiriz, ambas cun investimento superior aos 400.000€.

No caso da igrexa do mosteiro de San Salvador intervirase na lanterna do cruceiro, que inclúe a desmontaxe e posterior montaxe do cupulino, a reparación de danos estruturais nas fábricas de cantería da nave lateral sur. Elimínanse tamén filtracións de auga de chuvia a través da cuberta das naves laterais e se actualizará a instalación eléctrica.

No que se refire á igrexa de Vilares de Parga, en Guitiriz, as actuacións irán encamiñadas a restaurar o conxunto mural da nave central. Entre outras actuacións, limparase a superficie para devolverlle ao conxunto mural a uniformidade perdida.

Fin da concentración parcelaria na zona das Sasdónigas

A directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, presidiu a entrega de 609 títulos de propiedade da concentración parcelaria de Sasdónigas, no concello lugués de Mondoñedo, dando así por rematado este proceso que supuxo un investimento por parte da Xunta de case 1,5 millóns de euros.

Esta parcelaria comprende unha superficie dunhas 600 hectáreas e beneficia a 255 propietarios, que viron como a superficie media das súas parcelas se multiplicaba por cinco. Así, salientou a directora xeral, pasouse dunhas 3.500 parcelas iniciais a 609 fincas resultantes, o que conlevou unha mellora da estrutura territorial das explotacións da zona e, por tanto, unha diminución nos seus custos de produción.

Neste senso, Inés Santé puxo en valor estes procesos, que se converten nunha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na comunidade galega, dende o punto de vista da estrutura da propiedade. Así, a directora sinalou que a día de hoxe quedan 94 procesos abertos, pero que en 56 deles os veciños xa poden facer uso das novas parcelas.

O Concello avanza no saneamento das parroquias

Celebrouse unha reunión de coordinación entre o Concello e a empresa que xestiona o servizo de augas municipal, Aqualia. Entre os asuntos abordados, estivo o mantemento da rede de saneamento. Neste sentido, destacou a importancia de manter en bo estado de limpeza esta rede para evitar inundacións. Ata agora faise a limpeza un par de veces ao ano e no futuro intensificaranse estas tarefas, para facelas tres ou catro veces.

Por outra parte, na reunión púxose de manifesto que se encargan os proxectos de saneamento para Valiño, petición solicitada polos propios veciños do barrio nunha reunión celebrada no pasado mes de agosto. No mesmo encontro, planificouse a revisión de instalacións de abastecemento e saneamento nas rúas nas que hai obras en execución, como é o caso do acceso a Curuxeiras e a praza de Catedral. O goberno sempre destacou a importancia de renovar o que “non se ve” cada vez que se fan obras de mellora de rúas ou de firme.

Por outra parte, unha vez rematado a conexión do saneamento de Sasdónigas comprobouse o seu correcto funcionamento

Fallado o Concurso ‘O Mellor Recuncho de Mondoñedo’

A Concellería de Cultura fallou o VI Concurso de Fotografía “O Mellor Recuncho de Mondoñedo” baixo o lema *Elixo o lugar de Mondoñedo que máis che gusta*.

A fotografía gañadora foi a de Miguel Rubal Oubiña, seguida dá de Lucía López e Manuel Buján Peón.

Para o concurso do presente ano presentáronse 23 fotos das que, ademais da terna de gañadores, extractáronse outras 10 fotos máis,

por orde por orde de valoración, que xunto coas tres premiadas conformarán as imaxes do calendario do Concello de Mondoñedo do 2022.

A entrega de premios, que terá lugar nos vindeiros días, coincidirá coa presentación do calendario oficial do Concello de Mondoñedo. Concello e xurado agradecen a participación cidadá neste concurso e emprazan á veciñanza para o concurso do vindeiro ano.




XIV CONCURSO DE TAPAS. Entregáronse os premios ás mellores tapas do concurso, así, nas categorías de Mellor tapa tradicional e Mellor tapa valorada polo público os premios recaeron no Bodegón A Catedral coa súa tapa Cousas do Bodegón; e na categoría da Mellor tapa creativa o premio recaeu en O Palique coa tapa denominada Vaille Dando.

O Concello crea unha APP para dar a coñecer o turismo e o ocio

Mondoñedo vén de crear unha nova aplicación móbil para veciños e visitantes. Con Mondoñedo APP os usuarios poden manterse informados de todas as novidades (noticias, avisos, eventos) que teñen lugar no Concello, recibindo puntualmente no seu dispositivo unha notificación con cada comunicado. Ademais, esta nova canle de información conta cunha completa guía turística dispoñible en varios idiomas (galego, español e inglés), lector de códigos QR, un directorio de locais de hostalaría, comercios e empresas, e un servizo de comunicación bidireccional onde os usuarios poden enviar mensaxes ou reportar incidencias.

Dun xeito moi doado e intuitivo, Mondoñedo APP permite aos usuarios recibir avisos diarios no seu teléfono móbil sobre as últimas noticias municipais, bandos, normativas, cortes de tráfico, avisos, ofertas de emprego, subvencións, etc.

Os usuarios que descarguen a aplicación no seu teléfono intelixente poderán estar ao corrente de todo



o que acontece en Mondoñedo. A plataforma permite a subscrición sen custe a diferentes canles informativas (xeral, cultura, turismo, ocio, festas, etc.). Dependendo dos intereses dos usuarios, estes poderán escoller recibir notificacións dos comunicados que se publiquen soamente nas canles da súa elección ou en todas as dispoñibles.

Neste apartado da aplicación ofrécese información actualizada sobre os vindeiros eventos e sobre información de interese sobre máis dun cento de elementos patrimoniais da cidade (monumentos, museos, patrimonio histórico, entorno natural, rutas, arqueoloxía, artesanía, gastronomía, etc.).

DEPUTACIÓN

Aprobado o Plan Único 2022

O último Pleno do ano deu para adiante á proposta do equipo de Goberno, que contempla un investimento de 21,5 millóns

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario de final de ano as bases do Plan Único do ano 2022, que está dotado con 21,5M€ e que simplifica aos concellos a xestión dos fondos ao eliminar trámites administrativos intermedios. A proposta foi aprobada cos votos a favor dos grupos do PSdeG e do BNG, e coa abstención do Partido Popular.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de dar este paso no ano anterior ao período de vixencia do plan porque así as entidades locais “poden planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, co que aproveitan mellor os recursos económicos”.

José Tomé destacou así mesmo que dende o inicio do mandato “incrementamos a dotación económica do Plan Único de 21 a 21,5M€”, a ferramenta “máis importante que ten a Deputación para a colaboración cos concellos” e, ademais, “cada ano melloramos as condicións para que sexa máis útil”, subliñou o presidente, destacando neste sentido que no 2022, como novidade, os concellos só deberán enviar a documentación que acredite e xustifique debidamente as actuacións realizadas, eliminando trámites intermedios.

Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu en que este programa “forma parte do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos. Cada ano tratamos de incorporar melloras no Plan Único, sempre pensadas para facilitarlles a planificación e a xestión dos investimentos e para



O presidente da Deputación, entrando no salón de plenos

que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”.

Neste sentido, García Porto afirmou que a simplificación dos trámites administrativos, coa supresión de prazos intermedios, que se aplicará no 2022, “algo moi importante sobre todo para os concellos máis pequenos, que teñen menos recursos humanos e técnicos”, súmase a outras melloras implantadas nos últimos anos, “como o incremento do Plan Único ata acadar os 21,5M€, que mantemos este ano, a apertura dunha liña para que os concellos poidan ofrecer apoio á hostalería, ao turismo e ao comercio, dos sectores máis afectados pola pandemia, ou a posibilidade de imputar gastos con cargo a estes fondos dende principios de ano”.

O Goberno da Deputación prevé que

a principios de xaneiro xa se poida abrir o prazo para que os concellos presenten os proxectos que queren desenvolver cos fondos do Plan Único, ao aprobarse as bases.

CRITERIOS OBXECTIVOS. No Plan Único do 2022, a Deputación mantén a distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos públicos entre os 67 concellos da provincia, “algo que botamos en falta doutras administracións e que redunda na cohesión social e no equilibrio territorial, e, polo tanto, no beneficio da provincia”, asegurou a deputada.

A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que se aplican. Ademais, fíxase unha contía máxima de 500.000 e mínima de 200.000€, coa que se blinda o financiamento

do concellos máis pequenos.

UN PLAN ÚNICO DA XUNTA. No Pleno deste martes saíu adiante tamén, cos votos a favor do PSdeG e o BNG e en contra do PP, unha proposta do Goberno para reclamar á Xunta de Galicia a elaboración dun Plan Único para concellos e deputacións.

A voceira socialista destacou que esta proposta vén a recoller a petición que “o presidente da Deputación formulou en novembro no Parlamento de Galicia e recolle as reclamacións formuladas pola FEGAMP e a FEMP pedindo un financiamento suficiente baseado en criterios obxectivos”.

O Goberno da Deputación, dende o inicio do mandato, inxectou 64M€ nos concellos da provincia, un investimento co que acometeron en total unhas 1.000 obras e subministracións e contrataron a máis de 900

persoas, lembrou a deputada, asegurando que, pola súa banda, “con datos de 2015, un da cada cinco concellos galegos dedicou máis do 20% do seu orzamento a facer fronte a gastos impropios. Ese ano, os municipios galegos gastaron nese sentido uns 242M€. Pola contra, o Fondo de Cooperación Municipal da Xunta era duns 113M€”.

“O desprezo da Xunta ós concellos púxose de manifesto con toda a crueza na pandemia. 1.800 millóns de fondos extra percibidos do Estado e da UE. Nin un euro transferido ós concellos, aos que, ademais, se lles pediu que asumiran o custo das desinfeccións ou mesmo que estableceran controis perimetrais de corentena”, apuntou García Porto.

Por iso, a proposta do Goberno, o Pleno aprobou instar á Xunta de Galicia a aprobar un Plan Único para concellos e deputacións elaborado de acordo con criterios obxectivos similares aos empregados na institución provincial lucense; garantir que o devandito Plan Único iguale, polo menos, a porcentaxe orzamentaria que a Deputación de Lugo dedica á cooperación cos concellos, que supón un 20% do total, polo que, cos orzamentos da Xunta para 2022, de 11.627 M€, isto equivalería poñer á disposición da administración local galega 2.325M€; e presentar á maior brevidade un proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp, un proxecto que clarifique as competencias municipais, determine o seu financiamento e garanta un fluxo de fondos anuais repartidos de xeito obxectivo que permita a planificación das políticas municipais.

ABADIN	337.055,11 €
ALFOZ	274.196,80 €
ANTAS DE ULLA	274.301,59 €
BALEIRA	277.464,84 €
BARALLA	292.595,56 €
BARREIROS	276.404,18 €
BECERREA	303.947,87 €
BEGONTE	296.673,21 €
BOVEDA	246.877,91 €
BURELA	376.404,19 €
CARBALLEDO	316.550,68 €
CASTRO DE REI	395.470,03 €
CASTROVERDE	304.596,43 €
CERVANTES	329.824,00 €
CERVO	297.362,87 €
CORGO (O)	341.414,11 €
COSPEITO	363.065,05 €

CHANTADA	471.849,81 €
FOLGOSO DO COUREL	269.009,93 €
FONSAGRADA (A)	444.285,24 €
FOZ	429.621,41 €
FRIOL	412.703,31 €
GUITIRIZ	446.479,57 €
GUNTIN	318.059,51 €
INCIO (O)	289.486,97 €
LANCARA	298.607,89 €
LOURENZA	252.721,86 €
LUGO	500.000,00 €
MEIRA	224.743,86 €
MONDOÑEDO	309.135,66 €
MONFORTE DE LEMOS	500.000,00 €
MONTERROSO	307.724,16 €
MURAS	284.064,87 €
NAVIA DE SUARNA	306.506,68 €

NEGUEIRA DE MUÑIZ	194.267,77 €
NOGAIS (AS)	243.368,74 €
OUROL	305.960,67 €
OUTEIRO DE REI	359.001,21 €
PALAS DE REI	378.157,78 €
PANTON	330.103,55 €
PARADELA	291.020,42 €
PARAMO (O)	245.691,31 €
PASTORIZA (A)	327.219,01 €
PEDRAFITA DO CEBREIRO	254.013,46 €
POBRA DO BROLLON (A)	283.495,95 €
POL	268.331,14 €
PONTENOVA (A)	274.668,93 €
PORTOMARIN	263.989,47 €
QUIROGA	351.988,04 €
RABADE	195.887,76 €
RIBADEO	450.612,27 €

RIBAS DE SIL	231.114,70 €
RIBEIRA DE PIQUIN	231.652,20 €
RIOTORTO	238.089,60 €
SAMOS	282.251,29 €
SARRIA	500.000,00 €
SAVIÑAO (O)	383.959,75 €
SOBER	323.730,24 €
TABOADA	329.800,53 €
TRABADA	253.891,01 €
TRIACASTELA	204.414,27 €
VALADOURO (O)	288.261,69 €
VICEDO (O)	258.502,76 €
VILALBA	500.000,00 €
VIVEIRO	500.000,00 €
XERMADE	308.297,41 €
XOVE	279.051,89 €
TOTAL	21.500.000 €

Lanza un novo plan de emprego para a mocidade

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou este xoves xunto co director do departamento de Aceleración Empresarial da Escola de Organización Industrial (EOI), Javier Benito, o Programa de Acompañamento á Inserción Laboral da Mocidade. Reiníciate: enfoca o teu futuro, unha nova iniciativa dotada con máis de 1M€ de orzamento que ten como obxectivo favorecer a inserción no mercado de traballo de máis de 400 mozos e mozas da provincia ofrecéndolles formación gratuita e prácticas remuneradas en empresas e entidades en profesións con alta demanda vinculadas coas novas tecnoloxías e a dixitalización. José Tomé, que estivo acompañado tamén polo deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, explicou que o programa forma parte do Plan de Impulso da Economía da Provincia lanzado pola Deputación para favorecer a reactivación do tecido produtivo fronte ao impacto da pandemia.

O programa está promovido pola Deputación e a EOI cun orzamento de 1.082.950€, achegados nun 85,9% pola Escola de Organización Industrial a través do Fondo Social Europeo, que supón 930.254,05€. A institución provincial asume o 14,1% restante, o que supón 152.695,95€.

Un programa que dá continuidade ao Reiníciate: dixitaliza a túa empresa, que tamén puxeron en marcha ambas entidades e que está tendo moi boa acollida entre as empresas da provincia.

O Presidente explicou que o Programa de Acompañamento á Inserción Laboral da Mocidade. Reiníciate: enfoca o teu futuro, que arrancará en xaneiro e prolongarase durante un ano, dispón de máis de 400 prazas destinadas para a mocidade dos 67 concellos da provincia que estean en situación de desemprego. Deben ter entre 16 e 30 anos e atoparse inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil para poder participar.

“O obxectivo é darlles ferramentas para axudarlle a encontrar traballo ofrecéndolles para iso información especializada, teórica e práctica, naqueles ámbitos que hoxe en día máis se reclaman no mundo laboral”, explicou José Tomé. Nese sentido, manifestou que “é unha formación que responde á necesidade real de perfís profesionais que se están demandando, é dicir, os que máis expectativas de inserción laboral teñen”.

A formación estará dirixida, principalmente, á adquisición de coñecementos e tarefas vencelladas ás novas tecnoloxías, á dixitalización e á administración electrónica. Os con-



Presentación do programa Reiníciate

tidos das 23 accións centraranse nas ramas de: community manager e márketing dixital, xestión informática para pemes e asociacións, xestión informática para licitacións públicas, xestión comercial e redes sociais. Estes programas impartiranse de maneira semipresencial, “facilitando desta maneira que o alumnado poida recibir formación dende calquera punto da provincia, dándolles un trato personalizado e fomentado o traballo en equipo”, destacou o mandatario provincial no acto de presentación.

PRÁCTICAS REMUNERADAS. Este novo programa da Deputación e a EOI inclúe ata tres meses de prácticas non laborais que serán remuneradas. O alumnado poderá completar a súa formación tanto en empresas como en asociacións da provincia cobrando uns 700€ ao mes durante este período.

Tomé Roca puxo en valor que “grazas a este programa os participantes mellorarán a súa capacidade e aptitudes para encontrar un traballo e, ao mesmo tempo, as empresas

e entidades da nosa provincia, coa incorporación deste tipo de perfís profesionais poderán mellorar a súa actividade, ser máis eficientes, ter máis recursos para optar a procesos de concorrência pública e ser máis áxiles nos seus procedementos administrativos e no mundo dixital”.

“A previsión coa que traballamos é que a inserción laboral deste programa sexa, polo menos, dun 25% dos participantes. É dicir, que uns 100 mozos e mozas consigan un emprego ao rematar este programa. Esta é unha previsión, pero oxalá poidamos superar esa porcentaxe”, recalcou o mandatario provincial.

O prazo de inscrición xa está aberto e pódese formalizar na web: empleojovenlugo.es. Habilítase o teléfono 982 26 02 04 para resolver dúbidas que poidan xurdir. A previsión é que o programa arranque en xaneiro.

Ao acto de presentación do Programa de Acompañamento á inserción laboral da mocidade. Reiníciate: enfoca o teu futuro asistiu unha ampla representación do tecido asociativo social, profesional e xuvenil da provincia.

Volve o programa da Deputación Coñece a túa provincia

O Goberno provincial aprobou lanzar a segunda tempada do programa de viaxes gratuítas para entidades sen ánimo de lucro Coñece a túa provincia tras a gran acollida da primeira edición.

A Xunta de Goberno aprobou as bases reguladoras da convocatoria do programa para o ano 2022, durante o que a Deputación ofrecerá un máximo de 3.036 prazas repartidas en dous períodos: a primavera (de marzo a xuño), con 1.794 prazas, e outono (de setembro a decembro), con 1.242 prazas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), aínda que a Deputación informará do día concreto a través dos seus canais habituais.

Cada entidade interesada poderá presentar unha única solicitude, que poden enviar vía telemática a través da sede electrónica da Deputación; entregala no Rexistro da Deputación previa cita telefónica; en calquera dos rexistros que menciona a Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou tamén nas oficinas de Correos.

As condicións das viaxes e os itinerarios dispoñibles son os mesmos que a primeira tempada do programa, aínda que as persoas interesadas teñen toda a información na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal)

O ente provincial realizou máis de 60 accións para impulsar o turismo provincial

O Consello de Turismo celebrou a última reunión do ano na que se deu conta das accións realizadas pola área de Turismo ao longo deste 2021.

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, abriu a sesión recalcando que as máis de 60 accións postas en marcha pola Deputación de Lugo no 2021 en materia de turismo tiñan o obxectivo prioritario de apoiar ao sector turístico “como un sector estratéxico para a nosa provincia”. Neste sentido García Porto expuxo que traballouse para “axudar na súa recuperación fronte ó impacto que as restricións pola pandemia tiveron na súa actividade, e facelo impulsando un modelo de turismo de calidade e sostible, non masificado, de experiencias, na natureza, que pon en valor o

patrimonio, un modelo no que levamos traballando dende hai moito tempo, pero que, precisamente, se viu revalidado coa chegada da pandemia”.

Entre as diferentes accións levadas a cabo polo servizo de Turismo da institución provincial destacan programas como Saborea a túa provincia e Coñece a túa provincia, centrados no turismo de proximidade; o programa de ocio Actívatse; as rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra ou as diferentes actividades vinculadas á Ruta Transrománica. Iniciativas que se combinaron cos patrocinios de grandes eventos deportivos como La Vuelta Ciclista, a Gold River Race ou a participación do piloto monfortino Eduardo Iglesias no Dakar 2021; e audiovisuais como a película Live is Life do cineasta Dani de la Torre.

Comeza o proceso de elaboración do primeiro Plan de Igualdade

A Deputación está artellando os mecanismos necesarios para elaborar, negociar e aprobar o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes co que contará a institución provincial.

A voceira socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que se trata dun instrumento de “modernización do sistema de xestión da Deputación que garanta unha estrutura interna e unhas relacións coa sociedade guiadas pola igualdade de xénero”.

O presidente, José Tomé Roca, convocou unha Xunta de Voceiros e Voceiras para manifestar a vontade por parte do Goberno de elaborar un Plan de Igualdade, unha proposta que recibiu o apoio unánime dos grupos políticos representados na Corporación.

Tras esta xuntanza, constituíuse a comisión encargada de impulsar e



Reunión da comisión de Igualdade

coordinar os traballos para sacar adiante o Plan de Igualdade, que estará formada por 8 persoas, entre representantes da institución, persoal técnico da Deputación e representantes das organizacións sindicais. A institución está, ao mesmo tempo, traballando nun estudo de diag-

nose da situación actual do organismo en materia de igualdade, que “servirá para detectar as medidas de mellora a incorporar no Plan, que, se non hai imprevistos, esperamos ter listo nos primeiros meses do vindeiro ano 2022”, apuntou a voceira socialista.

AGRO

A Xunta convoca novas axudas para os danos do lobo e o xabaril

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de publicar dúas novas convocatorias para paliar os danos do lobo e do xabaril, cun orzamento global de preto de 2,1 millóns de euros.

Unha das novidades da convocatoria para paliar os danos producidos polo lobo é a inclusión dun importe adicional, en concepto de lucro cesante, para o gando bovino e ovino-cabrun reproductor de carne e leite (femias). Suporá un incremento dun 10% nos importes das reses bovinas con maior afectación polos danos (maiores de 2 anos) e equinos menores de 4 meses; de case un 12% en ovinos menores de 6 anos (pasan de 59 a 70€); e dun aumento dun 18,6% para os anos (103 a 115€).

A convocatoria conta cunha partida inicial de case 650.000 euros, polo que a Xunta mantén o esforzo realizado nos últimos anos tendo en conta o escenario incerto e inseguro xuridicamente que se presentou para o sector desde o mes de setembro, a raíz da publicación da orde do Goberno central que elevou o status legal da especie mediante a súa inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.

A orde recolle un ano máis a posibilidade de sufragar os gastos veterinarios das reses que resulten feridas e, de ser necesario no caso de sufrimento grave e irreparable, tamén cubrirá os gastos de eutanasia acreditados e realizados de forma regrada por un profesional. Novamente,

serán subvencionables os abortos que sufran as reses, como consecuencia do acto de depredación e tras a correspondente acreditación veterinaria.

En canto á orde de axudas para paliar os danos do xabaril sobre cultivos, a nova convocatoria dispón dun orzamento de 1,45 millóns de euros. Unha das novidades é que se incrementa o importe máximo da axuda nun 25%, xa que se fixa nos 2.500 euros, fronte aos 2.000 euros por beneficiario que estipulaba a anterior convocatoria.

A Xunta declarou o pasado mes de agosto a emerxencia cinexética temporal en 29 comarcas galegas para frear os danos do xabaril, que estará en vigor ata o 27 de febreiro de 2022.



Vacinación

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe para comezar o ano imos falar dun tema moi manido e cheo de imprecisións intencionadas por certos grupos (que moitas veces veñen por grupos conspiranoicos e pseudocientíficos) e ese tema son as vacinas, e así imos falar de elas dende o enfoque veterinario e no mundo das mascotas.

As vacinas son un pilar básico na erradicación de enfermidades, dende que se descubriu a vacina da variola a finais de 1700 (co cal non podemos dicir que é algo moderno nin testado) e dende entón hai outras enfermidades que foron erradicadas ou cando mínimo reducidas a mínima expresión, como a polio...

E o mesmo ocorreu con enfermidades animais como a rabia... pero nestes últimos anos internet, que moitas veces non ten control do que se publica, comezou a espallar mentiras e información sesgadas e cousas que non se sabe moi ben de onde veñen... Estamos vendo que as taxas de vacinación dos animais baixaron e incluso vemos camadas que veñen a clínica sen desparasitar nin vacinar... e ahí veñen os problemas.

As vacinas, a mellor comparación que podemos facela sería que ensinan (mediante diversos mecanismos en función da vacina e do patóxeno) ensinan o noso sistema inmune cales son os patóxenos dos que deben defenderse, e cando o patóxeno aparece en el, fai que o corpo e o noso sistema inmune. E iso estámo-lo vendo no caso desta última vaga da Covid, na que a pesares de ter uns números de contagios enormes, temos menor taxa de ingresos, e isto é a causa da vacinación. E do mesmo xeito a vacina

non impide que nos infectemos (si, reducen o risco de infección pero se non temos os coidados debidos, infectaremonos igual), a diferenza está que o dano que nos causen sexa moito menor, do mesmo xeito que un chaleco antibalas evita que morramos dun disparo no peito pero non evita que se rompan rompan as costelas no proceso.

Esto mesmo ocorre cas vacinas animais e por iso é fundamental a boa xestión das pautas de vacinación.

Primeiro: as vacinas son medicamentos veterinarios de prescripción e aplicación veterinaria, e teñen que cumprir unha estricteza de frío, co cal as vacinas non poden ser vendidas nin aplicadas por particulares (cousa que vemos e sempre están asociadas a súa ineficiencia). Segundo: Os programas de vacinación teñen unhas pautas de aplicación (tempo entre doses, tipo de vacina) dadas pola experimentación do laboratorio e os resultados dos mesmos.

Terceiro: As pautas de vacinación deben vir acompañadas de unha exploración do estado xeral do animal e deben ir acompañadas de un programa de control de parásitos (que tamén só o pode prescribir un veterinario). Ademais a desparasitación é fundamental no cachorro, xa que vemos que moitas veces acoden cachorros a vacinar e teñen cargas parasitarias moi elevadas, eses mesmos parásitos danan as súas paredes intestinais e diminúen as súas defensas facéndolos susceptibles a contraer enfermidades como a parvovirose. E as vacinacións deben repetirse cunha base fixa en animais adultos para manter a inmunidade o longo da vida das nosas mascotas.

Estamos vendo casos de camadas enteiras afectadas de parvovirose, animais adultos afectados de moquillo e brotes de tos das canceiras e nos gatos de panleucopenia... e é unha magoa que se produzan xa que todas elas teñen vacina.

O 1 de febreiro iníciase o período de solicitude das axudas da PAC do 2022

O Consello de Ministros aprobou o real decreto que modifica outros tres de decembro do 2014 sobre a aplicación da política agraria común e que adapta á normativa nacional outras actualizacións realizadas pola UE.

Estes cambios, como avanzou o Ministerio de Agricultura nun comunicado, permitirán que os agricultores e gandeiros españois poidan percibir máis de 7.425 millóns de euros en axudas no 2022.

Nos 7.425 millóns está incluído tanto o Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (FEGA), de onde veñen as axudas directas, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), de onde proceden as axudas do segundo pilar. A campaña de solicitude das axudas iníciarase o 1 de febreiro. Entre as principais modificacións que recolle esta norma está a definición de «coeficiente de admisibilidade de pastos» que permitirá que as comunidades autónomas poidan establecer na súa normativa un valor mínimo de coeficiente por baixo do que dita superficie non será subvencionable.

Tamén se modifican as axudas asociadas gandeiras. Neste sentido, aclara o procedemento de cómputo de animais elexibles para os que empecen a súa actividade, de tal maneira que a autoridade competente poida aplicar a «opción máis beneficiosa para estes solicitantes».

O PSOE reclama á Xunta as subvencións para o control de incendios nos montes veciñais



A portavoz de Agricultura do Grupo Socialista, Carmen Rodríguez Dacosta, reclamoulle ao goberno galego que abra xa as solicitudes de subvención para levar a cabo as labores preventivas de incendios forestais nos montes veciñais e os tratamentos silvícolas para o incremento do valor ecolóxico dos bosques. Rodríguez presentou unha iniciativa en Comisión parlamentaria que foi rexeitada polo PP.

A responsable socialista explicou que os traballos están condicionados á aprobación da axuda, e a Xunta ten un prazo máximo de 5 meses para notificar a resolución, o que provoca que de retrasar máis o procedemento de novo poderíamos atoparnos con que as labores preventivas non poden comezar ata despois de que comece a temporada de risco de incendio. Rodríguez Dacosta alertou fronte ao risco de que se repita a situa-

ción deste mesmo ano, cando a pesares de ter rematado o prazo legal, houbo solicitantes que non puideron comezar coas labores preventivas ata o mes de novembro. Advirte que “é de perogrullo sinalar que o relevante e o obxecto da orde de axudas é que estas poidan realizarse antes de xuño e polo tanto da época de alto risco de incendios”.

A parlamentaria socialista levou ao parlamento o “enfado crónico” do sector forestal, que se atopa cada ano coa mesma situación de que “chega o verán sen que se fagan os traballos de prevención”. Explica que as comunidades de montes non poden comezar cos traballos ata que os técnicos da Xunta elaboren un informe que non chega ata despois da época de alto risco de incendios, e iso cando teñen a sorte de que as condicións climatolóxicas son axeitadas.

COLABORACIÓN

Sobre tapar a cabeza

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

O director Wes Craven creou a Freddy Krueger a imaxe e semellanza do home do sombreiro, o cal afirmou ver cando era un meniño cun sombreiro de ala ancha. Non lembramos ao paisano pola roupa, impuxemos o apelativo polo accesorio que levaba na cabeza. Porque para levar sombreiro unha de dúas: ou tes un estilo característico no vestir que fai que a xente se xire cando pasas ou todo che da tan o mesmo, que poderías levar un sombreiro coma un pucho dalgunha marca de penso, que o efecto viría a ser o mesmo, un esperpento.

Persoa que destaca pola súa fealdade, desaliño ou aparencia ridícula ou grotesca, calquera de nós un venres universitario vaía.

Afortunadamente, cando penso nun sombreiro, o primeiro que se me vén á cabeza é un señor con boina ou, mellor dito, un patrón cun Trilby, un sombreiro inglés que ben seguro lembramos todos dos nosos avós, cando menos todos os que temos avós que foron algunha vez a unha feira de gando, de feito a súa orixe remóntase ás cacerías. Tamén ao comezo estaba asociado ás mulleres, pero acabou popularizándose na cabeza de homes que convivían entre reses. Porque aí cumpría unha función, era unha sinal distintiva para as posibles inclemencias do tempo. Hoxe en día, levalo tomar os viños dentro de calquera bar é cando menos, de

parvos. Porque se algo nos ensinou o avó co exemplo foi a descubrir a cabeza para entrar nalgures ou para falar con calquera. Lembro ese xesto tan de seu, coa man dereita agarraba a viseira e levábala ao peito, apertaba contra si o accesorio como amosando un respecto que el levaba por bandeira, e penso agora no que lle custa aos meus alumnos quitala pucha cando llelo recrimino en clase e danme ganas de chorar.

Lembro cando a miña amiga M. comezou a mocear. O afortunado era un rapaz que por aquel entón vivía en Burela, P., alto e guapo, iso aínda o é agora, pero como di Belén, destragouse. A miña nai pediulle que lle ensinase unha foto do tal rapaz polo que M. bebía os ventos, creo que co de ser nai che vén outro superpoder, o de poder

calificar con exactitude as virtudes e desventuras de calquera posible candidato a emparentar contigo, B. torceu o queixelo. Ambas nos quedamos agardando polo comentario despectivo, pero ela só dixo unha misiva, que por certo, sentou xurisprudencia: “ti verás, pero os que tapan a mola... por aí lles empeza o mal.” Daquela creo non entender absolutamente nada, de feito, foi mozo de M. durante máis dun verán, e iso, sendo ela, xa me fai recordalo. Pero co tempo coido que foi o meu pai o que me explicou que as gorras, coma todo, cumpren unha función e levalas cando non fai sol pousadas na cabeza non che impronta personalidade, é coma levar escrito na fronte: fun feito coa bombona deitada.

A protagonista da serie que estou a ver agora, Emilie, sempre leva cu-

bertas as perfectas ondas peinadas coma se non vivise nun París húmedo e lúgubre, e quizais sexa por iso porque aguanta ben peinada toda a serie, porque leva boina. Pero ademais de protexerse das inclemencias do tempo, vai impecable. Porque ela si ten estilo suficiente como para levar algo na cabeza e que lle quede ben. Porque é desas cousas, relegada a unhas poucas. Semella isto un claro contraargumento ao uso de sombreiros, e agora debería dicir iso de que cada un poña o que lle apeteza, pero lonxe diso, coido que o seu uso é unha sinal de pulcritude, de estilo e de personalidade.

Porque para levar algo na cabeza unha de dúas: fan falta moitos cartos ou moito estilo, e a maioría dos mortais non temos moito de ningunha das dúas.

Chirlomirlo

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Son feo, son triste e aínda por riba estou namorado. O meu nome é O Chispas. Herdei o alcume de meu pai. Era electricista e morreu colocando as luces de Nadal. Eu era aínda un cativo. Dixéronme que fora un lóstrego. E son músico. Músico, músico. Músico da música. Un músico cósmico.”... Humor e risas. .. A música naceu co rechouchío. Da mágoa ou da alegría. Do amor ou da morte. Por iso, matar un reiseñor, que tanto canta de día como de noite, é un crime que non ten perdón. Como matar unha andoriña. A primeira sinfonía é a da natureza. Unha fraga é unha grande orquestra. O vento é música e cada árbore ten a súa. A choiva é música. Cada onda de mar ten a súa clave musical, o seu chirlomirlo... Beleza e inspiración.

Estes dous fragmentos pertencen a un dos últimos libros publicados polo gran Manuel Rivas, O Chispas. En principio trátase de litera-



tura xuvenil -está recomendado para maiores de 12 anos- pero a verdade é que estamos a falar desas pequenas xoias que transcenden a idade. Cómico e fermoso a partes iguais. Un tipo de talento reservado a uns poucos elixidos. Lendo só as primeiras páxinas non podes deixar de sorrir, inmediatamente xa queres saber máis dese tal “Chispas”, un tipiño singular... Existen moitas definicións distintas para o concepto de “música”, pero poucas son tan orixinais e evocadoras como coa que Rivas nos agasalla neste libro. Non podo parar de imaxinar sobre a partitura a Sinfonía “Heroica” de Beethoven escrita no chirlomirlo de Mi bemol Maior ou a Quinta de Mahler no chirlomirlo de Do diése menor, non sería

xenial? Se buscamos o vocábulo “chirlomirlo” no dicionario aparecerá como sinónimo de estornio,

paxaro da familia dos estúrnidos (sturnus unicolor), de cor negra e peteiro aguzado en tons amarelos, moi común en Galicia, que adoita vivir en bandadas moi ruidosas. Sen dúbida, unha definición clara e concisa. Nada que dicir. Pero, acaso non é máxico trazar as palabras dándolles outra vida, outra historia que contar detrás dun grupiño de letras ben cosididas? Ligar “chirlomirlo” con “clave musical” é simplemente xenial.

En realidade cada cousa ten o seu chirlomirlo, basta con saber escoitalo. Iso si, é necesario tomarte o tempo e a calma para poder apreciálo no medio do ruído das nosas “vidas modernas” ateigadas de tecnoloxía. Vai ser que as redes sociais non teñen chirlomirlo... Basta con ver Don’t Look Up, unhas das últimas longametraxes estreadas en Netflix, dirixida por Adam McKay e protagonizada por Leonardo DiCaprio, Jennifer Lawrence e Meryl Streep. Esta delirante historia, chea dun surrealismo exquisito, conta como a especie humana afronta a súa propia extinción debido á súa propia estupidez. A estupidez elevada á enésima potencia. Máis de dúas horas de risas onde se mestura sátira e comedia dun xeito maxistral. Aínda así, lembro unha escena de auténtico caos e destrución que

tiña o seu aquel, o seu chirlomirlo. Esa estraña beleza destrutora presente na propia Natureza, na súa forza imparabile e inexorable.

E para vós, como soa o chirlomirlo do voso recuncho preferido? Está afinado en modo maior ou menor? En clave de Fa ou de Sol?

Sexa como sexa, senta e escoita con mimo, con paixón. Porque anda por aí flotando, invisible pero audible...

Queridíños, só vos desexo un 2022 cheo de chirlomirlos afinados en saúde, boas novas e cultura, moita cultura!

ELISARDO BARCALA



MAR

Reforzan o estudo da USC das patoloxías no cultivo de moluscos bivalvos en criadeiro

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) co obxectivo de afondar no coñecemento das patoloxías asociadas a protozoos ciliados que afectan aos moluscos bivalvos na súa produción en criadeiro, proceder á súa identificación e control e mellorar o éxito da produción de semente en criadeiro.

Esta acción, que se desenvolverá no marco dunha investigación xa en marcha no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Ribadeo sobre a adaptación da navalla e da ameixa babosa no seu paso do criadeiro ao medio natural, conta cun orzamento de preto de 40.000 euros a distribuír nas anualidades 2022 e 2023 coa finalidade de compensar os custos nos que incorre a USC para o desenvolvemento dos labores que inclúe esta colaboración.

Este traballo susténtase na coordinación histórica entre ambas partes e no saber facer do CIMA de Ribadeo no ámbito dos cultivos mariños así como na investigación



sobre patoloxías en acuicultura no caso da Universidade de Santiago. O obxecto do convenio é identificar os protozoos ciliados que infectan as larvas causando mortalidade dos moluscos bivalvos en criadeiro e establecer medidas de prevención e control -como a posible desinfección da auga- para favorecer unha mellora da produción.

O convenio de colaboración estará vixente ata o 31 de decembro de 2023 e poderá ampliarse de mutuo acordo. Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo creárase unha comisión de seguimento formada por dous membros da Consellería do Mar e outros dous da USC.

A OPP de Burela actualízase

Aínda que a anterior denominación Organización de Produtores Pesqueiros da provincia de Lugo, tal como se creou no ano 1986, facía referencia ao ámbito provincial, na práctica dos últimos dez anos a actividade da organización de produtores cífese fundamentalmente ás frota de “altura e grande altura” do porto de Burela. A entidade aprobou por unanimidade na súa Asemblea xeral extraordinaria do pasado mes de decembro este cambio de denominación a Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (Lugo), modificando o artigo 1º dos estatutos sociais, así como a renovación da marca comercial “OPP-7 BURELA” como identificador das súas campañas de promoción.

Esta organización de produtores é unha das máis antigas que se constituíron en España en 1986 con motivo da entrada na Comunidade Económica Europea e para a correcta implementación das políticas comúns de pesca.

Dentro do seu plan de produción e comercialización anual, que conta coa cofinanciación da Xunta de Ga-



licia e o Fondo Europeo e Marítimo da Pesca, inclúense numerosas campañas de promoción que desde a OPP-7 se lanzaron nos últimos anos, como a diferenciación da marca “Merluza de Burela” e outras accións divulgativas e publicitarias de ámbito nacional que identifican ás frota e ao porto de Burela como orixe de especies de primeira calidade como a pescada do pincho, cabala, peixe espada, tintorera ou bonito do norte, ademais doutras campañas de ámbito autonómico para promover outras especies variadas representativas de tódalas súas frota asociadas.

Convocadas as novas Xornadas Técnicas de Expomar do 2022

As Xornadas Técnicas e o Encontro Empresarial terán lugar os días 19 e 20 de maio. A Fundación Expomar, que contará cun orzamento de 80.000 euros en 2022, tentará recuperar a celebración de Produart.

Llano contou que “ontem tivemos unha reunión ordinaria do Padroado da Fundación Expomar para aprobar o plan de actuacións para o próximo ano. Para o 2022 non toca facer a feira exposición, pero si as xornadas técnicas e o encontro empresarial, que fixamos en principio para os días 19 e 20 de maio. O 19 serán as xornadas técnicas, que, segundo as necesidades e os temas que queiramos tratar, poderán ser pola mañá e pola tarde. E o día 20 temos previsto facer o encontro empresarial, que é fundamental para o sector náutico pesqueiro porque sempre se sacan conclusións importantes”.

O presidente da Fundación Expomar explicou que “tamén acordamos intentar facer unha nova edición de Produart, que é a feira de produtos artesanais e ecolóxicos.



Levamos moito tempo sen organizala e era moi importante e ademais coincidía coa Feira do Bonito e complementábanse perfectamente. Consideramos que hai que recuperala e queremos darlle unha nova dimensión, moito máis profesional, ecolóxica, diversa e atractiva. De feito xa estivemos durante este ano falando con moita xente para que asista o ano que vén á nova edición de Produart”.

Alfredo Llano sinalou que “ademais

comentamos que tiveron moi boa aceptación actividades que fixemos este ano a través de Expomar, como foi a última conferencia sobre nutrición e as bondades dos produtos do mar, que foi moi interesante e asistiu moita xente. Queremos seguir nesa liña e xa temos pensado facer mente sana in corpore sano aproveitando os produtos do mar”.

E engadiu que “tamén acordamos un orzamento duns 80.000 euros para este ano que vén.

Auguran un forte impacto para a economía galega co recorte das cotas de pesca de Bruxelas

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Mercedes Rodríguez, espuxo na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo do Parlamento de Galicia que as estimacións realizadas pola Consellería do Mar sobre os recortes nos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas no Cantábrico Noroeste e en augas de Francia aprobados no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea desta semana teñen un posible impacto na economía galega de máis de 16 millóns de euros.

Esta cifra -que se engade aos 26 millóns estimados nas rebaixas das posibilidades de pesca establecidas en 2020 para este ano que está a piques de rematar- inclúe as consecuencias no conxunto de actividades vencelladas co sector marítimo-pesqueiro galego, que ten incidencia dalgún xeito en 64 das 81 ramas de actividade económica existentes na comunidade.

A representante do Executivo galego explicou que o cálculo fai

referencia ao acordo xa pechado para as pesqueiras do Atlántico e do mar do Norte, sen incluír as augas compartidas co Reino Unido. Nestas últimas establecéronse para o primeiro trimestre de 2022 cotas provisorias e proporcionais correspondentes ao TAC existente este ano -o que dá estabilidade á actividade da frota- á espera de que se peche o acordo definitivo entre Bruxelas e o Goberno británico.

Mercedes Rodríguez detallou que a incidencia directa na frota pesqueira galega ascende a preto de sete millóns de euros, o equivalente aos ingresos que deixará de percibir pola primeira venda desas toneladas de captura que se perden. De feito, abundou, Galicia concentra o 63% do impacto das reducións das posibilidades pesca nos caladoiros do Cantábrico Noroeste, entre as que se inclúen o descenso do 8% na pescada de augas ibéricas, a caída do 19% no lirio ou os recortes do 7% na xarda e do 5% no linguado.

O PP pide medidas para frear a eliminación de axudas aos combustibles

O deputado do PP José Manuel Balseiro demandou no Parlamento galego que o Goberno de España promova accións dirixidas a frear a proposta da Comisión Europea para a modificación da Directiva sobre fiscalidade da enerxía que elimina as axudas aos combustibles do sector pesqueiro, namentres non haxa unha posición aprobada no seo da Organización Mundial do Comercio. Balseiro incidiu que tanto a Xunta como o PPdeG “estamos en contra de que se pretenda poñer fin ao gasóleo bonificado, polo que utilizaremos todos medios de presión ao noso alcance”.

Neste sentido, salientou que “a nosa frota está considerada exemplo de sustentabilidade e de pesca legal, regulada e declarada” e manifestou que eliminación destas exencións ao gasóleo pesqueiro sería unha ruína para moitas empresas, especialmente para a frota artesanal”.

“Non entendemos o cambio de opinión da Comisión Europea, que antes concordaba coa de Galicia; nin que o Goberno se pregue a esa posición e faga seguidismo dunha posición negativa para a frota”, sinalou.

Costas ultima proxectos para as dunas de Arealonga e Balea-Coto

O delegado do Goberno, José Miñones, destacou a aposta do Goberno pola conservación dos recursos paisaxísticos e medioambientais de Barreiros. O delegado do Goberno fixo estas declaracións logo de manter unha xuntanza de traballo coa alcaldesa, Ana Ermida, e o Goberno local de Barreiros, na que tamén participou a subdelegada do Goberno en Lugo.

José Miñones anunciou que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico está a ultimar a redacción de dous proxectos para facer melloras en praias deste municipio mariñán. Explicou que a Dirección Xeral para a Sostibilidade da Costa e o Mar ten previsto acometer dúas actuacións para realizar melloras na praia de Arealonga en San Miguel de Reinante e na praia de Balea-Coto.

“Con estas intervencións propoñémonos axudar á recuperación da gran riqueza natural que posúe o concello de Barreiros, que supón un gran atractivo tanto para os veciños



Miñones asinando o Libro de Honra no Concello de Barreiros

e veciñas como para os numerosos visitantes deste municipio”, subliñou Miñones. O delegado informou que a Dirección Xeral para a Sostibilidade da Costa e o Mar está a ultimar os proxectos de recuperación e protección do sistema dunar de Arealonga en San Miguel de Reinante e da praia da Balea-Coto.

Estas actuacións consistirán na recuperación dos ecosistemas das dúas

praias. Para iso está prevista a erradicación de especies invasoras que supoñen unha importante ameaza, como é o caso da herba da Pampa, e a posterior restauración de especies autóctonas. Posteriormente está prevista a execución de novos accesos e a mellora dos xa existentes. A actuación completárase coa realización de melloras nos edificios de uso público existentes na zona.

O Mar de Solidariedade doou pescada do pincho a 14 centros de maiores da Mariña

A Organización de Produtores Pescqueiros de Lugo e Armadores de Burela completan en fin de ano a súa acción social Mar de Solidariedade, na que, por cuarto ano consecutivo, doan Merluza do Pincho de Burela entre 14 centros de maiores da Mariña Lucense.

Co reparto de onte complétanse 838 racións entre 14 residencias, apartamentos tutelados ou vivendas comunitarias, situadas en Burela, Cervo, Foz, Mondoñedo, A Pontenova, Ribadeo, O Valadouro, Viveiro e Xove. Ao igual que en anos anteriores, o peixe xa se está distribuindo para gozar nas ceas de Fin de Ano ben en pezas enteiras ou xa cortadas en lombos, filetes ou toros, segundo demande cada centro.

Este Mar de Solidariedade do Porto de Burela consiste nunha dobre acción social, unha a nivel comarcal co xa tradicional reparto de peixe entre os centros de maiores



do norte de Lugo; e outra a nivel local dirixida ás familias máis necesitadas de Burela, que, a través de Mulleres en Igualdade Provincia de Lugo, xa recibiron pola Noiteboa e día de Nadal 470 racións de pesca do pincho.

En total con esta iniciativa o Porto de Burela reparte 1.308 racións de Merluza de Burela para chegar a un total de 1.142 persoas nun auténtico “Mar de Solidariedade”.

PASATEMPOS

Fácil

Difícil

Extremo

	8		5	2	6			7
					8	2	3	
	7		3					5
8	6		7			5		
7			4					8
4								3
					4			
3			2			7	4	9
5	4		9	3		6	8	

		8						
	5			3	2			
		6				4	5	
	4	5	6			2		
		7		5		9		3
			3	4			8	6
			8		3			
5		3	1		6		2	
2		9	4				6	

1				3		8		
			9				2	
			2		5		6	
		6	3					5
	8			9				
		7				1		
		5						
6	2	9	8					
		8		6		4		

SOLUCIÓNS

5	4	2	9	3	7	6	8	1
3	1	8	2	6	5	7	4	9
6	9	7	8	1	4	3	5	2
4	2	5	6	8	1	9	7	3
7	3	9	4	5	2	1	6	8
8	6	1	7	9	3	5	2	4
2	7	6	3	4	9	8	1	5
9	5	4	1	7	8	2	3	6
1	8	3	5	2	6	4	9	7

2	8	9	4	7	5	3	6	1
5	7	3	1	9	6	8	2	4
6	1	4	8	2	3	7	9	5
1	9	2	3	4	7	5	8	6
8	6	7	2	5	1	9	4	3
3	4	5	6	8	9	2	1	7
9	3	6	7	1	8	4	5	2
4	5	1	9	3	2	6	7	8
7	2	8	5	6	4	1	3	9

7	3	8	1	6	9	4	5	2
6	2	9	8	5	4	7	1	3
4	1	5	7	2	3	6	8	9
5	9	7	6	4	2	1	3	8
3	8	1	5	9	7	2	4	6
2	4	8	3	1	8	9	7	5
9	7	4	2	8	5	3	6	1
8	6	3	9	7	1	5	2	4
1	5	2	4	3	6	8	9	7

XEROGLÍFICOS

Terreo anegado



Terreo anegado: Pantanoso

XEROGLÍFICOS

Fácil

Difícil

Extremo

DEPORTES

“Espero que os primeiros socios sexan os que collan as rendas”

Manuel Eiras é presidente, corredor e adestrador do Club de Atletismo Ría de Foz

Cando comezou o Club de Atletismo Ría de Foz a súa actividade?

O Club naceu fai 6 anos coa necesidade de xuntarnos varios rapaces aos que nos apaixona este deporte. Á fronte atopámonos Ana, Marcos, Rosalía, Esmeralda e máis eu.

Cantos membros ten?

Actualmente contamos con arredor de 145 ou 150 socios divididos nas diferentes categorías e disciplinas que temos.

Como naceu este proxecto?

Este proxecto xurdiu para facilitarlle a toda a xente do Concello de Foz e da Mariña que tivera a opción de practicar deporte e medrar tanto personalmente como a nivel deportivo. Os nosos valores son o esforzo, o compañerismo ou o sacrificio por ribados resultados.

Contan con convenios con outros clubs?

Si. Actualmente temos convenio co Lucus Caixa Rural de Lugo e o club Atletismo de Burela é filial noso. Ademais este ano incorporamos ao Club Triatlón de Santiago aos nosos convenios de colaboracións.

Cales son estas disciplinas e categorías?

Contamos con todas as categorías dende prebenxamín ata veteranos. E dentro das disciplinas pois traba-

llamos outras disciplinas das que se compón o atletismo como son lanzamentos, saltos, velocidade, relevos, etc. Ademais, temos sección de trail running, cross, contamos con xente de duatlón e triatlón, e tamén facemos carreiras populares e campo a través.

Cales son as especialidades con máis éxito entre os membros?

Sobre todo medio fondo e fondo. Un 60% dos membros do club están na disciplina de fondo. As disciplinas de medio fondo van dende os 800 metros ata os 3.000, e a de fondo vai dende os 5.000 metros ata 42 quilómetros.

Canto tempo é necesario adicarlle aos adestramentos?

Os rapaces adestran tres días e os adultos como son unha sección máis popular e cada un sabe o que ten que facer, teñen dous días de adestramento presencial á semana e un planning mensual. Despois os atletas que xa compiten a nivel nacional xa contan con propios adestradores e outro tipo de adestramentos.

Cales son os requisitos para formar parte?

O requisito máis importante é ter ganas de pasalo ben e de facer deporte, isto é indispensable, porque unha das nosas máximas é que todos os nenos comecen sendo com-

pañeiros independentemente de onde veñan. Así, hoxe en día moitos de eses rapaces son amigos fóra do atletismo. Isto foi algo que sempre quixemos transmitir porque para nos a canteira é a base de todo.

Contan con instalacións suficientes para adestrar e competir?

En Foz adestramos no campo de fútbol de Malates que é de herba sintética e o do Cangas de Foz que é o noso principal sitio de adestramento. Para competir témonos que desprazar a outras localidades.

Teñen alguna reivindicación deportiva?

A máis importante é a de ter unas instalacións decentes para todos os clubs da Mariña, ese é un dos nosos principais obxectivos. Contar cunhas pistas ben diseadas e homologadas para que se poidan realizar campiónatos e para que todo o tecido atlético da Mariña disfrute delas.

Pero actualmente a Mariña non conta con pista?

Si, contamos coa que está en Cervo que é de cemento. E hai un proxecto novo para desenvolver nun futuro e que consistirá en melloralas, pero non é ningunha marabilla, xa que contará tan só con 6 rúas cando deberían ser 8 e non poderá albergar campiónatos de Galicia, non terá



A directiva do club, arriba, Ana e Marcos e, abaixo, Rosalía, Manuel e Esmeralda

zona de lanzamento específica, terá herba sintética no lugar de ser natural, nin outros menesteres. É dicir, as novas pistas valerán para adestrar pero non para competir.

Contan con axudas por parte das administracións?

A verdade é que non contamos con moitas axudas por esa banda. Neste ano comezamos a contar xa con algunha axuda da Xunta e da Deputación, non moita, pero algo sempre se agradece. E o Concello nestes anos non aportou moitos cartos ao club, pero si é certo que nos eventos que facemos si que contribúe moito, pero son cousas distintas, é dicir, colabora no Run Foz Run pero non no club propiamente aínda que parece que para o 2022 xa hai unha pequena partida para o club. Basicamente sobrevivimos coas cotas dos socios e os patrocinadores privados, é tamén os eventos que facemos pois son os que nos axudan a manter o club.

Cre que a sociedade está o suficientemente involucrada co atletismo?

Dende uns anos para aquí púxose de

moda o running pero si é certo que na Mariña sempre houbo tradición atlética e cremos que se xa saen atletas bos de aquí poderíamos facer cousas máis serias con instalación e axudas.

Cómo veremos ao club dentro dalgunos anos?

Hai una cousa que teño clara e é que espero que eu poida ser prescindible, é dicir, dedicarme a correr e a adestrar e que outro leve o temón. Eso significaría que todo vai ben e que se suma xente ao proxecto. Faríame moita ilusión que os nenos que comezaron ao principio desta aventura que foran os que colleran as rendas á fronte do club.

Algún consello para aqueles que queiran comezar no mundo do atletismo?

Que non teñan medo, que o atletismo no é so correr, sobre todo nas idades máis tempranas porque os nenos xogan e practican sen enterarse de que o están a facer. Pero o imporate é desfrutar do atletismo e do deporte en xeral.

Excelente participación na novena tirada de bolos de Xove

O club de Bolos Xove celebrou a novena tirada no centro social de Vilachá onde participaron 31 xogadores e que destacou pola excelente participación.

A victoria de Miguel López, segunda consecutiva, e o segundo posto na tirada de Daniel Alonso permítenlles na práctica achegarse ao liderato, que sigue encabezando Francisco Pérez con 66 puntos seguido de Daniel Alonso con 65 e Miguel López con 63. Por primeira vez na tempada o líder non puido puntuar, neste caso debido a que chegou moi mermado fisicamente. Espérase que o descanso de Nadal lle permita recuperarse para seguir competindo ao excelente nivel que mantivo ata o momento. Por detrás, na 4ª posición, Rafael González con 51 puntos, un pouco descolgado xa que nas últimas tiradas non estivo precisamente fino. Na Sénior Feminina Julia López conta

xa coa súa 4ª victoria consecutiva, que abriu unha importante brecha e agora ten un colchón de 21 puntos que lle van permitir afrontar a segunda volta con moita tranquilidade. Para o segundo posto atópanse as clásicas Belén Meitín e Carmen Roca, con ventaxa de 9 puntos da primeira. Por detrás Dolores Baño e Concepción Piñeiro inda terían posibilidades de acceder aos postos de cabeza (2º ou 3º), pero terán que mellorar moito.

No tocante a Sub 16 segue a guerra entre Xenxo Salgueiro, que non afloxa, e Christian Cociña, que sigue apretando. Só dous puntos os separan da clasificación e a segunda volta presumimos que ambos xogadores van manter unha loita cerrada polo título.

A próxima tirada vai celebrarse no Club Palmeiro en A Rigueira o sábado 15 de xaneiro de 2022.

As Escolas de Lourenzá conseguiron o bronce galego en alevín feminino

O equipo alevín feminino Maderas Barcia Lourenzá acadou o bronce autonómico por equipos en Expourense.

As artífices da xesta histórica comentaron ao final que “como a todas encántanos competir, o terceiro posto sóubonos a gloria. Pero ademais do resultado, o mellor é facelo coas miñas amigas pasámolo en grande!”, dixo Ángela Rodríguez despois de conseguir a sexta posición con 9,13 nos 60 metros lisos.

“Foi un día xenial, todos e todas puxemos o noso gran de area como equipo e foi o que nos levou ao 3º posto que ninguén llo esperaba. Tamén quero destacar que na miña proba fixen marca persoal, un día estupendo con moitas emocións”, engadiu Ma-



nuela Lastra competidora na disciplina de peso e que quedou 5ª con 9,13.

“Paseimo moi ben co equipo, foi o mellor campionato no que

competín”, dixo Cris Vázquez atleta da disciplina de altura que conseguiu o bronce con 1,25; “sentín emoción, momentos de nerviosismo, compañerismo pero un día do que quedan inesquecibles recordos..”, comunicou Aroa Ferreira trala proba de lonxitude onde acadou a 12ª praza.

Sara Otero, de 500 lisos e na 4ª posición, dixo “un día emocionante e marabilloso que sempre estará na miña memoria”; e Lidia Balseiro de 1000 metros lisos onde conseguiu o record con 3,17, rematou engadindo que “facer un récord galego e quedar terceiras por equipos, foi impresionante”.

Na categoría de relevos Cris, Sara, Lidia, Ángela conseguiron a primeira praza con 38,21.

O Club de Atletismo Ría de Foz domina o II Cross Os Castros



Podio por equipos. Foto: José Ángel Nino

O Club de Atletismo Ría de Foz en colaboración coa Run Foz Run, organizou o II Cross Os Castros, nas inmediacións do Centro Cívico de Cangas de Foz.

Ás 11.00 horas deron comezo as probas pertencentes ao Cross en idade escolar, que se enmarcan dentro do programa Xogade, para as categorías benxamín, alevín, infantil e cadete. Este evento reuniu a todos os clubs, entidades e centros escolares da comarca da Mariña, que afrontaban, así, a súa primeira preparatoria.

Destacaron os resultados obtidos polos atletas do Ría de Foz, o 1º posto pde alevín feminino foi para Amelia Carrillo e o 2º para Amina Bouyzar; en alevín masculino o 1º foi

para Miguel Diz e o 2º para Adrián Villapol; en infantil feminino destacou o 2º posto de Marina García e o 3º de Alba Iravedra. Xa en cadetes, o 1º posto feminino foi de Elena Pumares e o 3º para Marta Villar, e en masculino Xabi Rodríguez chegou o 1º posto.

Paralelamente á primeira preparatoria do Xogade, o Club organizaba a segunda edición do Cross os Castros. cun claro dominio dos atletas do Ría de Foz. Na absoluta feminina, o 1º posto foi para Carla Trillo; e en masculina o 2º posto de Óscar Buján e o 3º para Simón Río. En equipos mixtos o Ría de Foz acadou a 1ª posición, en equipos femininos as tres primeiras e en masculinas o 2º e 3º posto.

Os Troitas Bravas fanse co Aberto do Galo de Ribadeo

Por mor da auga que anegou o campo de Outeiro na Devesa, a cuarta xornada da LNB NorLeste tivo que adiarse unha semana.

Así pois o XIV Aberto do Galo celebrouse aproveitando que o tempo deu un pouco de respiro cun día de sol espléndido.

Malia que o troque de data sempre trae algunha complicación, a participación foi boa acadando un total de 68 palanadores (49 homes, 16 donas e 3 cativos).

O ter catro campos de xogo simultáneos, a xornada fuxiu a fume de carozo. “Cando nos dimos conta xa tiñamos acabado e malia que xa non había auga no campo os Troitas Bravas nadaron máis bravas ca nunca e gañaron con 82 puntos por diante de Billardeiros Musicais (81) e de Chainzos Cadaval (74)”, explicaron. Por outra banda, tiveron que loitalo duramente pois o nivel dos palanadores cada volta é máis alto e un golpe mellor ou peor dado pode chimparte o podio ou deixarte a velas vir.

Tanto é así que os catro mellores da xornada só se distanciaron nun punto. Dous con 23 e outros dous con 22. Javier (Chainzos-Cadaval) gañou a Toño (Troitas Bravas) as dúas carreiras polo primeiro pos-



Xogada da última competición

to e Basilio (Billardeiros Musicais) a súa vez tamén gañou as dúas carreiras a Gándara (Filloas de Sanguie) acadando o terceiro posto. En donas Aroa e Geni (Billardeiros Musicais) deixaron como terceira a Vivi (Chainzos-Cadaval) e en infantís repetiu Aroa por diante do seu compañeiro Xoel e de Roi (Troitas Bravas). Os poderosos brazos de Charli, Sachas, Basilio, Bonxe, Félix, entre outros, zoupáron con forza nas billardas, mais como era de esperar non houbo varados. Remataron coa entrega de agasallos.

A liga regular retómase en xaneiro co Aberto da Pita de Mos en Castro de Ribeiras de Lea.

En marcha de novo, o Circuito de carreiras +Kms Barreiros

O Concello de Barreiros pon en marcha o Circuito de carreiras +Kms Barreiros, nel participan as entidades que organizan as distintas carreiras que se celebran en Barreiros. A Carreira de Reis, Terra Mar, Ao son do Masma, Trail Comado. ½ Vertical e Carreira das Praias conforman o evento.

Conta cun sistema de puntuación sinxelo no que se valorará a regularidade e cada carreira contará co seu propio espazo web dentro dunha web do circuito na que se poderá consultar o regulamento.

Para puntuar será necesario realizar como mínimo 4 das 6 probas que compoñen o circuito e ao inscribirse nunha das dúas primeiras carreiras xa se inscribe automaticamente.

A primeira das probas, foi a Carreira Popular Solidaria de Reis que organizou o Concello de Barreiros en colaboración, nesta edición, coa Asociación Deportiva Augas Santas. O 30% do recadado nas inscricións será doado à Fundación Xesús Bal y Gay para o seu proxecto socioeducativo Sinfónico no Rural que desenvolve en Barreiros durante este curso. A proba tamén contou cunha andaina de 5 ou 10 Kms na cal a inscrición tamén se destinará a fins socioeducativos.

A inscrición para o circuito está aberta en championchipnorte.com.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TELÉFONOS DE INTERESE

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

redaccion@amarinaxa.com

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amarinaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

A Pontenova: Ruta das Reigadas

A ruta comeza na aldea pontenovesa de Barreiros, na parroquia de Bogo, situada a uns 26 quilómetros do núcleo urbano, polo que, haberá que contar con algún medio de transporte para poder comezala. Así, partindo do núcleo urbano da Pontenova, débese coller a estrada en dirección A Fonsagrada (LU-704), pasarase polos pobos de Vilaoudriz, Aldeguer (a partir deste punto a estrada pasa a ser provincial CP-1904), Cerdeiral, Sanxés e, a 20,8 quilómetros poderase ver o cruce coa CP-5404 onde haberá que coller dirección cara A Fonsagrada. Sen deixar a CP-5404 percorreran-se uns 4,5 quilómetros ata chegar a Zarro de Pedro. Ao chegar a ese punto, xirarase a man dereita tal e como amosa o indicador da aldea de Barreiros alí situado. Unha vez en Barreiros, para chegar ao punto de comezo débese rodear a pequena capela deixándoa á esquerda. A uns 100 metros atoparase un panel informativo. Esta ruta lineal que discorre por camiños denominados “de pescadores”, atópase ubicada dentro da área de Río Eo, Ocos e Terras de Burón, declarada Reserva da Biosfera pola Unesco en 2007 e incluída dentro do LIC Carballido. O seu percorrido discorre seguindo o curso do río Reigadas e algún dos seus numerosos afluentes coma o Bounote, adentrándose no corazón da Fraga de As Reigadas, un dos máis importantes e mellor conservados montes atlánticos de Europa, no que predomina o carballo e o castiñeiro, pero no que tamén destacan pola súa rareza o olmo de monte, o teixo ou o serbal dos cazadores.

A ruta remata na antiga Ferreiría de Bogo, tamén coñecida como Ferreiría de Vilaboa, fundada no ano 1534 polo fidalgo Pedro de Miranda. Está situada á beira do río Reigadas de onde obtiña a forza hidráulica para mover os foles e o mazo, en pleno corazón da Fraga das Reigadas e de cuxa masa forestal obtiña o carbón vexetal necesario para poder reducir o mineral de ferro e moi próxima aos xacementos de ferro coñecidos como As Veneiras, de onde se comenta, extraeuse a maior parte do mineral de ferro que empregou como materia prima. Este conxunto etnográfico abarca: un pequeno encoro cunha ferverza e a canle de alimentación para desviar a auga do río cara o banzado, a fragua con mazo e foles e unha pequena central eléctrica. Existe documentación sobre unha ferrería máis pequena e antiga situada no mesmo lugar onde se sitúa a actual e da que non se conserva ningún vestixio. Na documentación do Catastro de Ensenada, mediados do século XVIII, constan dous mazos situados no lugar de Machuco, moi próximos á ferrería de e dos cales aínda se poden observar as ruínas dun deles.

DATOS

2 h 50 min.

8,1 quilómetros

Dificultade
fácil-media



ESTUFA DE PELLET DESDE

¡960 € IVA INCLUÍDO!

Catálogo de estufas de pellet en stock de Ravelli y Eoss

ESTABLECIMIENTOS

REY

establecimientosrey.es

Felices Fiestas con calor

E OSS